

## González Formoso presenta ante os militantes o seu equipo político

O novo líder dos socialistas galegos asumiu o cargo coa "responsabilidade de volver situar ao PSdeG no lugar que merece, que é á fronte do Goberno da Xunta de Galicia". Destacou que "Galicia necesita mais Galicia, mais PSdeG" para superar a falta de ambición tras doce anos de PP na Xunta. Apuntou unha liña política "propositiva, construtiva, capaz de ler as prioridades dos veciños, que sexa un instrumento útil á cidadanía, merecedor da confianza dos galegos". Apostou por "xerar ilusión" a partir dos 111 alcaldes e dos case 1.000 concelleiros socialistas dos gobernos e oposicións. **Pax. 11**

## Chega a maxia do Nadal

A Chaira prepárase para a chegada das festas coas actividades e programas case rematados e supeditados á evolución da covid e ás restricións



Chega decembro e con el unha das tempadas máis tradicionais, nas que se engalanan todas as cidades e as rúas con alumeados do máis diverso. Esta época tamén conta con estensas e variadas actividades para nenos e maiores, así como a tradicional Cabalgata de Reis, que visitará varias das vilas chairregas. En todos os concellos haberá concertos, contacontos ou chocolatadas para facer desta época de inverno o máis divertida posible. Todas estas actividades quedarán supeditadas ao que suceda coa evolución da pandemia, que na Chaira ten unha presenza controlada.

**vilalba.** 183 negocios solicitaron as axudas municipais da covid. **Pax. 6**

**as pontes.** O Concello está inmerso en obras de mellora. **Pax. 10**

**friol.** Rematan as obras da pista de tenis e a urbanización do Camiño Real. **Pax. 15**

**guitiriz.** A ARI para Os Vilares e O Buriz xa conta con financiamento. **Pax. 18**

**muras.** Acaban as obras de saneamento e dos puntos de recarga eléctrica. **Pax. 21**

**castro de rei.** Invisten en rematar as beirarrúas de Castro Ribeiras. **Pax. 22**

**abadín.** O Concello inviste a sinalización turística do termo. **Pax. 29**

## Mulleres de Pol con historia



Mulleres Rurais Olvido conta con 90 socias. **Pax. 16**

## BTTeiros A cova da Serpe de Guitiriz



Este deporte reúne distintas disciplinas. **Pax. 27**

## O rugby aséntase en Vilalba



En marcha o Capóns Vilalba Rugby Club. **Pax. 36**

## O Pleno aproba un orzamento de 100 millóns de euros

O Pleno da Deputación aprobou o orzamento para o vindeiro ano 2022, uns presupostos pensados para seguir mellorando e ampliando os servizos públicos, sobre todo no rural, e continuar apoiando

a recuperación económica da provincia en colaboración cos concellos e co tecido social e económico. Para elo reforzaron as catro grandes liñas de actuacións marcadas dende o inicio do mandato. **Pax. 32**

Este Nadal axudámoslle aos Reis!

A segunda lente de agasallo!

**NOVALUX**  
óptica & centro auditivo

VILALBA  
Tel. 982 510 100

AS PONTES  
Tel. 981 451 504

\*OFERTA NON ACUMULABLE A OUTRAS PROMOCIÓNIS



# Vilalba prepárase para o Nadal

Vilalba prepárase para vivir un Nadal que poda resarcirse do anterior, no que a covid arrefriou a celebración. Así, a veciñanza conta cun programa variado no que o prato forte é a Feira do Capón, que se recupera tras a suspensión no 2020.

**FEIRA DO CAPÓN.** É o pistoletazo de saída para o Nadal e un emblema de Vilalba cunha importante repercusión nacional e internacional e que este ano, como diferenciación contará con todas as medidas e protocolos covid-19 vixentes.

Este ano a feira abrirá as súas portas ás 09.30 horas, coa presenza da maior parte dos 38 criadores censados e con boa parte dos case 1.250 exemplares que están criando.

Ademais de poder mercar os capóns, os asistentes poderán disfrutar dunha demostración de como se cociña e degustalos gratuítemente. Na feira haberá ademais outros produtos típicos da zona e a música tradicional chegará da man de Cerna de Árbol, unha agrupación formada polos veciños da Asociación Cultural e Deportiva de Arbol.

Non faltarán os tradicionais premios aos criadores (mellor criador, mellor cesta, mellor par, maior número de exemplares á feira e o premio especial, que como sempre será segredo ata ese día), que se entregarán ás 11.00 horas nun acto presentado por Fran Cañotas.

Tamén se fará entrega do premio ao pequeno gañador do I concurso infantil de deseño do cartel do capón para o ano 2022. Outra novidade será o sorteo entre todos os asistentes á feira dos dous capóns gañados do premio ao mellor par.



**PROGRAMACIÓN CULTURAL.** O acto de acendido das luces e a inauguración do poboado de Nadal abriron os actos que se desenvolveron durante todo o mes de decembro e nos que figuraron un concerto de corais, a proxección da película *Outros Camiños* e a obra de teatro *O Charco de Ulises*.

O día 18 chegará a quenda do musi-

cal Naviland e o 21 a tradicional Feira do Capón na praza da Constitución, con showcooking e postos con outros produtos da zona.

O día 24, Papá Noel será o protagonista dun pasarrúas, o 27 de decembro o Ballet Nacional de Moldavia trae a Vilalba *O Lago dos Cisnes* e o día 31 celebrarase a V Carreira-Andaina de San Silvestre. O 5 de



xaneiro, a Cabalgata de Reis fará un percorrido polo casco urbano e as parroquias, como o ano pasado, e o 7 de xuño o auditorio acollerá *The Magicians*, un show de maxia.

**COMERCIO.** A Asociación de Empresarios Sete Pontes tamén lanzou a súa Campaña de Nadal Merca e Gaña no Comercio Local de Vilalba.

Esta comezou o 9 de decembro e durará ata o 5 de xaneiro. Sortearanse 2000 euros en catro vales de 500 euros entre os comparadores do comercio local.

Para participar é necesario selar 5 casillas en cinco establecementos participantes diferentes e realizar unha compra mínima de 10 euros.

O sorteo terá lugar o 12 de xaneiro. Poderán participar todos aqueles tickets que fixeran a compra entre esas datas.

**DECORACIÓN DE CASAS.** Vilalba estreou este ano un concurso de decoración de casas, fachadas e balcóns de Nadal co obxectivo de crear un ambiente festivo nas rúas do municipio no Nadal, embelecendo as rúas e facendo partícipe á cidadanía.

A participación neste concurso está aberta a todas aquelas vivendas, tanto do casco urbano como do rural de Vilalba. Unicamente se permitirá unha participación por vivenda e persoa maior de idade.

As decoracións estarán relacionadas coa temática de Nadal, debendo estar visibles desde a rúa entre o 21 de decembro de 2021 e o 6 de xaneiro de 2022. Concretamente, valorarase a decoración de vivendas nas fachadas, xardíns, balcóns e xanelas. As visitas do xurado ás vivendas participantes faranse en calquera momento durante o período citado, sen previo aviso.

Os criterios de valoración, puntuados cada un entre 0 e 5 puntos, serán a orixinalidade e complexidade, a artesanía, o deseño, a decoración con material reciclado e a iluminación.

Premiaranse as tres mellores deco-

## O CEIP Terra Chá, con programa e campamento

O CEIP Terra Chá celebrou o Nadal de forma estensa cun programa que se iniciou o 13 coa inauguración do alumeadado e chega ata o último día de clase. Visitounos o Apalpador, caracterización de Anxo Moure, tiveron unha xornada de simulacros e xogos para aprender a actuar en situacións e emerxencia, visitounos a presentadora da televisión Noelia Rey e visitaron o Belén da igrexa de Román e ao seu Belén.

Tamén haberá actividades de Nadal o luns 20 cunha visita a un Belén de tamaño real e a proxección da película *Encanto*. Tamén será o día no que se celebrará un xantar.

O martes 21 será o último día de actividades cunha cabalgata de Papá Noel e as badaladas de fin de ano a cargo de Lucía Rodríguez, tamén presentadora de televisión. Rematarán cun chocolate con churros. O CEIP Terra Chá de Vilalba celebra-

rá o primeiro campamento de Nadal, que se desenvolverá entre os días 22 de decembro e 7 de xaneiro incluídos en horario de mañá entre as 10.00 e as 14.00 horas.

Este campamento consistirá na realización de actividades no centro escolar, entre as que figuran bingo, xinkanas, bailes, panxoliñas, traballos manuais, visita de Papá Noel, festa de Nadal, cociña, excursións, cine, etc.

Loterías Alcázar desexavos a todos Boas Festas e o máis importante: Boa Saúde.

Da sorte xa nos encargamos nos.

A sorte está en

# Loterías Alcázar

Administración de loterías dende 1927

17 GRANDES PREMIOS NOS ÚLTIMOS 20 ANOS!  
GORDO DE NADAL DE 2017 e 2018  
TERCEIRO PREMIO NADAL 2019

Rúa da Pravia, 18 - Vilalba 982 510 060

BUSCAS INTERNET DE ALTA VELOCIDADE EN VILALBA?

its

INTERNET. FIXO. MÓBIL E TV. DENDE GALICIA PARA GALICIA

www.its.gal | 982 093 000





racións, cun premio de 200 euros para o primeiro clasificado, un de 150 euros para o segundo e outro 100 euros para o terceiro. Ademais, premiarase con 50 euros á decoración que logre máis "me gusta" ou "me encanta" en Facebook ata o 6 de xaneiro de 2022, un premio compatible co resto de galardóns.

**CONCURSO DE ESCAPARATES.** Tamén foi convocado o III Concurso de Escaparates de Nadal en Vilalba, deseñado co obxectivo de promover e dar visibilidade aos negocios da localidade creando un ambiente propio das Festas do Nadal.

Poderán participar no concurso todos aqueles locais comerciais situados na localidade de Vilalba, independentemente do produto que oferten ao consumidor.

Os comercios deberán decorarse con motivos propios das Festas do Nadal, en combinación cos produtos do establecemento. Os escaparates deberán permanecer decorados entre o 13 de decembro e o 6 de xaneiro. O xurado do certame poderá facer visitas sen previo aviso, polo que cómpre que os locais manteñan a decoración e a iluminación en todo ese período.

O xurado determinará os tres mellores escaparates, recibindo un premio de 600 euros no caso do primeiro clasificado, de 400 euros no caso do segundo e de 300 euros para o terceiro. Ademais, concederá un



premio de 100 euros para o escaparate máis votado nas redes sociais, compatible co resto de premios.

**CENTRO CULTURAL.** O Centro Cultural e Recreativo de Vilalba conta este nadal cunha serie de concertos que darán comezo o día 18 con entrada de balde co obxectivo de conmemorar os 40 anos da inauguración do edificio, localizado ao carón da casa da casa consistorial.

O primeiro terá lugar o sábado 18 de decembro, ás 22.30 horas, e estará a cargo do grupo rock vasco Yao! Continuará o programa o 23 co sorteo dunha cesta de Nadal con caviar galego, roscón de Vilalba e queixo de San Simón. Cita que será ás 20.30 horas.

A Esmuvi (Escola de Música de Vilalba) subirá ao escenario o día 29, ás 20.00 horas, para ofrecer un recital inspirado nestas datas.

Completarase a programación cunha festa infantil, o día 30, de 16.00 a 19.00 horas; e outra de fin de ano ás 1.30, amenizada polo dúo Venus e que incluírá cotillón e chocolate con churros.

**ÁRBOL.** A parroquia vilalbesa de Árbol celebrará este sábado, 18 de decembro, unha festa de Nadal na Escola do Santo. Papá Noel visitará San Lorenzo e ás 17.00 horas terá lugar a actuación do Mago Fon.

Ademais, haberá chocolate con biscoito gratis para os asistentes e a sesión estará amenizada por Cerna.

## “Esperamos que Avimós forme parte da IXP Capón de Vilalba”

Francisco Monasterio fai o balance anual da asociación de produtores desta raza

**Que valoración fai deste último ano?**

Pois este ano para a asociación tivo momentos bos, como foi a aprobación por parte do Ministerio do Regulamento das salas de matanza domiciliarias. Foi algo que nos colleu algo de sorpresa despois de levar tantos anos loitando. Saíu rápido e foi bo pero agora estamos pendentes da Xunta para que aprobe un borrador que serva de guía de boas prácticas que nos permita montar as nosas salas de matanzas co menor número de requisitos posible. Nós non necesitamos grandes salas de matanza para matar 400 galos ao ano, ten que ser unha cousa moi simple para que nos poda ser rendible. Presentamos este borrador á Xunta e estamos pendentes do seu consentimento, así como do de Sanidade. Esa é a parte boa, porque con estas salas xa temos o ciclo pechado, podemos criar, darnos de alta no Rega, vender ovos, establecer salas de marcaxe de ovos para facer o traballo e ao final temos o tema das salas polo que calquera criador de Avimós ten cubertas todas as fases. A outros niveis pois bueno, comparado co ano anterior foi mellor pero segue sendo moi frouxo. Nós dependemos da hostalaría e a hostalaría ao estar como está estamos un pouco no aire. Agora de cara ao Nadal parece que se está movendo, estanse recuperando as vendas de fai tres anos e temos que ver se isto segue polo bo cauce.

**Entendo entón que para vós a covid foi un paso atrás.**

A covid foi un tema duro. Só puídemos facer algo este ano en Silleda, que ao final houbo feira e logo tivemos tamén unha mostra en San Froilán en Lugo, pero logo todo estivo



Francisco Monasterio

parado, coas vendas paradas. Esperamos que este ano que empeza nos colla con menos problemas ao estar a maioría da xente como estamos vacinados xa coa terceira dose e poder seguir. A nivel de vendas foi malo.

**Quere isto dicir que hai menos xente orientada á recuperación?**

Non, non. O que fixemos foi poñer nos en stand by, non producir para evitar o gasto pero seguimos tendo un nivel constante de produtores, pasa como en todo os lados, vanse uns e veñen outros pero mantemos en avicultura artesá entre 250 e 270 criadores e de autoconsumo podemos chegar aos 700. Logo habería que añadir todos aqueles que non están dentro de Avimós, pero resulta imposible contalos.

**Segue a ser unha raza moi apreciada tanto en Galicia como fóra?**

Temos que estar contentos porque a nosa raza segue sendo a nivel de Galicia a única raza autóctona que hai e a nivel España, a autóctona en perigo de extinción que máis animais ten. Está moi considerada fóra de Galicia, de feito estes últimos anos estase mandando moito produto para fóra de Galicia, para toda a pe-

nínsula Ibérica.

**O seu produto estrela cal sería?**

O noso produto estrela é o ovo pero o galo funciona tamén moi ben. Despois non temos un mercado propio de galiña xa que obtémola cando temos que cambiar o galo, cando a produción de ovo non rende buscámoslle outra saída. Cada vez máis xente atopa neste sector unha fonte de ingresos que lle permite vivir desto non ao cen por cento pero si obter unha axuda importante. Temos xente que está ofrecendo e traballando en alternativas innovadoras como xente que despiece, os que se dedican só a ovos ou só a carne e outras alternativas. Vivir non se pode vivir só con 400 galos e 100 galiñas pero tes unha importante axuda para terminar da túa economía.

**Que outros obxectivos teñen de cara ao futuro?**

Mentres que non teñamos decidido plenamente o plan de matanzas domiciliarias seguimos na mesma liña, intentar que cada vez haxa máis criadores, participar no maior número de feiras e mercados posible, facer monográficos e seguir promocionando a raza. Pero finalizado o ciclo de matanzas non temos máis necesidades urxentes polo momento.

**E respecto ao capón de Vilalba?**

En Vilalba estamos intentado que a IXP de Capón de Vilalba saia para adiante onde intentamos consolidar o noso produto, a raza galiña de Mos, como unha parte importante da IXP Capón de Vilalba. De feito, cando saia o distintivo penso que se vai modificar todo o que é o capón, haberá un antes e un despois e esperemos que Avimós como raza autóctona, que é importante para unha IXP, teña unha parte importante nela.

LUGO | FERROL | AS PONTES | NARON | ORTIGUEIRA  
Avda. de Galicia, 49 · As Pontes (A CORUÑA) · Tel. 981 452 270  
www.opticaliacallao.com



## EN BREVE

**ZUMBA.** A Asociación Cultural e Deportiva de Árbol organiza novas actividades para este tempo de inverno. Así, este ano haberá clases de zumba todos os luns, ás 21.00 horas. Ademais, tamén se impartirán clases de baile de salón os martes ás 22.00 horas. Os grupos serán limitados polo que haberá que inscribirse con antelación con Bea no 617 626 003 ou Paula no 655 582 171. Para estas dúas actividades tamén será obrigada o uso de máscara.

**BIBLIOTECA.** A Biblioteca Municipal de Vilalba comezou cunha iniciativa para dar a coñecer os servizos que se prestan deste espazo público nos distintos centros de ensino do municipio. O obxectivo principal desta campaña é fomentar o uso do carné para as entidades e tamén para o alumnado, achegando a biblioteca ás máis pequenas e pequenos co fin de motivar a lectura desde a infancia. O Ceip Monseivane xa conta cun carné de socio co que poderá pedir en préstamo ata 30 libros.

## O Pleno aproba dedicar un parque a Rosalía de Castro

A iniciativa do lescha para que o parque situado entre as rúas Calvario e Rouco Varela leve o nome de Rosalía de Castro foi aprobado no Pleno de onte cos votos a favor de Vilalba Aberta e PSOE e a abstención do PP, que asegurou que non está de acordo coa denominación de espazos públicos con nomes de persoeiros. O voto conxunto tamén se aplicou para a aprobación da nova ordenanza sobre tráfico presentada polo equipo de Goberno. Esta ordenanza sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial pode consultarse durante o próximo mes no Concello e presentar alegacións.

A adhesión á Rede de Cidades que Camiñan tamén viu a abstención dos populares mentres que si houbo unanimidade sobre o Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sustentable e a incorporación de Eduar-

do Vidal aos consellos escolares. Ademais de preguntar sobre o Plan de Mobilidade, Vilalba Aberta defendeu diante dos grupos con representación municipal a sinalización e trazado no ámbito urbano dun carril bici ou senda ciclista a puntos estratéxicos, como a zona dos centros educativos, a zona de lecer da Praia Fluvial, piscina ou a pista de tenis.

No relativo á política de vivenda (unha cuestión sempre esquecida no Pleno Municipal), Vilalba Aberta puxo o foco na problemática que se deriva da grande cantidade de vivenda baleira en mans de entidades financeiras.

Así mesmo pediu que se proceda á progresiva corrección do desequilibrio por sexos no rúeiro apuntando nomes como Concha da Reina, Sara Jato, ou mesmo a oficialidade do nome Praza das Mulleres.

## Constrúen un pozo no CEIP Terra Chá para paliar os problemas do subministro



A Xunta construíu un pozo de abastecemento de auga no centro educativo CEIP Terra Chá. Trátase dunha construción de pozo duns 200 metros de profundidade (4 veces máis que os dous actuais que ten o centro), bomba de auga e canalización de auga ata o centro educativo. O pozo fíxose no recinto escolar. Esta nova instalación faise para intentar paliar os problemas de subministro de auga. Segundo indican dende o centro, "aínda que o abastecemento de auga non é competencia da Consellería de Educación,

senón do Concello, a Xunta decide actuar, debido a problemática que ven arrastrando o centro educativo de anos anteriores, e debido a que o Concello limitase a poñer parches á problemática, como a instalación dunha bomba nova o pasado mes nun dos pozos".

Explican que neste último arranxo o pozo aos poucos días non volveu abastecer de auga. "Ante esta situación, a Consellería de Educación, Xefatura Territorial e dirección do centro educativo, deciden ataxar o problema de raíz", di o director.

## Rematan a humanización das Pedreiras

O Concello de Vilalba recepciónou as obras de renovación da rúa das Pedreiras e a súa rede de servizos básicos, unha actuación integral que servirá para mellorar a vida dos veciños e veciñas, xa que aumentará de forma considerable a superficie e a seguridade peonil.

A reforma das Pedreiras reflicte un novo concepto de entender o urbanismo, cunha plataforma única e beirarrúas máis anchas, sobre todo na zona máis próximo ao auditorio, dándolle máis protagonismo ás persoas nunha rúa que está a uns minutos andando do centro de Vilalba. O concello fixo ademais unha nova rede de abastecemento, un sistema



de saneamento separativo (pluviais e fecais) e seccións soterradas para as redes de telecomunicacións. Como novidade, destacar que dos case 3.000 metros cuadrados da intervención, un 10% son pavimentos

permeables, que permiten a infiltración directa das augas de pluviais, reducindo a necesidade de depuración de augas. A rúa das Pedreiras incorpora tecnoloxía LED de baixo consumo e novo mobiliario.



**GRAFFITI.** O Concello de Vilalba vén de inaugurar un novo mural artístico nunha das fachadas da casa do Concello, na rúa Carmiña Prieto Rouco. Este mural é obra do artista urbano Pablo Lage Sanjurjo (Van-Kraf), que conta con máis de 20 anos de traxectoria na pintura con spray e nesta cultura artística. Este artista naceu en Lugo, onde continúa residindo malia que ten unha estreita relación coa súa vila materna, Vilalba. O mural que vén de pintar na Casa do Concello ten 12 metros de alto. Nesta obra o artista traballa nun novo concepto, no que mestura deseño gráfico, ilustración influenciada por tatuaxes "old school" e vistosas vidreiras.

**CARTA MENÚ DO DÍA BANQUETES**

**CASA MARAGATA**  
FUNDADA 1894

**CASA MARAGATA**  
PENSIÓN + RESTAURANTE

**TORRE - VILALBA Tel.: 982 511 201**

**MOBELRIAS**

**BO NADAL E PRÓSPERO ANO 2022**

**PLAmoble** Avda. Terra Cha, 35-37 - Vilalba



# “Ver contenta tanta xente coñecida é moi emocionante”

Loterías Alcázar, desde 1927 xerando e cumprindo soños

Nos días de máis apuro do ano, as datas previas a celebración do Sorteo de Nadal, entrevistamos a Carmen Rouco e a Pilar Rodríguez, traballadoras da Administración de Loterías Alcázar, entidade xerenciada por Daniel Formoso Vérez, neto do fundador e situada na céntrica rúa da Pravia de Vilalba.

Elas son a cara máis visible da administración pois, adoitan estar detrás da ventá dende a que se atende ao público, unha delas incorporouse fai un ano, namentres a outra compañeira, Carmen, con máis de 10 anos de antigüidade, estivo presente aquel 22 de decembro de 2017 cando Loterías Alcázar repartía máis de 500 millóns de euros do primeiro premio do Sorteo de Nadal.

**Cantas persoas pasan pola administración cada día?**

Non temos a conta pero estes días poderíamos afirmar cremos que sen equivocarnos que máis de 500. É un goteo constante, de feito moitas veces temos colas de xente para mercar a lotería.

**É decembro o mes con máis actividade para unha administración de lotería?**

No noso caso seguro que si, as vendas da Lotería de Nadal son con diferenza o momento de maior movemento. Non temos os datos exactos pero igual pode aportar preto do 50% da facturación anual.

**Cambiou moito a forma de comprar debido á covid?**

O ano pasado notámolo moito, sobre todo porque cadrou que se cerrara perimetralmente Vilalba en decembro e iso xunto con unha menor mobilidade en xeral durante todo o 2020 fixo que fora un ano malo, pero houbo sectores moito máis afectados e incluso aínda lles afecta na actualidade. Pensamos que este ano xa está nunha situación de normalidade no referido ao volume de vendas. Vemos que a xente volve a saír e pensamos que será un ano bo para nós.

**E vostedes como vendedoras, teñen preferencia por algún sorteo?**

Este de Nadal para nós é especial, ten unha diferenza moi grande fronte a outros sorteos, a xente regala participaci3ns para este evento, quizais sexa o que a fai especial. E non só a regala a familia, tamén

se regala a amigos, compañeiros de emprego, o feito de poder compartila e o que a fai diferente. Outros sorteos coma o do Neno tamén se regala pero en menor medida, sobre todo entre familiar e sobre todo de av3s a nenos, pero non ten comparaci3n co do 22 de decembro.

**De onde ven a xente mercar?**

De toda Galicia por suposto, de Asturias por proximidade, e este ano tivemos moitos env3os as Illas, tanto as Canarias como aínda en maior medida as Baleares, e despois moitas vendas para o sur, zona de Andalucía sobre todo. Por vinculaci3n familiar e migratoria Cataluña e Pa3 Vasco son tamén dous puntos para os que normalmente marcha moita lotería.

**Normalmente a xente compra números aleatorios, ou busca algo co que se vincula de forma emocional?**

Temos de todo, xeralmente escollen un número que ten que ver con algo da súa vida, é moi común escoller a data de nacemento dos fillos por exemplo, outros collen un fixo, a outros tanto lles ten uns números



Carmen Rouco e Pilar Rodríguez, na administración de Lotería Alcázar

ca outros e finalmente están os que prefiren que escollas ti o que leven porque din que das sorte. Este ano, como curiosidade, a xente pide a data na que se iniciou a erupci3n do volcán da illa de La Palma.

**Como recordan a experiencia de dar un primeiro premio a tanta xente coma o de aquel ano?**

Mira, cada vez que penso naquel momento, emoci3nome. De verdade, ver contenta tanta xente coñecida é algo que me fai emocionar. Que fora o primeiro premio é algo excepcional, pero que encima case vendéramos o número íntegro, son moitos centos de persoas, moitas delas coñecidas as que se beneficiaron. O deito de que afectara a tanta xente foi algo impresionante.

**Ata onde chegaran daquela os décimos vendidos en Loterías Alcázar?**

Aquí na zona quedaron moitos, pero tamén chegaron a Cataluña e País Vasco por aquilo de que hai moita xente con familia al3, a Andalucía porque unha nai comprara a data de nacemento de seu fillo, e incluso temos constancia de que chegou a China.

**Como se vive nunha administración de loterías ese sorteo de Nadal?**

Pois con moita calma, é un día de vendas moi frouxo, pola mañá case non entran clientes, está a xente máis pendente do sorteo.

**Que lle piden ao 2022?**

Pois o primeiro saúde, e se despois podemos repartir alegrías pois mellor, que a verdade e que xa levamos un tempo recibindo malas novas co da covid. Alegraríanos volver repartir algún premio importante, pero o dito, ante todo saúde.

## RAZA GALIÑA DE MOS, A AUTÉNTICA!!!





## Comezan as obras de acceso ao núcleo de Bidueiros en Goiriz

Comezaron as obras de renovación do vial municipal que comunica o acceso Este do polígono industrial de Vilalba co núcleo de Bidueiros e remata no vial municipal 065\_092, na parroquia de Goiriz.

Trátase dun vial moi utilizado por veciños e viaxeiros, debido a que forma parte do percorrido do Camiño de Santiago no tramo que comunica as vilas de Abadín e Vilalba. Os traballos se realizarán con fondos do concello, sen ningunha aportación da Xunta. A actuación enmárcase no acordo entre o grupo de goberno e Vilalba Aberta. Este vial exerce una labor vertebradora de relevancia para os veciños do núcleo de Bidueiros, ao comunicalos coa capital municipal e o parque empresarial máis importante da contorna. A súa lonxitude total ascende a 960 metros, con ancho medio afirmado de 4.10 metros.

## José Miñones destina en Vilalba 3,5 millóns de euros a investimentos

O delegado do Goberno en Galicia, José Miñones, repasou os compromisos do Executivo con Vilalba, con actuacións que alcanzan os 3,5 millóns de euros para mellorar o medio ambiente, a calidade de vida e a conectividade dixital da veciñanza de Vilalba.

O delegado anunciou o compromiso de estender de forma significativa a banda ancha de acceso a internet neste concello grazas ao novo Plan ÚNICO-Banda Ancha que forma parte do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. Lembrou que "a conectividade é un dos nosos compromisos para fixar poboación e ter unha recuperación xusta e igualitaria nas vilas". Informou á alcaldesa de recente aprobación dos proxectos deste ano

do Plan do Ministerio de Asuntos Económicos e Avance Dixital. En concreto, Vilalba está incluída nesta resolución a través de 1.886 conexións que permitirán o acceso a internet de alta velocidade a 3.800 vivendas e empresas do Concello. Estas conexións súmanse ás que se están efectuando no marco do programa de banda ancha de 2020, tamén do Ministerio de Asuntos Económicos, que permitirá levar este acceso de alta velocidade a 141 entidades de poboación do municipio vilabés.

José Miñones apuntou que na provincia da Lugo o Plan Único mobilizará 16,3 millóns en proxectos con 10,2 millóns aportados polo Estado. As actuacións benefician a 64 concellos e 45.514 familias ou



Miñones na súa visita ao Concello de Vilalba

empresas. No conxunto de Galicia o Goberno concedeu 30 millóns de euros en axudas a proxectos para levar a banda ancha de alta velocidade a zonas que carecían deste servizo en 278 concellos de Galicia. O delegado apuntou que a mellora ambiental e da calidade de vida da poboación de Vilalba é un dos compromisos cumpridos con accións e investimentos efectuados ou aprobados.

No ámbito da transición ecolóxica, Vilalba beneficiouse de 564.000 euros das axudas do Ministerio

para a Transición Ecolóxica cos que está abordando a renovación da iluminación pública en distintos puntos do municipio. Son tres proxectos que permitirán un considerable aforro tanto no consumo de electricidade como na factura do Concello, que este poderá adicar a outros servizos.

Xunto á eficiencia enerxética, o Goberno, a través da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, está abordando co Concello a renovación do saneamento e depuración das augas cun investimento total de 3.250.000 euros.

## Cruz Vermella convoca a tradicional andaina solidaria

O domingo día 19 de decembro celebrarase unha nova edición da Andaina Solidaria de Cruz Vermella Vilalba, que chega á súa cuarta edición. Esta proba desenvolverase ao longo de 3 kms dentro do centro urbano de Vilalba. A saída e chegada a meta situarase na praza de Santa María ás 12 da mañá.

Na liña de saída, situarase unha urna para a recadación de donativos que irán destinados á compra de xoguetes novos. Os beneficiarios serán nenos e nenas de 0 a 11 anos pertencentes aos concellos de Vilalba e limítrofes.



A andaina estará aberta á participación de todos os públicos e, sobre todo, a familias, especialmente acompañados dos nenos.

O prazo de solicitude das axudas para xoguetes estará aberto ata o próximo día 21 de decembro.

## 183 negocios solicitaron as axudas municipais pola covid

O Concello de Vilalba fixo pública a resolución das axudas directas aos establecementos comerciais e de hostalería afectados polos peches obrigatorios derivados da pandemia da covid-19. Tras os bonos do compra do ano pasado para revitalizar o consumo, o concello optou nesta ocasión polas axudas directas nunha convocatoria de concurrencia competitiva, tras un acordo entre o grupo de goberno e Vilalba Aberta.

O concello repartirá 236.000 euros en axudas a 182 negocios de diferentes sectores afectados polos peches.

O abono das axudas farase efectivo antes do 31 de decembro, avanza dende o Concello, que porá en marcha nas próximas semanas unha nova liña de axudas, nesta ocasión para autoescuelas, academias de ensino e postos de venda ambulante, entre outros negocios.

**AXUDAS.** O Concello de Vilalba xa resolveu a convocatoria das subvencións por concurrencia competitiva a entidades públicas ou privadas para fomentar unha actividade ou interese municipal.

No eido cultural, as subvencións foron para a asociación Buxos Verdes da Chaira; asociación cultural de Andrade; asociación cultural Casa Escola de Bordelle; asociación xuvenil Entre Lusco e Fusco; Unión de radioaficionados da Terra Chá, e asociación cultural e deportiva de Árbol.

No apartado educativo, para a APA Terra Chá de Román. Tamén recibiron axuda económica varios club deportivos de diferentes especialidades, así como as asociacións de mulleres e mesmo veciñais.

## CENTRO DE ODONTOLOGÍA E IMPLANTOLOGÍA

20 Años a tu lado

Dr. Juan Francisco Lema Ferro Coleg. 270000874

Dra. Noelia Fernández Agudo Coleg. 270001206

Horario: Lunes a jueves de 9h a 14h y de 16h a 22h.

Viernes de 9h a 14h y de 16h a 20:30h.

Camiño Real 36-38 Entresuelo Izda. 982 228 428 - 608 937 993

www.clinicadentaltest.es / dentaltest@yahoo.es

Parking gratuito





# O PP esixe a Veleiro “resolver os problemas dos veciños”

O Grupo Municipal Popular de Vilalba esixe ao goberno local “resolver os problemas dos veciños” e non só “aprobar declaracións de intencións”. Así o manifestan trala aprobación da ordenanza sobre o tráfico, circulación e seguridade viaria ao entender que “non vai arranxar o problema do caos circulatorio, o descontrol do tráfico en Vilalba, os problemas de aparcamento e a situación da rúa da Pravia”. É máis, a este respecto, inciden en que “as decisións precipitadas do goberno local -coma a de converter esta rúa en unidireccional sen consultar aos veciños nin contar co respaldo de informes técnicos- desencadean grandes prexuízos económicos e sociais os nosos comerciantes, autónomos e veciños en xeral”. Os populares esixen “comezar a casa polos cementos e non polo tellado como pretende o goberno do PSOE en Vilalba”.

A voceira, Sandra Vázquez, explicou que “esta ordenanza non deseña un plan de tráfico, non establece unha reorganización do tráfico e determina zonas de hora en rúas sen criterio”. Tamén advertiu sobre “contradiccións” en relación á taxa pola retirada de vehículos desta ordenanza co establecido na ordenanza fiscal nº 27, que tamén recolle xa a construción, mantemento, modificación ou supresión das entradas e saídas de vehículos, así como das reservas especiais de espazo. “Botamos en falta reunións cos grupos políticos para establecer un plan de tráfico como se fixera con gobernos do Partido Popular nos anos 90”, engadiu.

**PARQUE ACUÁTICO.** O Grupo Municipal Popular de Vilalba condena que o goberno local gaste 48.000 euros dos veciños e veciñas no



Obras de demolición do parque acuático de Vilalba

derrubamento dunha instalación existente e “emblemática que, ademais, atraía visitantes contribuíndo á dinamización social e económica do noso concello”, como é o parque acuático da Madalena. É máis, “estase a desfacer unha do-

tación remodelada recentemente cun investimento de 78.000 euros. Por outra banda, insisten na necesidade de ampliación do polígono, un impulso de novo ao PXOM e a finalización do proceso do contrato á empresa de recollida de lixo.

## Propostas dos populares

O Grupo Municipal Popular presentou “iniciativas construtivas para resolver os problemas reais dos vilalbeses”. Propuxeron un plan de sinalización das parroquias, barrios e espazos de interese turístico e cultural que saíu adiante por unanimidade. A este respecto, sinalan que “o importante é poñer en marcha o plan e non só aprobalo no pleno”. O Grupo Municipal Popular de Vilalba defende a necesidade de detectar e atender ás persoas maiores que viven soas no concello de Vilalba. A ese respecto, recolle distintas iniciativas para facer fronte a esta tendencia que se da na sociedade vilalbesa “a pesar do apoio familiar,

a cobertura do centro de saúde e o labor dos servizos sociais”.

O Grupo pediu ao goberno local adoptar medidas de cara á eliminación total das barreiras arquitectónicas nas rúas vilalbesas e a mellorar o control sobre a colocación e recollida de vallas de obra. Nese sentido, piden que o goberno local tramite o máis axilmente posible os permisos oportunos para o desenvolvemento de obras que afectan a fachadas de edificios nas principais rúas de Vilalba de cara a diminuír o risco de desprendementos e, polo tanto, reducir tamén o tempo que permanezan instaladas as vallas de obra.

# Vilalba Aberta adianta as obras que se farán grazas ao acordo co Goberno

Sae a licitación a renovación dos primeiros accesos vías de parroquias froito do acordo entre o Goberno e VA. “Un desbloqueio máis que fundamental en materia de investimento pois, sen este acordo, o Concello non tería apenas marxe para executar (as contas continúan prorrogadas dende o último ano do PP) o que se traduciría nun ano perdido para o rural”, explican dende o colectivo.

Os primeiros traballos terán lugar no acceso a Corvite (Vilalba); ao núcleo de Pumariño (Goiriz); a pista Os Muíños (Sancovade); o acceso a Vesura e As Veigas (Santaballa); os accesos a Vilate e Fontevella (Lanzós); o acceso a Broz (Goiriz); o acceso ás Veigas (Corvelle); os accesos a Igrexa, O Valiño, A Revolta e A Carboeira (Román), e o acceso a Os Tineos (Tardade).

A renovación de accesos e vías nas parroquias de Nete, Ladra, Distriz e Rioaveso contarán cun orzamento que rondará os 70.000€.

Unha das actuacións será nos accesos á escola de Nete, no barrio do Curro, o principal núcleo de poboación da parroquia. Nel atópanse a igrexa e o cemiterio parroquial, así como a escola municipal, que actualmente se utiliza como centro de reunión e actividades veciñais.

O acordo posibilitará tamén a renovación dos accesos ás vivendas do barrio dos Castros (Nete). Un vial de titularidade municipal sen pavimentar que parte da estrada municipal 065-403 e da acceso a varias vivendas do propio barrio.

A terceira das tarefas será unha pavimentación no barrio de Lourixe, en concreto na vía municipal 065\_207, que parte dende a estrada autonómica LU-541 e atravesa os barrios

de Lourixe e Aguiar, ata rematar na estrada provincial LU-P-6506.

A licitación inclúe así mesmo a rexección da vía de acceso ó barrio de Aguiar e do tramo de acceso a Fontechousa dende a LU-P-6511 (parroquia de Distriz). Por último, renovará o camiño de acceso ao núcleo de Vilamartín, dende a LU-120.

**PAGO PROVEDORES.** O Grupo Municipal de Vilalba Aberta vén de asinar un novo acordo co goberno en minoría do PSOE. O documento, que desbloquea o pago a provedores, ratificouse nun Pleno Extraordinario no que ámbalas dúas formacións políticas votaron favorablemente á modificación do orzamento vixente (2019) a través da modalidade de suplemento de crédito, incorporando un total de 850.000 euros, destinados a incrementar partidas relativas a vías públicas, alumeado público, educación, festas, deportes, SGAE e servizos sociais.

Esta modificación do crédito fará posible incrementar determinadas partidas co remanente líquido de tesourería, realizando unha estimación dos gastos que non poderán demorarse ata o exercicio seguinte.

**NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA.** “O cumprimento da lexislación en materia de normalización lingüística segue a ser materia pendente no Concello de Vilalba”. Así o denunciou o Grupo Municipal de Vilalba Aberta. A interpelación atopa “fundamento no total deixamento do equipo de goberno, en tanto que garante do uso do galego no ámbito da administración local”, explican os membros do partido.





## Medos Romero recolle o XIX Premio de Poesía Afundación



A pontesa Medos Romero recibiu onte o XIX Premio de Poesía Afundación, dotado con 6.000 euros, polo seu poemario *E ou sol era Ela*. A escritora resultou escollida polo xurado entre as máis de 40 propostas que se presentaron este ano e que “dan mostra da gran calidade literaria das novas xeracións en Galicia e que, grazas a certames como o Premio de Poesía, contan cun impulso que alente a súa dedicación á palabra escrita. *O Sol era ela* concíbese como un poemario épico-lírico a través do cal a autora fai un percorrido vital na procura de si mesma”, definiu o xurado.

O acto celebrado na sede da Afundación contou coa presenza, entre outros, do director xerente da institución, Pedro Otero; e do secretario xeral de Cultura, Anxo Lorenzo.

A escritora, que traballa como enfermeira nas Pontes, recitou no acto algúns dos poemas recolleitos na obra premiada, que será publicada na colección Arte de trovar e recibirá 6.000 euros e premio.

# Destinan 1,8 millóns do Plan Único

O Plan único (POS+2021) da Deputación da Coruña alcanzará este ano preto dos 16,4 millóns de euros investidos nos concellos das comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegal dos que máis de 2,6 se destinan a financiar gastos sociais nos municipios co obxectivo de paliar os efectos da pandemia e protexer os colectivos máis vulnerables. O Concello das Pontes recibirá 1.871.774,01 euros a través do POS 2022.

O presidente provincial, Valentín González Formoso, remarcou a utilidade deste programa para “mellorar infraestruturas e servizos, así como para dar apoio no eido social ante as necesidades derivadas da crise sanitaria e impulsar a reactivación social e económica nos municipios da provincia”.

O Plan único achega máis de 2,6 millóns de euros aos 21 concellos das comarcas para paliar os efectos

sociais provocados pola pandemia. As contías repartidas nos diferentes municipios oscilan entre os 66.727 euros de Cerdido e os 340.038 euros que recibe Narón. Reforzo do persoal adscrito aos servizos sociais e axuda no fogar, creación de axudas para a cobertura de necesidades básicas como vivenda, alimentación, gastos médicos e farmacéuticos ou escolarización dos colectivos máis vulnerables son algunhas das cuestións ás que os concellos están a destinar estes fondos.

Concellos coma Ortigueira, Fene, Monfero, Narón ou As Pontes de García Rodríguez destinan gran parte do Fondo Social do Plan único a reforzar os servizos de axuda no fogar. Mentres, outros como Cedeira ou Ferrol o empregan para incrementar o persoal municipal da área de servizos sociais ou, no caso por exemplo de Valdoviño, tamén

centran boa parte do presuposto en programas que faciliten a conciliación da vida laboral e familiar.

**MÁIS DE 5,5 MILLÓNS PARA 62 OBRAS.** Dentro do plan, 21 concellos das comarcas executarán un total de 62 obras de humanización de rúas e espazos públicos, mellora nas redes de iluminación e saneamento, renovación de estradas, actuacións en instalacións municipais ou accións para incrementar a seguridade peonil, entre outras.

Destacan grandes investimentos como os 569.608 euros para reurbanizar a Praza de América das Pontes, 361.159 euros dedicados a mellora de camiños en Santa Xiá, Val Xestoso, Queixeiro e outros no municipio de Monfero, os 230.534 euros para renovar pistas en Río Bello, Rapadoiro ou A Mata (Narón), ou 152.333 euros para o saneamen-

to e bombeo en Montefaro (Valdoviño), máis tamén pequenas obras que contribúen a dotar de servizos básicos a moitos núcleos rurais e a mellorar a vida dos seus habitantes. Os municipios das comarcas destinan este ano 44.521,68 euros para pago a provedores e 3,2 millóns para gasto corrente, co que se financian servizos básicos municipais importantes para a cidadanía como poden ser a iluminación pública ou a recollida de lixo. A través do Plan Adicional tamén se financiarán investimentos por importe de 4,8 millóns de euros.

O Plan único ofrece aos concellos total liberdade á hora de decidir en que investir os fondos que lles achega a Deputación, cunha distribución que se basea en criterios obxectivos como a poboación, superficie, número de parroquias ou esforzo fiscal de cada municipio.

## Xa hai gañadores do concurso contra a violencia de xénero

O Concello recibiu 128 propostas do alumnado dos centros educativos de Educación Secundaria do municipio ao abeiro do concurso de cartaces convocado con motivo do Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller.

Un xurado, conformado por persoal do CIM e persoas expertas en artes gráficas e no mundo da arte e a cultura, foi o encargado de elexir, entre todas as propostas presentadas, o cartaz gañador baseándose en criterios como a orixinalidade do traballo presentado, a capacidade para



transmitir o significado do 25N e os seus valores así como a calidade.

O cartaz gañador foi o elaborado por Antón de la Fuente Vivero, alumno de 4º da ESO IES Moncho Valcarce resultando finalistas os cartaces de Mateo Hermida Martínez, alumno de 1º da ESO do IES Moncho Valcarce, Leila Bouza Bermúdez, alumna de 1º da ESO do IES Moncho Valcarce, Eneka Lamas Sueiro, alumna de 4º da ESO do IES IES Moncho Valcarce e María Fahym e Sara Mobti, alumnas de 4º da ESO do IES Castro da Uz.

## A xira dos Bolechas parará nas Pontes

A familia Bolechas chega este Nadal ao Concello das Pontes o martes 4 no auditorio municipal Cine Alovi, ás 18.00 horas.

Este Nadal, os Bolechas están a preparar unha carta a Papá Noel, pero a cousa complícase e deciden seguir o labor comendo noces, que así pensan mellor. Mais as noces teñen a casca moi dura e escachan os dentes. Entón, os irmáns collen un crebanoces na cociña, pero trillan os dedos. De súpeto, alguén chama á porta e aparece un enorme crebanoces de Nadal chegado directamente de Alemaña para axudalos.

As entradas son de balde ata encher a cabida.





**Medinformática**  
SERVICIOS INFORMÁTICOS PROFESIONALES

*Empresa líder en el mercado informático en la provincia de Lugo especializada en equipos portátiles y de sobremesa*

RÚA SANTIAGO 1, BAJO C (FRENTE AL COLEGIO) - 27002 LUGO  
T.982 254 813 - 982 241 601 / tienda@medinformatica.es

[www.medinformatica.es](http://www.medinformatica.es)

SISTEMAS DE IMPRESIÓN | EQUIPOS INFORMÁTICOS | SERVICIO TÉCNICO

**SOLUCIONES DE IMPRESIÓN A LA MEDIDA DE TUS NECESIDADES**



# Un amplo programa de Nadal

O Concello das Pontes desenvolverá durante todo o mes de decembro un amplo programa de Nadal que xa tivo os seus primeiros inicios cos presentación do espectáculo de danza Credo e o musical infantil Magic Dremes.

O venres 17 continúa a programación coa representación da obra *Sainetes* de Quemaisten Teatro, un espectáculo gratuito. O sábado, ás 20.00 horas actuará Té Canela, con *Al borde de la locura* coas entradas xa á venda.

A partir do 21 a programación centrará nas festas de nadal con animación na rúa entre o 21 e o 23 a partir das 16.30 horas por parte de Papá Noel. O día 22 está previsto o concerto da Escola Municipal de Acordeóns na Casa Dopeso, ás 19.00 horas e o xoves 23 o de Poco Cualificados, ás 21.00 horas no Cine Alovi, ambas das dúas de balde.

O día de Noiteboa haberá pasarrúas a cargo de Moc-Moc dende ás 11.30 horas polas rúas que se completará os días 26 e 27 co tren turístico, que funcionará ás 12.00 e ás 16.30 horas. O mesmo día 27 tamén representárase a obra *Carrapuchiña Vermella*, ás 18.00 horas no Cine Alovi.

Tamén para os máis pequenos



Imaxe do poboado do Nadal do 2020

está destinada a sesión de malabares a cargo de Oyun, o martes 28 ás 18.00 horas no Cine Alovi; e o día 30 Os fabulosos cleaners farán un espectáculo de pompas de xabón ás 18.00 horas no Cine Alovi, tamén con compra de entradas como nas anteriores.

Rematará a programación de decembro o día 31 cunha batucada a cargo de Moc-Moc ás 17.00 horas polas rúas da vila.

**XOVES NA BIBLIO.** A programación complétase tamén coas actividades que se desenvolven organizadas pola Biblioteca todos os xoves.

A programación seguirá o xoves 23 co Apalpador, que virá ás Pontes da man de Os Furabolos. Rematarán o último xoves do ano con *O axudante de Papá Noel*, a cargo de Moc Moc.

**CAMPAMENTOS.** O Concello das Pontes tamén volverá celebrar os campamentos urbanos de Nadal, de conciliación familiar, 2021-2022, unha iniciativa da Concellería de Igualdade que ten como obxectivo prioritario permitir ás familias do municipio conciliar a vida laboral, persoal e familiar durante as vacacións de Nadal. Os campamentos, dirixidos a ne-

nas e nenos nados entre 2010 e 2018, desenvolveranse os días 22, 23, 27, 28, 29 e 30 de decembro 2021 e 4, 5 e 7 de xaneiro 2022 e inclúen diferentes propostas de actividades lúdico-educativas orientadas a promover valores como o respecto mutuo, a tolerancia, a igualdade e a colaboración, encamiñados a facilitar a convivencia entre os/as menores. As actividades levaranse a cabo en horario de mañá, de 09:00 a 14:00 horas. Hai 30 prazas dispoñibles e a cota de inscrición é de 40 euros por cada menor inscrito. Así mesmo o Concello das Pontes adaptará a actividade á situación sanitaria por mor do covid-19, podendo cancelar a mesma o diminuír o número de prazas para cumprir coas restricións existentes no momento do comezo da actividade.

As persoas interesadas en inscribir aos seus fillos e fillas nestes campamentos deben estar empadroadas no Concello das Pontes e trallabando no período de vacacións, dándosele prioridade ás familias con ingresos non superiores a 6,5 veces o IPREM 2019, límite que se incrementa nun 15% cando se trate de familias monomarentais/monoparentais ou familias numerosas.

## Comeza o segundo reto da escape room As Pontes Misteriosa

O Concello pon en marcha un novo reto da aplicación de escape room As Pontes Misteriosa, un xogo para móbiles que ten como obxectivo dar a coñecer, entre a poboación máis nova, a historia do municipio. Elena López, concelleira de Turismo, apunta que "tras o éxito do primeiro reto, ao que se sumaron máis dun centenar de mozos e mozas, lanzamos un novo enigma, con novas pistas e novas ubicacións co obxectivo de continuar difundido o noso patrimonio, a través dunha ferramenta na que se combinan as novas tecnoloxías, coa educación e co lecer, adaptada ás circunstancias da pandemia".

As persoas que queiran participar neste segundo reto deberán achegarse ata a Biblioteca Municipal e solicitar un código para iniciar este xogo autoguiado no que hai marcadas novas localizacións chave da vila.

En cada unha destas localizacións, as persoas participantes atoparán un enigma relacionado coa historia, personaxes, patrimonio histórico ou natural do municipio. A solución dese enigma levará á persoa ao seguinte punto ao tempo que recibe pistas para resolver o misterio final.

**Inviste en Friol**

**CONCELLO DE FRIOL**

**Bonificación do 95% do custe das licenzas de obra para novas empresas do Polígono e no Casco Urbano de Friol**



# As Pontes segue en obras

Están cos traballos do polideportivo, a pasarela do Eume e a rúa Monte Caxado

Continúan a bo ritmo as obras de rehabilitación do polideportivo municipal, que permitirán, en palabras do rexedor local “a reforma case integral da instalación, mellorando de forma considerable a dotación dun espazo deportivo de referencia na vila. Trácese dunha actuación baseada na procura da sustentabilidade o que suporá un importante aforro enerxético para o Concello das Pontes á vez que económico e medioambiental”. Entre os traballos xa finalizados atópase a substitución da cuberta existente por unha nova de panel sándwich así como a renovación dos seus peches que, xunto coa renovación do pavimento da pista con tarima flotante, de maior aillamento, e o revestimento da fachada con fachada ventilada permitirán un aforro do 18% no consumo enerxético da instalación deportiva.

Co mesmo obxectivo, tamén se procederá a mellorar o sistema de iluminación interior do polideportivo municipal coa substitución das lám-

padas actuais por tecnoloxía LED, reducindo a potencia instalada.

Así mesmo reformaranse as instalacións de produción de enerxía aerotérmica para calefacción, agua quente sanitaria (ACS) e a refrixeración do edificio. Procederá, deste xeito, á substitución da caldeira eléctrica actual por unha bomba de calor, dúas unidades de tratamento de aire, un acumulador de inercia, para almacenar o calor procedente da bomba, doce sistemas de ventiloconvectores e a obra civil asociada. Estes traballos farán posible un aforro do 36% no consumo de calefacción, auga quente sanitaria e na refrixeración do edificio.

O proxecto ten un orzamento de 779.578 euros provintes da achega do Instituto para a Diversificación e o Aforro de Enerxía (IDAE) para proxectos singulares de entidades locais que favorezcan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-202

**PASARELA.** A Xunta de Goberno Local aprobou o expediente de licitación para a construción dunha nova pasarela peonil sobre o río Eume, paralela á ponte de Isabel II, acorde coa controna e adaptada ás medidas de accesibilidade vixentes.

Así procederá á substitución da actual pasarela por outra con xeometría triangular que permitirá minimizar o impacto visual da estrutura, sen entrar en conflito co patrimonio histórico da vila.

Sobre esta estrutura, formada por unha cercha tridimensional metálica de aceiro, instalarase unha plataforma peonil con acabado en tarima de madeira tecnolóxica que, a través de diversos planos, evitará a formación de pantallas verticais que dificulten a visión da contorna e creará unha zona de tránsito máis ampla, cómoda e segura, de dous metros de ancho, para os peóns.

A cercha contará con diversos reforzos estruturais metálicos e outros elementos modulares, coas mesmas características que a zona de tránsito, para evitar torsións e soportar as varandas da pasarela peonil.

Por outra banda, co obxectivo de potenciar unha imaxe de unidade e lograr a perfecta integración coa contorna, os elementos de aceiro pintaranse. Asemade a actuación tamén contempla a instalación de alumeados led en liña, baixo os pasamáns e o mobiliario urbano, e alumeados indirecto sobre a ponte de Isabel II.

**RÚA MONTE CAXADO.** O Concello iniciou as obras de mellora da capa de rodadura da rúa Monte Caxado. O proxecto, cun orzamento de 47.129,50 €, procedentes de fondos propios, que permitirá renovar a capa de rodadura do viario así como do carril bici co obxectivo de mello-



De arriba a abaixo, a rúa Monte Caxado, a pasarela e as obras do pavillón

rar a seguridade e accesibilidade. Durante todo o tempo de execución das obras, só estará habilitado un carril de circulación, nun único sentido, desde a Rúa Antonio Machado cara a Avenida de Ortigueira para, deste xeito, garantir a seguridade do alumando do CEIP.

Entre os traballos previsto inclúese o fresado do carril bici así como os encontros e regularizando a planime-

tría en todas aquelas zonas que sexa preciso Asemade, procederá á reparación das zonas brandase executarase unha nova capa de rodadura, con aglomerado en quente.

Por outra banda, con obxectivo de dar máis seguridade ao alumando, na entrada e saída ao centro escolar, procederá ao traslado do paso de peón, ubicándose fronte á saída do CEIP A Magdalena.

## Mellora dos camiños de Couce e do Castro

A Xunta de Goberno Local aprobou o expediente de licitación das obras de mellora dos viarios do Couce e do Castro. Un proxecto cun orzamento de 30.000 euros que permitirá mellorar a actual capa de rodadura de ambos camiños coa extensión dunha capa de aglomerado bituminoso en quente en toda a plataforma. Entre os traballos previstos tamén se contempla a reparación das fochancas e o perfilado dos mordentes con grava e

tratamento asfáltico así como a execución de sobreanchos nas zonas dos viarios que sexan precisas para garantir a seguridade e a mobilidade do tráfico rodado e peonil.

As obras comezarán coa limpeza do viario e das cunetas para lograr o correcto drenaxe, tanto lonxitudinal como transversal do firme, e rematarán coa reposición da sinalización horizontal segundo o código de circulación vixente.





# As chemineas de Endesa volven á vida temporalmente

A central térmica de Endesa nas Pontes recibiu un novo cargamento en barco de 77.000 toneladas de carbón tras a reactivación da actividade pola crise enerxética.

Trátase do terceiro buque que leva mineral á térmica este outono ao retomarse a súa actividade a semana pasada. Así, se desestibará o carbón na terminal que a empresa eléctrica ten en Ferrol para, posteriormente, ser enviado por estrada ata o parque de carbóns situado no propio complexo enerxético. As dúas embarcacións anteriores chegaron a finais de outubro e mediados de novembro.

As instalacións de Endesa contaban cunhas 40.000 toneladas previas a estes tres envíos, que levan á central 80.000, 20.000 e 77.000 toneladas, respectivamente, o que fai un total de 217.000 toneladas a disposición para a súa combustión.

A térmica reactivouse parcialmente o pasado 22 de novembro nun dos catro grupos de xeradores ante o contexto de auxe de prezos da electricidade e as baixadas de temperaturas, que provocan un aumento do consumo enerxético. A planta, en proceso de peche desde finais do ano 2019, levaba meses sen estar



operativa.

Os sindicatos CIG, CCOO e UXT reclamaron a Endesa que dea garantías de continuidade da actividade de produción da central en 2022.

O Comité de Crise volveu reunirse o pasado día 15 ante este inesperado regreso á produción temporal.

Sosteenen que “o reinicio da actividade térmica no grupo un é un mero parche insuficiente” e demandan continuidade na reactivación da térmica, mentres se traballa en “unha alternativa de transición enerxética sólida, de consenso e solvente para

o emprego e o futuro da comarca”.

“Por último, insistir e subliñar que para nós é absolutamente fundamental que Endesa, co respaldo dos Gobiernos central e autonómico, acceda a garantir a continuidade no funcionamento da central térmica das Pontes ata que o propio funcionamento se acompañe con outras alternativas solventes e con continuidade no emprego, tal e como se comprometeron as Administracións na mal chamada transición enerxética xusta que aínda está por verse”, di o comunicado.

Por outra banda, o delegado do Goberno en Galicia, José Miñones, avanzou que o Plan de Recuperación contempla unha nova partida de 100 millóns de euros destinada a Transición.

Galicia conta xa cunha asignación de 111 millóns para afrontar os retos económicos vinculados á transición coa vontade de “crear emprego, garantir a actividade nas áreas afectadas e fixar poboación”.

Os traballados de coordinación arrincarán o próximo mes de xaneiro e o delegado do Goberno quixo subliñar o apoio do Goberno central ás áreas das Pontes e Cerceda.

# González Formoso presenta ante os militantes o seu equipo

O novo secretario xeral do PSdeG-PSOE, Valentín González Formoso, clausurou o 14 Congreso dos socialistas galegos co compromiso de que o PSdeG “volva estar á fronte do goberno de Galicia”. O responsable socialista interveu xunto co secretario xeral do PSOE e presidente do goberno, Pedro Sánchez, en Santiago. O novo líder dos socialistas galegos asumiu o cargo coa “altísima responsabilidade de volver situar ao PSdeG no lugar que merece, que é á fronte do Goberno da Xunta de Galicia”. Lembrou o legado dos ex presidentes socialistas para sinalar que “necesitaríamos mais tempo de Laxe é Touriño, de socialdemocracia”, afirmou Formoso.

Destacou que os grandes avances para os galegos e galegas viñeron de gobernos socialistas no Estado, pero advertiu que “Galicia necesita mais Galicia, mais PSdeG” para superar a falta de ambición tras doce anos de PP na Xunta.

Apuntou unha liña política “propositiva, construtiva, capaz de ler as prioridades dos veciños e das veciñas do país, que sexa un instrumento útil á



ciudadanía, merecedor da confianza dos galegos e das galegas”. Apostou por “xerar ilusión” a partir dos 111 alcaldes e alcaldesas e dos case 1.000 concelleiros socialistas que dende o goberno e a oposición son “capaces de facer política socialdemócratas”. Reivindicou o carácter municipalista do partido, ao que conxurou para acadar un “gran resultado nas municipais de 2023” para que sirva como “palanca de impulso para chegar á Xunta”.

*Hijos de  
Ramón Rubal*

COMPRAMOS  
MADERA  
PINO Y EUCALIPTO

982 55 86 00

ASERRADERO Y APROVECHAMIENTO FORESTAL

DPTO. FORESTAL 665 69 72 99 - 671 72 22 42

www.hijosderamonrubal.es  
alfoz@hijosderamonrubal.es





# Unha aposta polo turismo pontés

O Concello das Pontes realizou unha intensa campaña de traballo durante todo o ano para ser centro de referencia turística

O Concello das Pontes apostou polo turismo e fíxoo consciente de ter do seu lado un gran recurso, como é o Lago, centro neurálxido da actividade deportiva e do ocio durante a maior parte do ano.

Pero non só traballou o Concello na explotación do lago, tamén fixo un intenso traballo desde distintas fronteiras para atraer o turismo ao termo municipal.

## SINALIZACIÓN INTELIXENTE

O Concello das Pontes aposta pola modernización da información turística do municipio coa incorporación das novas tecnoloxías á sinalización municipal e a súa conexión á plataforma dixital Inventrip.

Trátase dun novo servizo de información turística que ten como obxectivo acoller e acompañar ás persoas visitantes no concello, facilitándolles información contextualizada en función da súa localización, a través dunha aplicación no teléfono móbil ou tablet, permitindo ás persoas usuarias crear o seu plan de viaxe polo municipio das Pontes e compartilo de forma rápida e sinxela a través dos dispositivos móbiles.

Este novo servizo conta cun canal de información offline composto por un panel directorio de información turística e 14 sinais direccionais peonís con tecnoloxía beacon, instaladas en diversos puntos de municipio, que permite ás persoas visitantes acceder a través de Bluetooth, sen necesidade de ter conexión a Internet e sen gastar tarifa de datos, á información turística do



concello, de forma que cada sinal funciona como unha oficina de turismo dixital.

Complétase cunha canle de información online a través da aplicación gratuita INVENTRIP dispoñible para IOS e Android, que detecta a información contida no beacon permitindo que as persoas usuarias reciban información contextualizada en tempo real (datos sobre o lugar no que se atopa, os edificios ou espazos que está vendo e mesmo suxestións de plans para realizar nese espazo)

## ESCAPE ROOM

Así mesmo ten en marcha unha aplicación de escape room que leva por nome As Pontes Misteriosa, unha alternativa de ocio, xogo e diversión, que permite ás persoas participantes coñecer máis polo miúdo a historia e patrimonio do municipio e que leva xa dous retos.

Elena López, concelleira de Tu-



rismo, apunta que se “trata dun proxecto novidoso orientado a un público infantil e xuvenil no que se une educación e lecer a través dunha ruta mapeada e guiada mediante pistas e enigmas. Cada participante diríxese a diferentes espazos e puntos claves do municipio ao tempo que descubre a nosa historia e patrimonio”.

Este xogo para os móbiles nace como unha forma diferente, divertida e orixinal de amosar As Pontes, adaptada ás circunstancias da pandemia xa que está deseñada para que se poida xogar de forma individual e sen límite de tempo, evitando así concentracións.

Trátase dun sistema de xogo autoguiado que se inicia na Biblioteca Municipal, a primeira das vinte localizacións clave na vila. En cada unha delas preséntase un enigma ligado á historia, ás personaxes ou ao patrimonio histórico e natural do municipio. A solución dese enigma leva á persoa participante ao seguinte

punto ao tempo que recibe pistas para resolver o misterio final. Con cada logro conseguido o sistema acumula puntos para elaborar un ranking que engade un aliciente para todas aquelas persoas ás que lles gusta a competición.

## HOSTALARÍA

Tamén realizaron o reparto de 60.000 manteis individuais desbotables ecosustibles entre os establecementos hostaleiros locais co obxectivo de colaborar co sector a cumprir coas medidas sanitarias impostas pola covid 19, entre as que se esixe a utilización de manteis de papel de un só uso, en substitución da tradicional mantelería téxtil, contribuindo, ao mesmo tempo, a facer fronte ao custe económico engadido que esta media ten para o sector. “O uso deste tipo de mantelería presentábase como unha interesante oportunidade comunicativa para seguir coa liña de promoción que se está a levar a cabo desde o

Concello en relación co patrimonio e a historia de vila polo que o aproveitamos para recordar a efeméride do 650 aniversario da entrega da Vila das Pontes a García Rodríguez, a través dun deseño colorido que nos leva polos elementos máis representativos da vila” explica Elena López, concelleira de turismo.

Elena López incide no potencial dun novo soporte comunicativo “ao que o público está exposto durante todo o tempo que estea á mesa de calquera dos establecementos hostaleiros da vila, podemos chegar, non só a toda a poboación pontesa de tódalas idades senón tamén ás persoas que cada día se achegan ata a nosa vila e gozan da gastronomía local”. Ademais, esta iniciativa incide na aposta que fai o Concello das Pontes polo medio ambiente e a sustentabilidade xa que os manteis están elaborados, exclusivamente, con cana de azucre, concretamente cos residuos xerados pola industria transformadora, facendo que os manteis sexan 100% biodegradables e 100% compostables, podendo convertese en abono, de forma directa, a través do seu proceso natural de descomposición. “Son ecosustibles, producíndose sen talar árbores e contribuindo a reducir a pegada de carbono” engade Elena López.

Xunto a esta aportación, o Concello sabe da importancia turística da hostalaría polo que non dubidou en apoiar a un dos sectores máis prexudicados pola covid polo que cubriu o 100% das solicitudes de axudas directas presentadas polas micro empresas e persoas autónomas ao abeiro das



tres convocatorias do Plan Municipal de Reactivación Económica e Laboral do Concello das Pontes (APREL) para paliar o impacto económico, social e laboral derivado da covid-19.

Así mesmo, foi aprobado unha nova ordenanza de terrazas. A nova norma propón un tratamento das terrazas desde un punto de vista integral, que contempla cuestións como a racionalización do espazo público ocupado, cuestións estéticas, tipoloxías de terrazas, aspectos relacionados coa accesibilidade ou a temporalidade da instalación das terrazas ou horarios, tendo en especial consideración as características urbanas dos diferentes ámbitos para determinar, deste xeito, o tipo de terrazas que se poden instalar, a súa localización ou superficie de ocupación.

### VISITAS GUIADAS

As Pontes tamén contou con visitas guiadas polos puntos chave do seu patrimonio durante os sábados para promocionar o casco antigo e o patrimonio industrial do municipio.

A responsable de Turismo, Elena López, resalta que “este tipo de actividades son fundamentais para visibilizar dunha forma máis clara e profunda o noso e de achegarnos á nosa historia. Coñecendo o noso pasado, póñense en valor ese elementos que se poden desfrutar no presente e trasladáse a aprendizaxe de respectalos. Son tamén un recurso turístico máis que xera coñecemento arredor do interese e curiosidade de quen nos visita”.

### PATRIMONIO INDUSTRIAL

Outro dos impulsos realizados foi de cara ao patrimonio industrial. O Concello das Pontes forma parte da Rede Europea de Patrimonio Industrial ERIH (European Route of Industrial Heritage), asociación que agrupa 1.600 enclaves de interese patrimonial de 47 países europeos e que, entre os seus obxectivos, atópase promocionar o turismo potenciando a dimensión europea do patrimonio industrial e os vínculos internacionais que este xenera.

A integración nesta rede permite que As Pontes, único enclave da provincia da Coruña e un dos tres espazos galegos que forman parte da ERIH, se beneficie das experiencias levadas a cabo en distintos países europeos no ámbito do turismo industrial para, deste xeito, abrir as portas á creación e posta en marcha dun produto turístico innovador que ofrecerá ás persoas visitantes unha experiencia vencellada ao patrimonio industrial da vila relacionado coa minería e a produción eléctrica.



## Impulso cultural

Son moitas as iniciativas culturais realizadas tamén co obxectivo de impulsar e axudar no turismo, poñendo en valor aqueles produtos e peculiaridades propias das Pontes.

- O Concello puxo en marcha, en outubro, unha serie de actividades sobre micoloxía co obxectivo de complementar e fortalecer a Feira de Fungos e Cogomelos 2021, que se celebrou entre o 30 de outubro e o 1 de novembro, unha iniciativa aberta e gratuíta que busca potenciar a actividade micolóxica na comarca.
- O Concello das Pontes iniciou tamén os traballos de identificación e análise da situación actual do sector dos cogomelos silvestres nas Pontes. Esta investigación ten como obxectivo coñecer as potencialidades deste sector en materia cultural, económica e ambiental co fin de poder mellorar e aumentar os aproveitamentos sociais destes recursos naturais.
- Acolleu tamén durante a

segunda quincena do mes de xullo a terceira edición do festival de música clásica Son As Pontes, organizado polas Xuventudes Musicais da Coruña en colaboración co Conservatorio Profesional de Música das Pontes.

- Os concellos das Pontes, Ortigueira e Mañón asinaron un convenio de colaboración no que os tres municipios acordaron poñer en marcha as medidas e proxectos necesarios para a posta en valor, conservación e promoción do Camiño dos Arrieiros, a antiga ruta comercial que unía as comarcas do Eume e o Ortegal.
- Desde o verán deste ano 2021, o Concello das Pontes conta con dous novos servizos de información que están a ter cunha gran acollida entre a veciñanza da vila e tamén como axuda ao turista. Conta cunha canle de whatsapp con preto de mil subscricións e un boletín de novas vía e-mail e con máis de 300 altas.

## O lago e o deporte

O lago é un centro de reunión que cada vez cobra máis importancia e relevancia tanto para o interese turístico da localidade como para a propia veciñanza.

De feito, a praia do Lago das Pontes contou por primeira vez, desde a súa inauguración no ano 2012, cunha bandeira azul, galardón que concede cada ano a Asociación de Educación Ambiental y del Consumidor e que recoñece a calidade ambiental do areal pontés. Este galardón compromete ao Concello das Pontes a manter uns estándares de calidade baseados nun estrito criterios ambientais, educativos, de seguridade e accesibilidade que supoñen unha garantía para toda a veciñanza e para as persoas visitantes que se achegan ata a praia do lago.

Ademais, a ONCE dedicou ao Lago, un dos seus cupóns, o que se sorteou o 17 de xullo e do que se repartiron 5,5 millóns de unidades por toda España. Ademais, as infraestruturas foron mellorando e este verán entrou a funcionar unha pista de area destinada á práctica de múltiples disciplinas deportivas. Con esta actuación, a contorna do lago segue ampliando o seu completo

aproveitamento deportivo. Esta pista localízase na espazo sur da zona recreativa do lago co obxectivo de que sexa compatible coa realización doutras actividades e eventos deportivos que xa se veñen disputando anualmente no Lago. O emprazamento permite tamén unha correcta interrelación cas persoas usuarias da praia.

A relevancia do enclave quedou patente coa visita do secretario de Estado de Turismo ao lago co obxectivo de coñecer, de primeira man, os proxectos turísticos que se están a desenvolver no municipio e nos municipios da comarca do Eume.

Con todo, segue a ser lugar escollido para a celebración de grandes eventos deportivos como a etapa final da CERATIZIT challenge by La Vuelta, unha das probas máis importantes no calendario World-Tour feminino.

Ademais, acolleu cunha exhibición de papaventos ou a a Copa de España Vaurien 2021, unha proba organizada polo Club de Vela Fluvial As Pontes e a Real Federación Española de Vela, en colaboración con Concello das Pontes e a Real Federación Galega de Vela.



## Os nenos terán un obradoiro de Nadal e a visita dos Reis Magos

Os nenos de Friol poderán desfrutar dun obradoiro de Nadal que dará comezo o día 22 de decembro e ata o 4 de xaneiro e terá como obxectivo axudar a conciliar a vida laboral e familiar nesta época do ano non lectiva. O obradoiro será en horario de 10.00 a 14.00 horas no edificio PAI e será para nenos de 4 a 13 anos e nel os rapaces aprenderán durante este tempo distintas decoracións da época.

Para participar será necesario anotarse no Concello antes do 20 de decembro xa que conta con prazas limitadas.

Un ano máis, o sábado 5 de xaneiro de 2022 os Reis Magos de Oriente visitarán aos nenos de Friol para poidan entregarlles as



súas cartas e contarlles os seus desexos para o novo ano. Desde o Concello de Friol informan de que previsiblemente despois desa visita haberá unha merenda no pavillón no que tamén terán inchables, sorteo de agasallos e música para amenizar a tarde.

## Oito empresas optan a executar as obras do saneamento en Roimil

Un total de 8 empresas veñen de presentar as súas ofertas para executar as obras de mellora do saneamento na parroquia de San Xiao de Roimil, no concello de Friol, cun investimento de 253.000 euros.

Esta actuación, cun prazo de execución de 6 meses, enmárcase no convenio de colaboración entre a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través de Augas de Galicia, e o Concello de Friol para estender a rede de saneamento e depuración de augas residuais aos lugares do Campo da Feira, O Pazo, Currás e A Penagateira.

Segundo ese acordo, a Xunta cofinanciará a actuación nun 80%, ademais da contratación e a construción da rede de colectores necesarios para evacuar as augas residuais ata o

sistema de depuración previsto que estará formado por unha depuradora de oxidación total.

Pola súa banda, o Concello de Friol contribuirá ao financiamento do 20% restante, ao tempo que asume a tramitación das autorizacións precisas para posibilitar a súa realización, así como a recepción, mantemento e conservación das actuacións que se leven a cabo.

As actuacións serán financiadas pola Unión Europea, no marco do Programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020, como parte da resposta de la Unión á pandemia da covid-19.

A rede de saneamento proxectada componse dunha condución principal, 2 colectores que verten ao principal e recollen sendas rúas do núcleo e 4 ramais secundarios. A rede

complétase con 59 pozos de rexistro. Para o funcionamento do sistema de depuración inclúense partidas para a acometida eléctrica, así como o sistema de medida e protección, e instalación interior para o seu correcto funcionamento.

Coa rede proxectada por Augas de Galicia veranse beneficiadas 20 vivendas, que reúnen unha poboación equivalente de 200 habitantes.

A Xunta mantén o seu apoio técnico e financeiro aos municipios para que estes poidan prestar de xeito eficaz os servizos de saneamento e abastecemento, que son de competencia local. Neste eido, os orzamentos do departamento que preside Ethel Vázquez para 2022 destinan 14,8 M€ para mellorar infraestruturas hidráulicas na provincia de Lugo.

## Realizan unha camiñada para amosar o modelo de aldea real

O Bloque Nacionalista Galego en Friol organizou unha camiñada cunha conversa-debate sobre os modelos de aldea real, a que partiu desde a Torre de San Paio de Narla, pasando polos lugares de Castronela, Eirexe, Condes ou Guimarei.

A produción sustentábel, os modelos de ordenación do territorio ou a aldea como eixo fundamental de asentamento foron as temáticas que se reflexionaron durante esta actividade.

Con este debate ao pé da cues-

tión, o BNG reflectiu a necesidade de pór de manifesto os diferentes modelos de aldea reais que existen en Galiza e como está a afectar as políticas do Partido Popular á fronte da Xunta neste eido.

A responsábel do BNG en Friol, Loli López, destacou a importancia de aplicar políticas que sexan verdadeiramente positivas para o rural "a aldea modelo que está a impor o PP na Xunta de Galicia non é máis que pura cosmética, precisamos aplicar políticas que

constrúan un rural vivo no que poidamos vivir e traballar e non como un lugar anecdótico e singular".

Neste sentido, a nacionalista subliñou as grandes potencialidades que posúe Friol "na camiñada vimos proxectos e modelos que son posíbeis cun xiro de rumbo, precisamos facer grande o noso rural para desenvolver plenamente o noso país, en Friol temos potencialidade de sobra para garantir un futuro digno e próspero no rural".

## Volven elaborar o calendario con imaxes da localidade

Un ano máis, o Concello friolés elaborou un calendario do próximo ano 2022 para repartir entre os veciños da localidade e no que se recollen imaxes do termo municipal.

Nesta ocasión está composto por imaxes de distintos lugares, paisaxes ou núcleos de poboación que hai no municipio de Friol.

O Concello fai todos os anos o envío do almanaque xunto coa felicitación do Concello aos veciños.





## Rematan as obras da pista de tenis e a urbanización do Camiño Real

O Concello de Friol vén de rematar a obra de mellora da pista de tenis que se atopa no complexo fluvial do municipio. Esta executouse a través dun convenio coa Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral para o Deporte. O importe total das actuacións que se realizaron ao abeiro de este convenio ascende á cantidade de case 40.000€, da que a Secretaría Xeral para o Deporte achegou o 80% e o Concello de Friol a cantidade restante, o 20%, o que supuxo case 8.000€.

As actuacións que se realizaron na pista de tenis existente de 36 x 18 m, cunha área total de 648 m<sup>2</sup>, foron retirar o equipamento e o cerramento do perímetro existente, renovación da superficie da pista e correspondente pintado do pavimento, colocación do novo feche e equipamento da pista con postes e rede.

Outro dos proxectos que se rematou foi a Execución do adoquinado do Camiño Real no entorno do núcleo de Friol, que se levou a cabo gracias a unha subvención da Axencia Galega de Turismo. Dita subvención cu-



A pista de tenis na que se fixeron as obras

briu o 100% da actuación, que supuxo un investimento de case 30.000€. Esta actuación consistiu no acondicionamento do camiño existente para posterior afirmado, realización de drenaxes necesarios e formación de pavimento mediante colocación flexible de lastras de pedra natural en 258 m<sup>2</sup>.

A pista de tenis levaba moito tempo nunhas condicións pésimas, o que dificultaba o seu uso polas persoas interesadas en practicar este deporte.

O tramo do Camiño Real que se arranxou, foi porque debido á

falta de drenaxe, tiña zonas que en épocas de chuvias se vían moi afectadas. E tamén porque é un tramo moi transitado para pasear, e deste xeito facilítase o paso polo mesmo.

O alcalde José A. Santos indica que “estas actuacións leváronse a cabo en beneficio dos veciños e veciñas como tamén dos visitantes que ase achegan cada ano a coñecer o noso municipio, unha vez mais agradezo a colaboración da Xunta de Galicia, que gracias a súas aportacións foi posible a execución de ambos proxectos”.

## Creáse o Club Deportivo Jalizar, que se presenta cunhas xornadas

Presentouse oficialmente no Centro Sociocultural de Friol, o Club Deportivo Jalizar. Este club está integrado por amantes da natureza e dos animais, especialmente dos cans.

Con esta xuntanza, e con outras vindeiras, pretenden mostrar un enfoque diferente do aproveitamento cinético dos nosos montes, acorde cos tempos actuais.

Para ese fin, un dos seus obxectivos é o de organizar xornadas didácticas, como a que se levará a cabo en esta ocasión, na que participarán Jesús Muñoz (delegado do Club Cazadores de Becada con Perro), José Baldó (xuíz Máster CCBP) e Ezequiel Becerra (concurante Máster CCBP).

Este colectivo conta coa inestimable colaboración do Club Cazadores Becada con Perro, do cal son integrantes os fundadores do Club Jalizar, e que conxuntamente co Concello de Friol son colaboradores da proba XIV Máster CCBP, que é unha proba de cans de mostra sobre becada,



que se celebrará na xornada do sábado, día 18 de decembro, a partir das oito da mañá. Esta proba é considerada unha das máis importantes a nivel nacional.

Integrantes do Club Deportivo Jalizar e o propio alcalde de Friol indican que “é unha honra para este Club e para este pobo, que entre todos os montes de Galicia escolleran o noso para celebralo”, dentro do Tecor Cova da Serpe, que colabora poñendo os terreos a disposición dos participantes.

## MERCAR NO CONCELLO DE GUITIRIZ TEN PREMIO

SORTEO DE VALES REGALO DE 50€  
Un premio por establecemento participante!



CONCELLO DE GUITIRIZ

COMERCIANTES DE GUITIRIZ



## Mulleres con historia

A asociación de Mulleres Rurais Olvido é un dos colectivos máis activos da vila, cun total de 90 socias, que mantén unha actividade constante

No ano 1999 Pol acolheu a formación dunha das asociacións da vila con máis continuidade, a de Mulleres Rurais Olvido, un colectivo no que a presenza feminina é obrigada, de feito na actualidade conta con arredor de 90 socias que participan, en maior ou menor medida, nas actividades que organizan.

Unha das primeiras cuestións que chama a atención é o nome da asociación, que ten unha xustificación histórica non exenta de ironía. Aseguran no colectivo que cando se ía formar a asociación, unha das directivas olvidouse de ir á reunión, o que fixo gracia ás demais, que quixeron facer unha broma poñéndolle ese nome á asociación recién formada. Hoxe en día esa socia aínda está na directiva.

A función principal das Mulleres Rurais Olvido é a realización de cursos, obradoiros e outras actividades de ocio dirixidas ás mulleres de Pol.

De feito, tralo parón polo covid retomaron este outono as súas actividades. Así, imparten nesta ocasión ioga, bolillos, pilates e restauración de mobles ademais de clases de piscina e aguagym. A Caseta da Carballeira é un dos lugares habituais dos cursos, que se desenvolven durante as tardes de luns a venres.

Tamén hai clases na biblioteca ou no local social de Mosteiro e a de piscina faise na Pastoriza. Agora, por cuestións de aforos, os cursos están limitados a dez persoas, "fáisenos algo máis complicado, pero o importante é seguir facendo cousas", explica Mercedes Lopez Dorado, presidenta da asociación.

Pero ademais destas actividades diarias, o colectivo tiña por costume



Mulleres do colectivo nunha das viaxes organizadas este ano

organizar a Cabalgata de Reis e As Letras Galegas, celebracións suspendidas durante este tempo de covid pero que estudan retomar durante os próximos días. Sempre foron realizadas en común acordo co Concello de Pol, pero debido ao seu carácter gastronómico, valoran se volver celebrar estes eventos, "sobre todo agora que a situación empeora", explica Mercedes.

Outras das actividades que retomaron son as viaxes. Fixeron dúas recentemente, unha organizada pola Deputación dentro do programa Coñece a túa provincia, na que visitaron os Ancares, e outra invitadas pola Deputación da Coruña para facer unha pequena ruta no veleiro Joaquín Vieta para 12 persoas.

Pero, como afirman, se a situación non empeora retomarán na primavera as viaxes, que era unha das actividades que máis participación tiña. A asociación de Mulleres Rurais Olvido de Pol conta actualmente con 90 socias, a maior parte delas na segun-

da xuventude, pero recentemente veñen de ampliar as súas filas con sangue nova coa que tamén estudan novas actividades.

Nestes días celebran tamén a súa asemblea xeral para renovar a directiva en Mosteiro, unha cita anual que se convirte tamén nunha celebración. Un total de dez persoas forman parte da dirección do colectivo, liderada por Mercedes Lopez Dorado, xunto á que están Rosa María Pérez Barja de vicepresidenta, Elsa Carballés como secretaria e de tesoureira Vera López Rivas.

Formar parte da asociación polense é sinxelo. De feito só hai que inscribirse e pagar unha cota anual de 12 euros pero como o ano pasado non se fixo nada, decidiron prorrogar un ano máis polo que este ano non se cobra.

O colectivo conta co respaldo do Concello, que é o que aporta os locais para poder organizar os cursos "ademais de prestarnos a axuda que necesitamos", indica Mercedes.

## Mosteiro acollerá no Nadal un espectáculo infantil de títeres

O domingo 26 ás 17.30 horas no centro sociocultural de Mosteiro, os máis pequenos poderán disfrutar da obra de teatro *Saga de Flin Havardr*. Esta representación está a cargo de Trécola Producións e está dirixida aos máis cativos e unha obra de autoría propia, con marionetas de fío e música en directo con Pablo Pintor.

Baixo a dirección de Isabel Rey e Marcelino de Santiago "Kukas", esta obra de montaxe propia conta a historia de Flin Havardr, un pastor que tras vislumbrar nun sono as súas proezas como vikingo, emprende unha viaxe in-

esperada acompañado por unha tripulación canto menos peculiar, na que non abunda a fortaleza nin a valentía, mais sí a creatividade. A morriña dun dos seus tripulantes fará que cheguen á mellor de todas as terras, quedando por ver se conquistarán ou serán conquistados.

A entrada será de balde ata completar o aforo polo que invitan a todos a asistir a este evento.

Por outra banda, o colectivo Mulleres Rurais xa informou de que non haberá este ano Cabalgata, tal e como pasou o ano pasado, por mor da covid.

## O Concello compra a Casa da Lavada para novos proxectos

O Concello de Pol certificou a compravenda dunha céntrica propiedade en Mosteiro, a Casa da Lavada, por importe de 150.000 euros, que contempla 30.000 metros cadrados de solo (23.000 rústico e 5.600 urbano), propiedade de cinco herdeiros diferentes.

O obxectivo é utilizar estas terras, ubicadas na céntrica Praza de Galicia xusto diante da carballeira, para impulsar novos proxectos, como a construción de vivendas sociais en Mosteiro ou ofrecer ao Concello novas dotacións municipais. Entre estas obras farase a restauración do edificio para habilitar nel a biblioteca municipal e un centro etnográfico para reforzar a oferta cultural, e en tres das fincas adquiridas tamén se preve unha zona de aparcadoiro e a



colocación de placas solares para dotar de enerxía ás instalacións.

A antiga Casa da Lavada conta con dúas plantas de 227 metros cadrados ademais dun almacén duns 70 metros e unha construción anexa de 24. Para esta compra o Concello investiu 53.000 euros e o resto sufragarase cunha subvención da Deputación de Lugo.

## Nadal Meirego 2021

18-DEC	<ul style="list-style-type: none"> <li>• 12:00H. CICLO DE VISITAS GUIADAS DE BALDE AO MOSTEIRO DE MEIRA.</li> <li>• 19:30H. FESTIVAL DE CORAIS. IGREXA DE MEIRA.</li> </ul>
22-DEC	<ul style="list-style-type: none"> <li>• 21:00H. CHOCOLATADA NO CONVENTO.</li> </ul>
25-DEC	<ul style="list-style-type: none"> <li>• 13:00H. REPRESENTACIÓN DO BELÉN. IGREXA DE MEIRA.</li> </ul>
26-DEC	<ul style="list-style-type: none"> <li>• FEIRA.</li> <li>• 20:30H. CONCERTO DE NADAL. BANDA DE MÚSICA DE MEIRA. IGREXA DE MEIRA.</li> </ul>
31-DEC	<ul style="list-style-type: none"> <li>• 12:00H. BADALADAS NA PRAZA DO CONCELLO E ANIMACIÓN MUSICAL.</li> </ul>
5-XAN	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CABALGATA DE REIS.</li> </ul>
6-XAN	<ul style="list-style-type: none"> <li>• 13:00H. REPRESENTACIÓN DO BELÉN. IGREXA DE MEIRA.</li> </ul>
8-XAN	<ul style="list-style-type: none"> <li>• 20:30H. CONCERTO DO GRUPO DE GAITAS E ACORDEÓNS DA ESMU DE MEIRA. IGREXA DE MEIRA.</li> </ul>

CONCELLO DE MEIRA

CONCELLO DE MEIRA

ESCOLA DE MÚSICA MUNICIPAL DE MEIRA

BANDA DE MÚSICA MUNICIPAL DE MEIRA

CORAL POLIFÓNICA AIRIÑOS DO MIÑO DE MEIRA



## O Concello presenta un amplo programa de Nadal

O Concello de Rábade preparou un intenso programa festivo para este Nadal, no que os nenos volverán ser os protagonistas.

Así están previstos dous campamentos que teñen como obxectivo axudar a conciliar a vida familiar e laboral neste tempo de vacacións para os pequenos da casa.

O campamento HoHoLandia desenvolverase entre o 22 e o 31 de decembro (agás o día de Nadal e o domingo) en horario de 10 a 13.30 horas e está dirixido para pequenos de 4 a 12 anos.

Únese tamén o Insuascola, un campamento medioambiental organizado pola Asociación Galega de Custodia do Territorio que se desenvolverá entre as 10.30 e as 13.30 horas os días 27, 28, 29 e 30 na Casa das Insuas para nenos de 6 a 12 anos.

Así mesmo, están previstos no programa dous obradoiros, un de poesía con Carmen Conde, que se desenvolverá o 27 e 28 de decembro de 16.30 a 18.30 horas no centro sociocultural para público adulto, maior

de 12 anos. Carmen Conde realizará un segundo obradoiro sobre narración oral, que se desenvolverá o 30 de decembro de 16.30 a 18.30 horas no centro sociocultural para nenos de 4 a 12 anos.

Dentro do capítulo de actuacións destaca a celebración do X aniversario da banda de música de Begonte, Friol, Outeiro de Rei e Rábade, que se desenvolverá o 26 de decembro no IES Río Miño para todos os públicos. Proxectarase un documental e haberá un concerto de clausura. Tamén contarán cos Contos de Nadal de Pedro Brandariz, o 29 de decembro ás 17.00 horas no centro sociocultural.

E xa en xaneiro, manteranse dúas citas obrigadas, os Recheos de Nadal, o domingo 2 de xaneiro con sorteo de agasallos e chocolate con churros, ás 18.00 horas tamén no centro sociocultural pero para público adulto; e a Cabalgata de Rei, o día 5. Para manter o protocolo covid, os pequenos deberán esperar no balcón ou ventá o paso da comitiva pero serán informados previamente por carta



dos horarios.

Os interesados en participar nestas actividades deberán inscribirse na área de Cultura e Deporte do Concello (982 390 062) previamente, xa que as prazas son limitadas.

## Implantan un sistema de control da calidade da auga



Supervisión das novas instalacións

O Concello vén de poñer en funcionamento os novos sistemas de control e mellora da calidade da auga, que foron executados en colaboración con Augas de Galicia, e que supuxeron un investimento de 80.000 euros, tanto na estación de abastecemento, como na depuradora. As melloras realizadas neste tempo consistiron na instalación dun sistema de control de calidade e cantidade dos verquidos con

diferentes sistemas de alertas, permitindo detectar, en tempo real e dende calquera aparato con conexión a internet, tanto verquidos incontrolados, como volúmenes excesivos, tanto de chegada a planta como de saída ó cauce.

Así mesmo executáronse melloras na pranta de captación, no sistema de lavado de filtros, e substituíronse 500 metros de tubaxe realizada en fibrocemento por PVC.

*¡O Concello de Pol deséxalles unhas boas festas!*



CONCELLO DE POL

**O CONCELLO DE POL MELLORA A CALIDADE DE VIDA DOS VECIÑOS.**

Cambiaranse 1.700 luminarias que afectan a 108 núcleos de poboación.

Para levalo a cabo investiranse 839.247,77€, dos cales o 80% son fondos do IDAE, e dicir, 671398,21€, mentres o Concello de Pol mobiliza o 20% restante 167849,56€.



## Guitiriz inicia a redacción do seu Plan de Mobilidade Sostible

O Concello de Guitiriz ven de iniciar a redacción do seu Plan de Mobilidade Sostible. O desenvolvemento do PMS servirá como ferramenta de planificación estratéxica do seu territorio a través do fomento dunha mobilidade sostible, que procure unha accesibilidade universal e implique transformar múltiples hábitos da mobilidade urbana. A implantación de formas de desprazamentos máis sostibles (camiñar, bicicleta, transporte público) está estreitamente ligada á redución da contaminación, mellora do entorno urbano e ao impulso da inclusión social.

Como inicio do proceso de toma de datos, o equipo redactor xa comezou a avaliar a calidade do espazo público e localizar aqueles puntos sobre os que resultaría de especial interese actuar.

Xa está en marcha unha consulta online na que calquera persoa residente neste termo municipal terá a opción de participar de xeito que sexa posible coñecer tanto as demandas e propostas, como os hábitos de mobilidade da súa veciñanza en relación ao Plan de Mobilidade Sostible. O cuestionario online, que

será de carácter anónimo, poderá cubrirse ata o 19 de decembro. O enderezo web é o seguinte: [www.plandemobilidade.com/guitiriz](http://www.plandemobilidade.com/guitiriz). Dita consulta virá a sumarse ás mesas de participación cidadá, na que os diferentes colectivos e a veciñanza interesada poderán participar en horarios de mañá e tarde en dependencias municipais nunha data aínda por decidir. De xeito adicional poderán enviarse suxestións ao correo electrónico [guitiriz@plandemobilidade.com](mailto:guitiriz@plandemobilidade.com). Tamén haberá entrevistas con axentes chave. A necesidade de desenvolver un Plan de Mobilidade no Concello de Guitiriz xorde a raíz da crecente preocupación polo medio ambiente e o fomento de modos de transporte sustentables. O Plan comezará cunha fase inicial de toma de datos e análise da situación actual, fase tras a cal procederase á diagnose dos problemas concretos de Guitiriz en canto á mobilidade e uso do espazo público. Este proceso permitirá orientar a busca de solucións, propostas e conclusións que axuden a mellorar a mobilidade actual no ámbito da sustentabilidade.

## A Deputación mellora a estrada que une Parga con Santalla

A Deputación de Lugo mellora con preto de 50.000€ a estrada provincial que une os núcleos de Parga con Santalla, pasando por Pedrafitá, no concello de Guitiriz. Trátase de LU-P-2303, que se está arranzando nun treito de algo máis de 3 quilómetros: dende o punto quilométrico 0 ata o 3,2.

Os traballos comezaron coa limpeza das cunetas, retirando toda a vexetación e terra que non se precisa e recuperar así a sección primitiva. Tamén se executaron as obras de drenaxe que garantan unha boa evacuación das augas. Agora, a empresa adjudicataria atópase desenvolvendo as tarefas

de pavimentación no firme e rematarán coa sinalización horizontal mediante o pintado de marcas reflexivas brancas. A previsión é que os traballos finalicen nas vindeiras semanas, sempre que as condicións meteorolóxicas sexan favorables.

Estas actuacións mellorarán as comunicacións viarias destas parroquias guitiricenses nunha estrada que dá servizo a centos de veciños e veciñas. A Deputación de Lugo entende que manter en bo estado as estradas é necesario para garantir a igualdade de oportunidade entre toda a veciñanza da provincia de Lugo.

## A ARI para Os Vilares e O Buriz xa conta con financiamento

A alcaldesa de Guitiriz, Marisol Morandeira, asinou o convenio de financiamento para actuar nas Áreas de Rehabilitación Integral (ARI) galegas, entre as que se atopa a dos Vilares e O Buriz, que contará cun orzamento de 151.008 euros, dos que 120.000 euros son aportados polo Ministerio de Fomento e 31.008 euros pola Xunta de Galicia.

Presidiron esta cita, na que estaban presentes os representantes dos 22 concellos que participan este ano no reparto dos 10,2 millóns de euros dispoñibles para actuar nas ARI, a ministra de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, Raquel Sánchez, e a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Ángeles Vázquez.

Proximamente os veciños e veciñas poderán optar a unha serie



Marisol Morandeira, na firma do convenio para a zona ARI

de axudas para a rehabilitación das vivendas nas que residen. As obras subvencionables poderán ser: reparación de fachadas e cubertas, mellora de salubridade, mellora de illamento, mellora de accesibilidade, mellora enerxética, cambio de ventás e eliminación de radón.

Ademais, o Concello de Guitiriz

creará unha oficina técnica para a que se destinan 74.782,75 euros e que permanecerá durante un ano para axudar aos veciños a tramitar as súas solicitudes de rehabilitación. Está previsto que haxa persoal administrativo, delineante, un arquitecto técnico e un arquitecto superior.

## Volverá o LudiNadal, con xogos para todas as idades


Un ano máis, os nenos e nenas de Guitiriz volverán a contar cunha ampla oferta de actividades dentro da programación do LudiNadal 2021.

A través de diversos talleres de manualidades, inchables, atraccións e xogos de todo tipo os máis pequenos poden divertirse nunha contorna segura e baixo o cumprimento dos protocolos sanitarios fronte á pandemia.

O deslizador Tubby Xtream, con dúas baixadas independentes para descender coma no xeo subido nun donuts inchable é unha das propostas máis atractivas.

Outra das actividades máis innovadoras é o Nerf Battle Area, un xogo de acción e puntería dentro dun enorme inchable repleto de obstáculos. O obxectivo é desenvolver unha táctica en equipo e disparar aos opoñentes dun xeito seguro e sen riscos.

Ademais, o parque infantil para as crianzas a partir de dous anos tamén é unha gran alternativa



para as familias. Os máis pequenos poden viaxar no tren infantil instalado dentro do recinto e os proxenitores poden acompañar ós seus fillos e fillas nas diversas actividades.

Como broche de ouro, o programa LudiNadal rematará cunha maxestuosa recepción aos Reis Magos. Gaspar, Melchor e Baltasar estarán presentes no día previo ao gran día. O 5 de xaneiro pola tarde os Reis de Oriente atenderán as peticións dos nenos e nenas do municipio nun decorado cargado de maxia e alegría.

## O Centro de Día de Guitiriz gaña o premio das Receitas de Outono con poesía

O Concello de Guitiriz resolveu o premio da actividade Receitas de Outono con poesía, resultando gañadores os usuarios e usuarias do Centro de Día 'Casa do Capataz' co seu traballo 'Castañas con corazón de cabaza'.

Ademais, o xurado quixo facer unha mención especial a Laura del Cerro Torres, valorando o seu esforzo e dedicación ao participar con dúas receitas nesta acción promovida pola biblioteca municipal 'Casa Habanera' e o departamento de Educación Familiar do Concello de Guitiriz.

A segunda edición de Receitas de Outono con poesía, convocado con motivo do día das bibliotecas 2021, cumpriu o seu obxectivo de poñer en valor os produtos do outono e dinamizar a lectura e a escritura. O xurado tamén valorou a variedade das receitas presentadas.

Nos próximos días a responsable da biblioteca municipal porase en contacto cos gañadores para facer a entrega dos premios.

<p><b>MILAR ALBOSAT</b> tu tienda de electrodomésticos</p> <p>Avda. de Galicia, 42 27800 Vilaalba (Lugo) Tel.: 981 510 501 655 470 030 info@albosat.es www.albosat.es</p> <p>Servicio propio de reparación</p> <p>Venta y reparación</p>	<p>239€</p> <p>3 ANOS JVC</p> <p>FULL HD TV</p> <p>LED JVC LT32VAF3000 FULL HD</p>	<p>COMBI BOSCH KGN36VIEA</p> <p>Cajón Vitalfresh</p> <p>Tizador Integrado</p> <p>Bandejas de cristal</p> <p>659€</p>	<p>HORNO GRUNDIG GEBM11301XC</p> <p>Mandos Escamoteables</p> <p>Cierre y apertura suaves</p> <p>2 Rales Telescópicos</p> <p>Cocción 3D</p> <p>215€</p> <p>3 ANOS</p> <p>449€</p> <p>299€</p> <p>DESHUMIFICADOR RUBY DN16EY</p> <p>Posibilidad Drenaje Continuo</p>	<p>AFEITADORA PHILIPS S3133/51</p> <p>Cuchillas Powercut</p> <p>Mano ergonómica y antideslizante</p> <p>27 cuchillas autoafilables</p> <p>59€</p>
--	--	--	--	---



# “O obxectivo é servir de respaldo aos socios”

**Marcos Rego é o presidente do Club BTT Cova da Serpe, organizador do BTTeando por Guitiriz**

Coa chegada do inverno cambian moitas das actividades que realizan as asociacións e clubs deportivos. Hai que adaptarse ao clima e aos novos horarios de luz e laborais polo tanto todo o que se organiza está medida e calculado para poder acoller o maior número e participante posible.

Hoxe en día as persoas únense en colectivos para desenvolver a súa actividade preferida e así foi como pasou en Guitiriz onde naceu no 2014 con forza o club BTTeiros A cova da Serpe, cando un grupo de veciños despois de levar un tempo xuntándose todos os domingos para percorrer os montes do Concello decidiron ir un paso máis aló. “Desde aquela realizamos unha proba no concello onde xuntamos a cerca de 200 participantes, colaboramos con entidades na realización de probas deportivas e realizamos outras para os máis novos”, explica Marcos Rego, presidente da entidade.

A día de hoxe forman parte do club un total de 62 socios, a maioría deles do Concello, pero o impulso que lle deron á actividade e o club trae cada ano máis xente nova de zonas limítrofes. Marcos Rego relata como está a traballar a asociación.

**Cal é o obxectivo do mesmo? Con que intención se fundou?**

O obxectivo do clube é unificar a xente cunha mesma afección e servir de respaldo para os socios. Levábase un tempo desprazándonos a outros concellos a participar en probas de BTT, e nós sabíamos que na nosa zona tiñamos moito que mostrar á xente de fóra. Polo que decidimos crear o club para así poder realizar a proba anual que levamos realizando desde a súa formación, salvo o

2020 e o 2021 debido á covid. Outro obxectivo dos nosos obxectivos é dar apoio federativo aos socios que o demanden.

**Que actividades tipo de realizan?**

En setembro realizamos un proba de BTT que se divide en tres percorridos, un curto de 35km, un medio de 50km e outro longo de 70km. Todos os anos intentamos cambiar o percorrido e dar a coñecer todos os recunchos do Concello e parte dos concellos limítrofes. Á semana seguinte da proba de BTT realizamos o día da bici para os máis pequenos, cun pequeno circuito polos arredores da praza e a exhibición dun profesional.

Ademais, desde novembro a maio colaboramos xunto o Concello de Guitiriz na realización do Btteando por Guitiriz, que consta de probas mensuais onde os pequenos de máis de 10 anos coñecen sobre a bicicleta as zonas máis destacables do Concello. Trimestralmente tamén realizamos saídas para os socios e en fin de ano non pode faltar a chocolatada na Cova da Serpe onde invitamos a xente con ganas de subir á cova na bicicleta a tomar un chocolate con churros.

**Os roteiros BTT que se realizan todos os meses que acollidan teñen?**

Estamos bastantes sorprendidos coa resposta que tivemos por parte dos pais e dos máis pequenos. Xa temos un grupo fixo que sabemos que van estar todos os meses. E só por iso merece a pena realizar estes roteiros. Tamén ten unha boa acollida por parte dos socios do club, os cales axudan a organizalo para poder sacalo adiante.

**Canto tempo levan realizándose?**

Imos pola cuarta edición do Btteando



Membros do club nunha das actividades

do por Guitiriz, e visto o último roiteiro realizado, a xente este ano vén con moitas ganas e esperemos se celebren moitos máis.

**Notaron un crecemento na afiliación?**

Dende a primeira edición a participación sempre foi en aumento. De feito, nesta última edición contamos coa maior participación ata a data con máis de 40 persoas. Creemos que hai unha clara influencia pola visibilidade que levamos dando ao ciclismo durante xa máis de 7 anos. Cada vez vemos máis afección entre os veciños do pobo e de concellos limítrofes. Por outra parte tamén se notan as ganas da xente de saír a desfrutar da natureza despois de que a pandemia nos encerrara nas casas.

**Que proxectos teñen?**

Este é un deporte con distintas disciplinas, ciclismo de carretera, descenso, BTT, Triathlon, etc... ao medrar os socios do club tamén se abre ese abanico, polo que é necesario facilitarles a práctica. En mente do club está a realización de rutas permanentes para así poder practicar esas disciplinas, así como achegarnos á xente máis nova como unha alternativa aos distintos deportes que se practican no Concello.

**Que supuxo e supón a covid?**

Nun primeiro momento non foi fácil xa que a nosa actividade se realiza no exterior, pero o que nun primeiro momento foi un inconveniente máis

tarde se convertiría nunha ventaxe, debido a que non é un deporte de contacto e ao se realizar en exterior tivemos unha certa facilidade fronte a outro deporte á hora de volver á normalidade. Pero sen dúbida, o máis destacado foi non poder realizar ningún tipo de proba.

**Contan con axuda para manter o club activo?**

As axudas coas que contamos son dende o Concello de Guitiriz, por colaborar con eles na realización do Btteando por Guitiriz. O resto de aportacións veñen por parte dos socios. Tamén temos que comentar que para levar adiante a organización da nosa ruta anual, contamos con bastante axuda de empresas privadas e negocios do pobo que sen eles case sería imposible levala adiante.

**Que necesidade se lles plantexan?**

Un punto de lavado de bicicleta fixo, estaría ben para a xente que non dispón dese servizo, ou para a xente que se achega de fóra a realizar calquera actividade. Así como elementos para facilitar os Btteando por Guitiriz, walkies, carpas, cordar para remolcar, etc...

**Que destacaría de positivo e negativo deste deporte?**

Como positivo destacaríase o contacto coa natureza, a facilidade para socializar, é un deporte apto para todas as idades sin importar a condición física e permite coñecer lugares novos e descubrir outros ao carón da casa.

## Lanzan unha campaña de promoción do comercio para Nadal

O Concello de Guitiriz, en colaboración cos comerciantes e empresarios do municipio, xa ten en marcha a súa campaña de promoción do comercio local para este Nadal, denominada ‘Mercar no Concello de Guitiriz ten premio’ na que se repartirán 2.250 euros entre todos os establecementos participantes. Son un total de 44 os comercios do municipio que se sumaron a esta iniciativa, que se levará a cabo ata o 5 de xaneiro. Ao igual que o ano pasado, cada establecemento participante, que repartirá rifas desde o número ‘000’ ata o ‘999’, entregará aos seus clientes un premio de 50 euros que deberá consumirse nese mesmo negocio. Os gañadores serán aqueles que a súa papeleta coincida cos tres últimos números do 1º premio da lotería do neno, que se celebrará o venres 6 de xaneiro de 2022.

## Abre de novo a mostra ‘Tal como éramos’

A Casa Habanera acollerá, un ano máis, a exposición Tal como éramos de fotografía antiga de Guitiriz e as súas xentes.

Esta será a sexta edición que organiza o Instituto de Estudos Chairegos, que correspondería facer xa no pasado ano, pero que foi adiada por mor da covid-19.

Como nas anteriores edicións, nesta exposición móstranse 120 fotos en branco e negro e de temática diversa na que as persoas asistentes poderán gozar e aprender como era a vida na vila chairega durante a segunda metade do século pasado. A mostra está aberta ao público dende o 17 de decembro, ás 19.00 horas.

### EN CAMPAÑA SERVICIO 24H.

DISTRIBUIDOR OFICIAL



**STARK**  
BY AGRIAL



DESCUENTOS ESPECIALES...



...desde un 70%  
en rodamientos  
populares

...y desde  
un 60%  
en correas  
industriales



**RECAMBIOS Y SUMINISTROS**

RECAMBIOS EN GENERAL - HIDRÁULICA - NEUMÁTICA - JARDINERÍA - VENTA DE MAQUINARIA - SERVICIO DE REPARACIONES

Rúa do Freixo, P-53 - Pol. Ind. Sete Pontes, 27800 Vilalba - Lugo. Tel.: 982 831 105 - 609 392 656 - recambios@sesacar.com



## Continuarán as rutas para reivindicar o Camiño do Nordés

Un grupo de veciños participaron no primeiro roteiro realizado co obxectivo de impulsar a revitalización do Camiño do Nordés, unha ruta de peregrinaxe a Compostela entre Viveiro e Vilalba na que traballan a Asociación Camiño Real e a de Roteiros da Carba.

A ruta tivo lugar entre Xestosa, en Muras, e Abelleira, en Xermade. Trátase dun percorrido de 12 quilómetros que percorre dende a Gañidoira que realizaron baixo unha intensa choiva.

Neste proxecto participaron os alcaldes dos respectivos municipios, así como representantes de colectivos da zona impulsores deste roteiro que queren que se recoñeza de forma oficial como un dos Camiños da Ruta Xacobeá.

Manuel Requeijo informou que continuarán as rutas para reivindicar este recoñecemento e a seguinte en realizar será entre Oural e Xestosa, onde empezou o primeira e intención é facer todas as etapas.

# Duras críticas do alcalde á Xunta por deixar o Sergas ao Concello sen médico

O alcalde de Muras, Manuel Requeijo, volveu facer pública a súa indignación co que está a suceder no centro médico xa que volveu quedar o centro sen médico un día máis “novamente sen comunicación por parte da Xunta nin a nós nin aos veciños”.

No centro médico de Muras atende de xeito habitual un médico, un enfermeiro e un administrativo pero debido aos días de descanso do facultativo, o Sergas non cubre con outro médico a falta polo que o Concello quedan sen atención sanitaria.

Esta situación xa foi denunciada polo alcalde o venres pasado. “Este agravio agudízase na medida en que dende a Administración xestionada polo Partido Popular, nin sequera deixaron aviso, nin ao concello, nin á veciñanza. Non é a primeira vez que fan este tipo de manobras dende o Sergas, e pare-

ce que se está convertendo nunha tónica dominante nos últimos tempos”, afirmaba e insiste Requeijo ante a repetición da situación.

O alcalde de Muras declara xa o venres que “é unha tomadura de pelo aos veciños e ademais que o fagan así, sen avisar. Unha auténtica falta de respecto do Sergas aos veciños que se atopan enfermos”. Manuel Requeijo engadiu que “o PP non fai mais que desmantelar os servizos públicos esenciais, como este de atención primaria de saúde. Despois veñen con programas e mil historias para evitar o despoboamento no rural. ¿Como non se van a marchar as familias, si continuamente pasan estas cousas? Están botando a xente do rural a patadas, a base de destruír os servizos básicos. Aínda estamos esperando a que o PP faga algo na Xunta para que volva unha entidade bancaria ao concello”.



Centro de saúde de Muras

**PARQUE TEMÁTICO.** O alcalde de Muras afirmou que “é vergoñento o trato que nos dá a Xunta e o Partido Popular, creando inseguridade na xente que vive aquí”. Di tamén que “de Muras só se lembran para recadar impostos. Somos o parque temático da Xunta en cuestión enerxética porque recadan cada ano 2,2 millóns de euros das eléctricas de aquí e a Muras só nos

deron 500.000 euros do fondo de compensación”.

Engade que “en Muras temos moitos problemas por resolver e a Xunta non se implica cos concellos só lle importan os intereses das grandes multinacionais”. Requeijo asegura que nos últimos anos recadáronse no termo municipal das eléctricas un total de 22 millóns de euros e a Muras só chegaron 5.



**FEIRA DO MEL.** Muras celebrou un ano máis a súa Feira do Mel da Montaña cun gran éxito de público e unha vintena de postos nos que se misturaron os de mel e os doutro tipo de produtos de alimentación.

## O BOP recolle as bases para a nova edición das axudas da luz de febreiro

O Boletín Oficial do Estado recolleu as bases da convocatoria das axudas ao pago da factura da luz que foron aprobadas no mes de xullo polo Pleno. O Concello destinará a este capítulo un total de 90.000 euros.

Nesta ocasión, ofrecen unha liña continuísta coas axudas outorgadas o ano anterior. Así haberá de novo dúas liñas de axudas, unha desti-

nada aos autónomos, pequenas empresas ou explotacións agropecuarias radicadas no municipio, para subvencionarles tamén o pago da factura da luz, cunha contía fixa de ata 1.500 euros.

Ademais, manterase a liña de sempre dirixida a subvencionar os gastos domésticos con unha subvención de ata 600 euros para cada familia.

O que si cambia é que para chegar á máxima cuantía elévase o tope e este cobrarse en fogares con restas inferiores a 15.000 euros, cando antes eran para os de menos de 11.000 euros.

Estas novas axudas volverán convocarse no mes de febreiro, como vén sendo habitual no Concello, para cubrir os gastos do ano 2021.

SERVICIOS JURÍDICOS INTEGRALES EN LUGO Y RIBADEO DESDE HACE MÁS DE 30 AÑOS

# VA VEIGUELA ABOGADOS

ESPECIALISTAS EN DERECHO CIVIL, HERENCIAS, SUCESIONES, DONACIONES, PACTOS DE MEJORA

PLANIFICA TU HERENCIA EN VIDA

AHORRA BENEFICIÁNDOTE DE IMPORTANTES VENTAJAS FISCALES

1ª CONSULTA GRATUITA

Llámanos: 982 228 606

Plaza Mártires de Carral, nº 7, Entlo. Dcha., Lugo. ☎ 982 228 606

📍 veiguelabogados 📱 veiguela abogados



# Rematan as obras de saneamento e dos puntos de recarga eléctrica

Finalizáronse as obras de mellora no saneamento que se estaban levando a cabo na parroquia do Viveiró, unha acción que completa o proxecto que hai en marcha por parte do Goberno local para levar este servizo a todos os rincóns do termo municipal.

A actuación realizada beneficia a un preto de 15 veciños da zona e supuxo un investimento de 133.000 euros, que se custean con cargo ao fondo de compensación ambiental da Xunta, dirixido a aqueles concellos do canon eléctrico.

Como explicou o alcalde, Manuel Requeijo, o núcleo carecía de sistema de saneamento e a augas suxas acababan no río polo que a medida imposta polo Concello pasaba por instalar unha depuradora para este grupo de veciños. "Levábamos xa tempo con este proxecto xa que esta parroquia necesitaba un

servizo do século XXI", engade. As obras iniciáronse no mes de agosto e xa están rematadas polo que comezou tamén o período de probas polo que se espera que poda comezar a funcionar co novo ano. As actuacións consistiron na instalación das canalizacións para recoller as augas residuais e dirixilas á nova depuradora, ademais da tubaxe que chega ao río.

**COCHES ELÉCTRICOS.** O Concello rematou tamén as obras de instalación de dous puntos de recarga de coches eléctricos, o que convirte a este municipio lugués nun concello de pioneiro.

Para esta obras foron dirixidos un total de 31.101 euros procedentes do Fondo de Compensación Ambiental, que cubriu a construción destes dous puntos, que están situados un na praza da Galeguida-

de, ao lado do Concello, e o outro na praza do Viveiró.

Ambos os dous están xa practicamente rematados e funcionando. Como explica o alcalde, a decisión de implantar estes puntos "é porque cremos que o futuro pasa precisamente por aí, por impoñer o uso de vehículos de consumo eficiente e ir eliminando os combustibles fósiles. Queremos ser pioneiros e un referente neste eido".

As estacións que se acaban de instalar en Muras teñen 21 kws de potencia e cargadores trifásicos e intelixentes, de forma que axustarán en función das necesidades a potencia que pode utilizar.

Ademais, estarán contactadas cunha aplicación similar ás que se empregan nas cidades para o pago da ORA coa que se poderá abonar o consumo de electricidade en base a tarificación que se estableza.

## Un graffiti decora a caseta da nova caldeira do colexio



O colexio de Muras conta xa cunha nova caldeira de biomasa no centro, unha obra que levaba pendente e que finalmente realizouse este ano. Con este proxecto o colexio contará cun sistema moito máis económico e ecolóxico que permitirá un aforro considerable.

O custes desta operación foi de

de 60.697,40 euros e estivo a cargo da empresa Tecgal Enerxías. As instalacións foron decoradas polo grafitero lucense Diego As, que se proclamou campión de España o pasado abril no concurso Graffiti Battles Spain. Trátase dunha creación en homenaxe ao concello como destino turístico Starlight.

## Afalu pon en marcha uns obradoiros de memoria ata xuño

O Concello de Muras porá en marcha o próximo mes unha serie de obradoiros de memoria. Pensados especificamente para as persoas maiores, faranse todos os venres de 17.00 a 18.30 na Casa do Médico.

Están deseñados xunto coa Asociación de familiares e enfermos de Alzheimer e outras demencias de Lugo (Afalú). Todos os formadores de Afalu están capacitados para dar cursos do certificado de profesionalidade, AFD e formación continua, polo que contarán coa súa formación e experiencia acreditadas.

Os obradoiros xa comezaron e seguirán en xaneiro serán o 7, 14, 21 e 28. En febreiro (4, 11, 18 e 25), marzo (4, 11, 18 e 25), abril (1, 8, 22 e 29), maio (6, 13, 20 e 27) e xuño rematarán coa actividade os días 3, 10 e 17.

As persoas interesadas en anotarse poden facelo no Concello ou chamando ao teléfono 982 500 001.





**JRoca**  
INMOBILIARIA



**ROCA & PRADO**  
ABOGADOS

<b>Campo de Ponte 11, Vilalba</b> Piso   3 Dorm   2 Baños   115m <sup>2</sup> En Vilalba (Lugo), se vende piso centrico de 3 habitaciónes, comedor y sala, 2 baños y cocina. Dispone de trastero, ascensor y calefacción individual de gas ciudad.	<b>59.000€</b>
<b>Seivane - Román s/n, Vilalba</b> Casa / Chalet independente   3 Dorm   1 Baño   115m <sup>2</sup> En la localidad de Seivane - Roman, municipio de Vilalba (Lugo) se ofrece en venta una vivienda unifamiliar independiente, en la que hay 3 habitaciones, sala, cocina y baño. En la planta alta tiene una dependencia de unos 20 metros cuadrados. La casa dispone de calefacción individual y de unos garajes en torno a los 100 metros cuadrados. La vivienda y garajes se sitúan sobre una finca de unos 2.500 metros cuadrados, que está ubicada a unos 10 kilómetros del centro de Vilalba (Lugo).	<b>87.000€</b>
<b>Billetes, Abadín</b> Casa rural   3 Dorm   1 Baño   216m <sup>2</sup> La casa está habitable, tiene calefacción y los propietarios tienen más fincas en la zona si le interesase al comprador.	<b>55.000€</b>
<b>Portobarraso 35, Vilalba</b> Casa / Chalet independente   5 Dorm   4 Baños   320m <sup>2</sup> Se vende chalet de 5 dormitorios, dos de ellos en planta baja, sala, 4 baños, cocina, comedor, garaje muy amplio y una finca 3.480 metros cuadrados. Toda ella cerrada. La casa está situada a 1 kilómetro del casco urbano de Vilalba (Lugo).	<b>250.000€</b>
<b>LU-P-6502, Vilalba</b> Terreno / Urbano (solar)   500m <sup>2</sup> Se vende solar en esquina de la calle Ciudad de Viveiro con calle Castello. Se venden 500 metros cuadrados con 21 metros de fachada a la calle Ciudad de Viveiro y 27 metros de fachada a la calle Castello. El precio total son 80.000 euros. También se vende fraccionadamente en un solar de 203 metros y otro de 296 metros. En cuyo caso el precio es 40.000 euros por cada uno.	<b>80.000€</b>
<b>Avenida Terra Cha 142, Vilalba</b> Piso   3 Dorm   2 Baños   100m <sup>2</sup> En la localidad de Vilalba (Lugo), en concreto en la Avda. Terra Cha, se vende piso de tres dormitorios y sala, dos baños y cocina. Dispone de una plaza de garaje, un trastero y ascensor. Tiene calefacción de gas ciudad. El piso se vende con el mobiliario.	<b>70.000€</b>
<b>Herrería 25, Vilalba</b> Casa / Chalet adosado   3 Dorm   1 Baño   153m <sup>2</sup> Se vende vivienda unifamiliar, con plaza echada. En la planta baja tiene un local que se puede usar como garaje o para montar un negocio.	<b>55.000€</b>
<b>Avenida de Galicia, Vilalba</b> Piso   3 Dorm   2 Baños   100m <sup>2</sup> En Vilalba (Lugo), se vende piso cuarto sin ascensor, de tres habitaciones y sala, baño y aseo, cocina y dos terrazas. La vivienda tiene a mayores y como anejo un desván. Dispone de calefacción de gasoil. Esta situado muy cerca de la zona escolar y a un paso del centro.	<b>29.000€</b>
<b>Corbelle - Forcón s/n, Vilalba</b> Casa rural   4 Dorm   1 Baño   202m <sup>2</sup> A unos 15 kilómetros de Vilalba (Lugo) y a unos dos kilómetros de la autovía A8, ofrecemos casa rural, independiente, con fachada en piedra. Tal y como está, se podría vivir en ella. En la vivienda hay cuatro habitaciones, sala, un baño y cocina, a mayores tiene una dependencia amplia que está sin acondicionar en la planta baja. A mayores tiene dos construcciones anejas de 31 metros y 114 metros y todo ello sobre una finca de 9.975 metros.	<b>125.000€</b>
<b>Calle Lameirón, Vilalba</b> Terreno / Urbano (solar)   650m <sup>2</sup> Se vende solar edificable con 12,65 metros de fachada. La edificabilidad es bajo más 3 plantas más áfco. También es posible rehabilitar las viviendas existentes en el frente del solar y hacer una vivienda unifamiliar con terreno a la espalda.	<b>90.000€</b>

**Inmobiliaria JRoca Plaza Suso Gaioso - 27800 Vilalba, Lugo Tel.: 600 828 720**

**Francisco Javier Roca Edreira • María Dolores Prado Rouco**

**Matrimonial - Herencias - Tráfico - Inmuebles Comunitades - Penal**

**Roca Abogados Carril de Catesol, 1 - 1ªA, Lugo Tel.: 982 230 337 - 600 828 720**

[www.rocaabogados.info](http://www.rocaabogados.info)



## Crean dez novas prazas de atención dual no centro de Castro de Rei



Visita da conselleira ao centro de atención a persoas con trastorno dual

A conselleira de Política Social, Fabiola García salientou nunha visita ao complexo asistencial de Castro de Rei a creación polo Goberno galego de dez novas prazas de atención a persoas con trastorno dual por un importe de 230.000 euros anuais. Esta é a primeira unidade de atención dual, un servizo que atende a persoas con discapacidade intelectual e enfermidade mental, da provincia. Fabiola García subliñou a importancia da creación destas novas prazas, dunha tipoloxía moi espe-

cífica, xa que requiren de moitos medios técnicos e de persoal altamente cualificado en disciplinas como a psiquiatría, a fisioterapia, a psicoloxía ou a terapia ocupacional, entre outras. Neste sentido, destacou que con esta decisión se está a dar resposta a unha demanda no eido da atención á discapacidade. Deste xeito, o investimento achegado polo Goberno galego permite incrementar nun 10% as prazas de atención a persoas con trastorno dual en Galicia ata chegar ás 110.

## A Deputación aproba novos contratos de subministros para a granxa Gayoso Castro

A Xunta de Goberno da Deputación aprobou a licitación de tres contratos de subministros para diferentes servizos da Deputación. Por unha banda, sae a contratación por un importe de máis de 25.100€ a adquisición dun grupo electrógeno para a Granxa Gayoso Castro. Por outra banda, aprobouse a licitación por importe de algo máis de

43.500€ dun contrato para o subministro de pneumáticos para os vehículos e maquinaria tanto do Parque Móvil como da Granxa Gayoso, e outro para o subministro de mobiliario de diferentes servizos da institución provincial por un importe de 91.960€. O centro tamen acolleu unha nova poxa de xatas.

## Invisten 420.000 euros en rematar as beirarrúas de Castro Ribeiras

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade licitou as obras de renovación de beirarrúas en Castro Ribeiras de Lea, no municipio de Castro de Rei, en preto dun quilómetro de lonxitude dende o centro -á altura da Praza de Galicia- ata a saída do núcleo urbano en sentido Abadín. O orzamento de licitación ascende a 419.472 euros e o prazo máximo previsto de execución será de oito meses. As empresas interesadas na execución destes traballos teñen de prazo ata o 27 de decembro para presentar as súas ofertas.

A actuación realizarase na travesía da estrada autonómica LU-113, en concreto entre os puntos quilométricos 5,070 e 6, e vén a completar os traballos realizados o pasado ano no tramo comprendido entre os quilómetros 3,820 -á altura do campamento, preto de Duarría- e 5,070, cun investimento de 266.500 euros. En total, a Xunta destina 686.000 euros



Presentación do proxecto das beirarrúas en Castro Ribeiras de Lea

á renovación integral acometida nas dúas fases.

As novas beirarrúas construíranse cunha anchura de 1,80 metros en toda a lonxitude. Regularizarase a superficie e estenderase unha nova capa de zorra e outra de formigón, sobre a que se asentará a baldosa hidráulica antideslizante. Ampliaranse e trasladaranse os sumidoiros ás zo-

nas de ampliación e tamén se mellorarán os accesos aos garaxes, entre outras medidas.

Segundo indicaron, esta actuación "mellorará a seguridade para os peóns, especialmente nos puntos que se ensanchan porque presentaban dificultade de paso para as persoas con mobilidade reducida ou carros de bebé, entre outros supostos".

## Os obradoiros e a cabalgata centran o programa de Nadal

O Concello contará este ano cun programa de Nadal que arrancará o 22 de decembro e que está sendo promocionado por un cartel elaborado polos alumnos de segundo de BAC do Instituto de Castro Ribeiras de Lea, que están a realizar un ciclo de deseño e imaxe.

Así, as festas arrancarán oficialmente en Castro de Rei cun obradoiro de maquillaxe de Nadal, que se desenvolverá no centro social da localidade entre as 16.00 e as 20.00 horas. Este mesmo obradoiro terá lugar en Castro Ribeiras do Lea o día 28 na casa da cultura.

Outra das actividades con dobre pase será o obradoiro para facer un



sombreiro de Reno, que terá lugar en Castro Ribeiras de Lea o 23 de 17.00 a 18.15 e en Castro de Rei o luns 27.

Por outra parte, está organizada unha excursión a Xuvencal que será exclusiva para os nenos apuntados ás escolas deportivas municipais.

Será o 29 de decembro con saída do CEIP Ramón Falcón ás 16.00 horas e regreso ás 21.00 e parada en Castro Ribeiras de Lea. A viaxe inclúe desprazamento, merenda e entradas.

Realizarase un novo obradoiro dobre para facer postais de Reis Magos o 30 de decembro en Castro Ribeiras de Lea, entre as 17.00 e as 18.15 horas na casa da cultura e á mesma hora o 2 de xaneiro no centro social Xosé Manuel Carballo.

Para todos estes obradoiros será preciso inscribirse con antelación.

Finalizarán a programación cunha cabalgata de reis o mércores 5 de xaneiro, entre as 17.00 e as 19.00 horas.

Bo Nadal!

# TEXAS

MODA JOVEN

Avda. de Galicia, 61 - As Pontes T. 981 440 083  
Rúa Galicia, 41 - Vilalba T. 982 511 876

Texas Moda Joven

MESÓN MARTÍNEZ

C/ Celso Emilio Ferreiro, 55 Baixo. 15320 As Pontes (A Coruña)  
Tel.: 981 452 363 - Móvil 649 458 522  
mesonmartinez@hotmail.com



## Patrimonio dos Ancares rexistra na Xunta novos bens patrimoniais



Dúas das mámoas documentadas

O Colectivo Patrimonio dos Ancares solicitou a Patrimonio da Xunta de Galicia a catalogación de varios bens que teñen documentados no concello de Outeiro de Rei.

Durante unha tala na parroquia de Vicente localizaron unha mámoa de 14 metros de diámetro e unha altura de 0,70 metros; no centro ten un cráter de violación duns 2 metros de diámetro. Despois da tala de piñeiros plantaron eucaliptos.

Nunha carballeira do lugar de Seivane, na parroquia de Parada, na parte alta dunha pena granítica arredondada, documentaron nove cazoletas, catro de 10 centímetros de diámetro, e cinco de 5 centímetros de diámetro. Tres das coviñas máis grandes están aliñadas. As persoas que as gravaron semella que elixiron esta pedra porque destacaba sobre as restantes da contorna. A pé desta rocha hai outra onde se ve unha pía. Pode tratarse dun altar ritual.

De moito interese é un sartego antropoide dobre que localizaron en Gondai, nas inmediacións da igrexa parroquial de San Xoán de Parada.

Dos preto de 200 sepulcros antropomorfos que se conservan na provincia de Lugo, só unha media ducia presentan a característica de acoller dous corpos. “Por iso, a pesares da súa rareza, sorprendeunos que esta sen catalogar”, dixeron. Escavado na rocha viva, procurouse un espazo que se axustaba ao tamaño dos cadáveres. A parte escavado mide 1,80 metros de longo, 0,85 metros de ancho na parte dos ombreiros, e 0,66 metros de ancho na parte destinada aos pés; os ocios que acollían as cabezas teñen unhas medidas de 25 por 22 centímetros. Polo interior ten unha altura de 25 centímetros, e polo exterior 30 centímetros. A tampa sepulcral ou lauda que o cubría desapareceu.

“Cremos que pode ser de época altomedieval (entre os séculos V e X). De feito, documentos dos anos 747 e 841 (séculos VIII e IX) citan a igrexa de Sancti Joannis de Parata (San Xoán de Parada) que puido pertencer a un primitivo mosteiro que había nas inmediacións e do que non quedan restos.”, conclúen.

## Convocada unha nova edición do concurso escolar Rosalía sempre viva

A Casa-Museo Manuel María convocou unha nova edición do Concurso escolar de recitado poético Rosalía sempre viva; retomando, así unha actividade que tiña un altísimo éxito de participación entre o alumnado, despois de dous anos que non se puido celebrar pola situación socio-sanitaria.

Centrado no recitado de versos da obra en galego de Rosalía ou da ampla produción poética de Manuel María, o concurso escolar, di-

rixido a todo o alumnado de ensino non universitario, ten como obxectivo potenciar a expresión oral e a creatividade do alumnado a través do coñecemento e o recitado da poesía de dúas das voces máis importantes e populares da literatura. O 3 de febreiro é a data límite para que os centros educativos se inscriban no certame e a fase final celebrárase no auditorio da Casa-Museo Manuel María o sábado 19 de marzo de 2022.

## A CIG alerta do risco de peche da empresa láctea Tegastacín

A CIG alerta dun posible peche das antigas instalacións de Leche Pascual en Outeiro de Rei, que ocupa actualmente a empresa Tegastacín SL.

Segundo explican nun comunicado o sindicato a empresa semella “non ser capaz de remontar a actual situación” e ven unha mostra disto a situación de impago dos salarios do mes de novembro, “unha situación que se puxo en coñecemento da autoridade laboral”. Engade que “o feito máis grave e preocupante” foi o corte de subministro eléctrico á factoría durante a mañá de onte. Afirmar que “a representación legal do persoal non tiña coñecemento ou xustificación por parte da empresa deste corte”.

A empresa Tegastacín ocupa as instalacións do proxecto de Alimentos Lácteos e naceu co beneplácito da familia de Leche Pascual. A súa

traxectoria comezou no ano 2014 compatibilizando as actividades de fabricación e transferencia de produtos e centrando a súa actividade no envasado de leite e queixo de untar principalmente, así como na de concentración de leite para outras industrias.

Explica a CIG que a comezos de ano remozouse a dirección da empresa para darlle máis pulo ao incremento do produto envasado o que fixo chegar a plantilla aos 75 traballadores. Dende a CIG destácase que “esta situación precipita a parálise total da produción e pon en grave risco o futuro da empresa e o mantemento dos postos de traballo”, do mesmo xeito denúnciase á empresa “pola súa actitude temeraria, de ocultación e obstrución do seu deber de información e consulta polos representantes legais do persoal”.

## Outeiro de Rei escolle a postal gañadora do concurso

Iván Río Pernas, de 10 anos, foi o gañador este ano do concurso de postais do Nadal de Outeiro de Rei, polo que o seu traballo será usado polo Concello para felicitar as festas.

Iván foi o gañador na categoría de 4º a 6º de Primaria xunto a Natalia Feijóo e Cora Hernández. Os accesitos nesta categoría foron para Mateo Lamas e Lara García.

Por outra banda, Roque Vilela, Daniel Romero, Bela Hernández foron premiados na categoría de primeiro a terceiro de primaria, con accesitos para Daniel Corujo, Adriana Gómez, Iago Río e Mateo López.

## Idoia Cuesta gaña o premio Artesanía de Galicia

O Premio Artesanía de Galicia, que é a máxima categoría destes galardóns e está dotado con 9.000 euros, recaeu no obradoiro Idoia Cuesta. Cestería Contemporánea pola súa peza Abisal, un cesto elaborado con tanza de pesca, un material plástico e translúcido empregado habitualmente para a pesca artesanal, que conforma a peza central dunha colección de cestos máis ampla e baseada na zooloxía mariña. O xurado destacou que Abisal é unha “peza contemporánea cunha manufactura tradicional e unha manifestación contundente do oficio”.

Idoia Cuesta recibiu o premio de mans do presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, na gala dedicada a este sector do que forman parte case 3.300 profesionais que traballan en 749 obradoiros e que dan emprego a máis de 7.800 persoas.





## O Concello acordou unha baixada do IBI Urbano

O Concello de Riotorto acordou unha baixada do IBI Urbano, reducindo o tipo impositivo do 0,65 % ao 0,50 %. Así, aprobouse en Pleno co voto favorable dos 6 concelleiros do PP e a abstención do BNG e PSOE.

Esta medida suporá un aforro medio para cada propietario dunha parcela urbana ou vivenda duns 50 euros no vindeiro ano 2022.

En xaneiro deste ano o Grupo Socialista rexistrou unha moción coa que reclamaba esta redución dende o 0,65% actual a un 0,45%, "permitindo así aliviar a carga financeira dos nosos veciños no complicado contexto socioeconómico actual no que nos atopa-

mos".

José García remarcaba naquel momento que "nestes intres hai unha boa situación económica no Concello, debido a política recaudatoria de Clemente Iglesias que aplicou un aumento de impostos coa subida de case dun 100% na taxa de recollida de lixo, e tamén coa recadación das case mil novas altas derivadas de revisión catastral de bens inmobles" (unha modificación que supuxo unha subida de sesenta euros por cada alta rexistrada).

Pola súa banda, o BNG riotortense no ano 2017 pedía tamén unha rebaixa que lle permitira ao Concello manter a recadación.

## O alcalde abordou con Feijóo o impulso aos servizos sociais

O presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, abordou co alcalde de Riotorto, Clemente Iglesias González, o impulso aos servizos sociais coa creación dunha casa do maior e dunha residencia.

Durante o seu encontro co rexedor de Riotorto, Feijóo valorou que fosen adxudicadas as dúas solicitudes presentadas ao abeiro da Orde do 22 de marzo de 2021 para a creación de casas do maior. Deste xeito, o concello contará proximamente con 10 prazas de atención diurna para maiores -5 en cada casa-.

No tocante á creación dunha residencia, o presidente da Xunta trasladoulle a Iglesias González o plan de investimentos da Consellería de Política Social para a construción, reforma ou ampliación de equipamentos sociais públicos municipais. Segundo lle explicou Feijóo, os concellos

que resulten seleccionados e cumpran os requisitos poderán recibir un financiamento máximo de 1,2 millóns de euros para a construción dunha residencia a través da sinatura dun convenio de colaboración co Consorcio.

A maiores, na reunión tamén analizaron a nova planta de transferencia de residuos que se vai instalar no concello. Feijóo salientou que esta nova instalación, cuxa licitación podería realizarse en marzo de 2022, se integrará na nova rede de infraestruturas deseñada pola Xunta para que os concellos galegos dispoñan dunha planta de biorresiduos ou de transferencia a menos de 50 quilómetros. No que respecta ao planeamento urbanístico, Feijóo avanzou que o Plan Básico Municipal podería aprobarse definitivamente no primeiro trimestre de 2022.

## Abren 2 casas do maior como centro de día



Vista das casas do maior de Riotorto

Vanse poñer en marcha dúas casas do maior, que funcionarán como centro de día con unha capacidade para 10 persoas.

As dúas casas, situadas fronte a gasoleira local, levan o nome de Pobo de Miranda I e II.

Será un servizo gratuito para os veciños e só pagarán aqueles que coman non centro, cinco euros. Terá un horario de apertura de 9 a 17 horas. Esta iniciativa de dúas emprendedoras da vila contou

coa subvención da Xunta para o acondicionamento do centro.

As persoas que poden beneficiarse deste servizo teñen que ter recoñecida a dependencia en grado I ou II e ser maior de 60 anos de idade sen dependencia recoñecida.

Aqueles interesados en entrar nestas casas do maior deberán acudir a Servizos Sociais do Concello para tramitar a correspondente solicitude en horario de 9 a 14 horas.

## Recuperan o tradicional baile de fin de ano

O Concello de Riotorto recupera este fin de ano o seu baile tradicional que se celebrará a partir de 1.00 horas do día 1 de xaneiro do próximo ano.

A entrada para esta festa será de balde os asistentes poderán desfrutar da animación musical do dúo Sensación no centro sociocultural da localidade.

Durante esta festa de inicio do novo curso haberá servizo de bar e ás 5.30 horas servirase chocolate gratis para todos.

Esta festa está organizada polo Concello en colaboración coas asociacións de veciños.



## O Contencioso dá a razón aos concellos de Riotorto e A Pastoriza contra Erimsa

A sala segunda do Tribunal Contencioso Administrativo de Lugo vén de ditar unha nova sentenza pola que desestima o recurso presentado pola compañía mineira Erimsa contra a denegación do permiso de explotación do proxecto Pastoriza 5562 por parte do Concello da Pastoriza; e contra o Sindicato Labrego Galego, que compareceu no proceso como parte interesada canda o concello solicitando tamén a denegación do permiso.

O Concello da Pastoriza denegou o permiso de explotación na concesión Pastoriza 5562 -que afecta os concellos de A Pastoriza e Riotorto-, alegando que a Declaración de Impacto Ambiental (DIA), que databa do ano 2005, estaba caducada, e que o informe da Consellería de Medio Rural era negativo, ao pretender realizarse as extraccións de seixo en solo rústico de especial protección agropecuaria no que se fixeron grandes investimentos en procesos de concentración parcelaria.

**PAGAMENTO DE MULTAS.** Ademais de desestimar o recurso de Erimsa, a xuíza María de los Ángeles Braña tamén impuxo o pagamento das costas do proceso xudicial á compañía mineira.

Esta nova sentenza contra as prácticas espoliadoras da empresa mineira Erimsa -de orixe noregués e integrada arestora na multinacional china Blue Star- vense engadir á coñecida xa no mes de abril, cando tivemos coñecemento do primeiro pronunciamento no mesmo sentido no caso da concesión Alicia 5917, que afecta os concellos de Abadín, Castro de Rei, A Pastoriza e Vilalba, ao considerarse tamén que a Declaración de Impacto Ambiental (DIA) estaba caducada.

**ATABERNA**

T: 982 510 061  
facebook/ataberna.vilalba  
info@atabernavilalba.com  
www.atabernavilalba.com

DISFRUTA CON TUS AMIGOS  
OLVIDATE DE TODO Y SABOREA  
NUESTRA CARTA  
HAMBURGUESAS FRESCAS DE VERDAD  
PASTAS RAXO PATATAS  
ALCO PARA COMPARTIR TAPAS  
NUESTROS DELICIOSOS  
SABOREAR TORTILLAS  
FICHAZ REVUELTOS DE BARRIL ALCO PICAR  
FRESAS DE VERDAD ENSALADAS

**TERRACHAXA**

Para calquera suxestión,  
información ou comentario non  
dubide en poñerse en contacto con nós.

Telefono 661 464 323 redaccion@terrachaxa.com



## A Deputación destina unha axuda a un parque na praza da Bretoña

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, asinou co alcalde da Pastoriza, Primitivo Iglesias, dous convenios de colaboración entre ambas administracións para a creación dun parque infantil e a edición de varios libros. A institución provincial achega en total preto de 50.000€ para a posta en marcha destas iniciativas que permiten por en valor o concello chairgo.

Por unha banda, a Deputación de Lugo achegará ao Concello 34.989,57€ para a construción dun parque infantil na praza da Bretoña. A entidade local achegará os proxectos técnicos, os terreos pre-

cisos e os permisos e autorizacións para levar a cabo as obras e actuacións necesarias.

Por outra banda, a institución colabora con 13.754€ na edición dun estudo sociolóxico sobre a crise demográfica no concello da Pastoriza, do poemario Berce máxico e Uterino (Lendas da Lagoa de Fonmiñá) e dun libro sobre o concello chairgo. Estas publicacións serán financiadas pola Deputación de Lugo e levaranse a cabo co obxectivo de dar a coñecer a historia e o patrimonio cultural da Pastoriza.

O presidente subliñou que para a Deputación de Lugo "é unha satisfacción colaborar co Concello para

a posta en marcha destas iniciativas que beneficiarán ás familias, dando alternativas lúdicas e de ocio para os máis pequenos, e darán a coñecer as características e a riqueza histórica e patrimonial do municipio, co que contribúen á promoción do territorio".

Esta nova colaboración económica súmase ao investimento de preto de 330.000€ que a institución provincial inxecta no Concello a través do Plan Único. A Deputación ten como prioridade cooperar cos concellos da provincia para que poidan ofrecer máis e mellores servizos aos veciños e veciñas.



## O Concello remata os traballos na depuradora de Bretoña

Remataron as obras de mellora e acondicionamento do servizo de augas e da depuradora de Bretoña, que contaron cun presuposto de 35.000 euros, subvencionados por Augas Augas de Galicia con 28.000 e a aportación municipal de 7.000. As obras da EDAR consistiron na

substitución e renovación do seu equipamento para lograr un maior rendimento así como unha mellor xestión e control dos residuos.

"Un paso importante para a mellora do noso medio ambiente no control e depuración das augas residuais", lembra Fernández Leira.

## Abre un novo prazo de ingreso para o PAI

O Concello abriu un novo prazo de presentación de solicitudes de novo ingreso para o Punto de Atención á Infancia no presente curso ao ter cinco prazas vacantes sen que exista lista de espera. O prazo de solicitude remata o 30 de decembro e esta ten que facerse pola vía habitual no Rexistro do Concello.

Ademais de cubrir o impreso correspondente de solicitude, os interesados deberán presentar fotocopias dos DNI dos pais e do libro de familia, certificados de empadramento e documentos xustificativos da súa situación económica así como das incidencias familiares e sociais que podan influír na súa selección como seren familia numerosa, persoas con discapacidades ou similares.

## Acometen obras de mellora no graderío do campo do Acebreiro

O Concello da Pastoriza iniciou obras de mellora no graderío do campo de fútbol de O Acebreiro.

Actualmente a zona destinada a graderío e bar do campo de fútbol presenta graves deficiencias derivadas do desgaste polo paso do tempo, afectando o estado da chapa de cuberta e a algún dos perfiles que forman a estrutura. Estas instalacións son dos anos 80, sobor delas fónronse realizando diferentes actuacións de mellora e mantemento dentro das posibilidades económicas das que dispón o Concello centrándose no terreo de xogo, luminarias etc.

Dende a Área de Deportes do Concello preténdese levar a cabo unha

actuación de substitución da cuberta actual por outra nova, tratamento da eliminación de óxidos e pintado da estrutura metálica existente e a eliminación de dous pilares situados entre as vigas exteriores que dificultan en gran medida a visión do campo dende as gradas, estes pilares serán substituídos por un entramado en ferro colocado horizontalmente sobre o que apoiará a estrutura.

O presuposto total desta actuación é de 20.449,04 euros, que se aportarán integramente de fondos municipais, estas obras están a ser executadas dada a urxencia xa que había perigo de desprendemento dalgún dos elementos da cuberta.



**CONCURSO DE TAPAS.** O alcalde da Pastoriza, Primitivo Iglesias, acompañou á directiva na entrega dos premios aos gañadores da VII edición da ruta das Tapas, organizada pola asociación de comerciantes local, Asapa. Nesta ocasión participaron un total de dez locais hostaleiros, 5 de Pastoriza (O Cruceiro, Xarope, Brétema, a Casa da Cultura e O Castro) e 3 en Bretoña (Tropical, EsKina e Luciano), ademais de Casa Germán da Reigosa e Taberna Molareda de San Cosme. Repartíronse un total de sete premios.

A PASTORIZA,  
UN CONCELLO CON MOITO  
QUE VER  
*Ven este Nadal!*

Concello  
A PASTORIZA

CULTURA • HISTORIA • TRADICIÓN • NATUREZA

¡FELICES FESTAS!



## Entregados os premios dos certames de debuxo e caligramas



A Asociación Recreativa Cultural de San Martiño de Pino fixo entrega dos premios do I Certame de Debuxo Infantil A túa Caldaloba e o I Certame de Caligramas Constanza de Castro, ambos convocados en colaboración con Culturalia GZ e Caldaloba.es co fin de reivindicar a relevancia histórica e cultural da torre. No I Certame de Caligramas Cons-

tanza de Castro o primeiro premio foi para O tempo de eurizo tamén pasa, de Andreia Costas Otero (Redondela) e o segundo para Bromio, de Constanza Garabatos Funes (Vigo). No Certame de Debuxo Infantil a Túa Caldaloba a máxima distinción foi para Zaia Díaz Castro (Pino) e o segundo para Noelia Méndez Piñeiro, tamén de Pino.

## Comezan as obras da estrada que une Muimenta e A Pastoriza

A Deputación de Lugo comezou os traballos de mellora da estrada LU-P-4401, a vía provincial que conecta A Pastoriza con Muimenta pasando por Reigosa. Os traballos, que teñen un investimento de 304.250€, execútanse en preto de 11 quilómetros, dende o punto quilométrico 0 e o 10,9.

Estas melloras beneficiarán á veciñanza das localidades da Pastoriza, Cospeito e Castro de Rei, así como a todas as persoas que cada día transitan por ela para desprazarse pola comarca da Terra Chá.

Os traballos consisten na rexene-

ración con aglomerado en quente por tramos e na reposición da pintura nos preto de 11 quilómetros da vía, mellorando a súa seguridade e comodidade de xeito integral. O prazo de execución é de 6 de meses, pero a previsión é que as obras queden rematadas antes se as condicións meteorolóxicas son favorables.

A institución provincial suma esta nova actuación na súa rede de estradas, a máis longa de España, dentro da aposta do Goberno pola mellora da mobilidade para favorecer o reequilibrio territorial, especialmente nas zonas rurais.

## Comeza o Mercado de Nadal de Muimenta

O Mercado de Nadal de Muimenta, que alcanza a súa décimo terceira edición neste ano 2021, deu comezo o mércores 1 de decembro e rematará o mércores 5 de xaneiro do 2022.

Participarán un total de 29 negocios, repartíndose un total de 18.000 rifas entre os seus clientes.

Os premios serán 18 vales de 100 euros. As papeletas gañadoras serán aquelas nas que o número coincida cos tres últimos díxitos do primeiro premio da Lotería de Reis, que terá lugar o vindeiro mércores 6 de xaneiro do 2022.

Os gañadores, terán que informar antes de que remate o sábado 15 de xaneiro. Ditos vales, deben ser consumidos, nos negocios pertencentes ao colectivo empresarial, nos trinta días posteriores a súa entrega.

Esta iniciativa xurdiu no ano 2009, como unha maneira de fomentar o comercio local incentivando as compras de Nadal nos negocios da parroquia.

**CONCERTO DE NADAL.** O colectivo musical cospeités Asubíos da Chaira sumarase á celebración do Nadal



novo concerto que terá lugar o 18 de decembro, ás 20.00 horas na casa da cultura de Feira do Monte. Con este concerto, de entrada libre e gratuíta, o colectivo quere festexar o novo ano aos veciños.

## O PSOE reclama o arranxo das estradas e a consulta médica

O Pleno de Cospeito volveu centrarse de novo nas preguntas e mocións dos socialistas. Unha das principais foi na que se reclamaba ao Concello que se fixese o mantemento básico das pistas do termo municipal, que non se completou no verán e que agora, coa chegada do inverno vai ser complicado.

A socialista Rosa Morán insistiu en que moitas das estradas están totalmente intransitables "e vamos a peor". Laméntase que a resposta por parte do Concello non é suficiente. "Dicen que están traballando niso pero a situación segue a empeorar".

Así mesmo, Morán lembrou que segue sen solucionarse o problema do centro de saúde de Feira do

Monte, onde unha das consultas, situada no soto, "segue nun estado lamentable". "Ben é certo que nos dixeron que formaba parte dunha reforma grande pero agora a situación é urxente", indicou.

O Plan Xeral volveu ser tema do Pleno onde se informou aos grupos da oposición de que se lles chamará a unha comisión informativa para dar conta da nova contratación. "O tempo pasa e nada sabemos desa comisión", indica Morán.

Tamén os socialistas esperan información sobre o estado das alegacións contra o proxecto do novo parque eólico que presentaron os veciños e que o Concello estaba encargada de facer chegar conxuntamente coas propias.

## Faleceu aos 69 anos o académico cospeités Darío Xohán Cabana

A Real Academia Galega comunicou o pasamento de Darío Xohán Cabana Yanes, unha das grandes voces das letras galegas contemporáneas e membro de número da institución. O escritor e tradutor, nado en Roás no ano 1952, faleceu aos 69 anos de idade.

Ao longo de máis de medio século de vida, Darío Xohán Cabana cultivou case todos os xéneros en máis de corenta títulos dirixidos tanto ao público adulto como ao máis novo, entre os que salientan obras como *Galván en Saor*, un dos grandes éxitos da literatura galega das últimas décadas; poemarios como *Patria do mar* ou *Canta de cerca a morte* e as traducións ao galego dos grandes clásicos de literatura italiana, Dante e Petrarca.









## A Xunta autoriza a creación dun auditorio e un centro de formación musical

O Consello da Xunta autorizou a sinatura dun convenio de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e o Concello de Begonte para a reforma e acondicionamento dunha escola de música e auditorio neste concello lucense por importe de algo máis dun millón de euros.

O orzamento será financiado a partes iguais pola Axencia de Turismo de Galicia, a Consellería de Medio Ambiente e a Consellería de Cultura, achegando cada unha un importe de 349.312,89€.

O obxectivo é consolidar unha escola de música que xestionará a asociación Músico Crisanto, dando continuidade á actividade que veñen desenvolvendo desde o ano 2007 en Rábade, Begonte e Outeiro de Rei e que se estende polos municipios veciños.

Na actualidade a escola de música ten 150 alumnos e un total de 16 profesores.

## Terra Chá Sostible recibe o respaldo da denuncia das accións de roza nos humidais

A asociación para a defensa do medio ambiente Terra Chá Sostible recibiu contestación dende o Ministerio para a Transición Ecolóxica y el Reto Demográfico dándelles a razón sobre os "graves danos" debido a rozas nos humidais da Lagoa de Fontefría e as Lagoas do Chao en febreiro de 2020.

O colectivo denunciara que se realizaron actuacións de curtas e rozas en grandes superficies de hábitats prioritarios en varios humidais de Begonte sen ningún tipo de control o que provocou nestas zonas graves danos debido a desbroces.

Solicitan por tanto que se tomen as medidas pertinentes para a restauración ecolóxica dos hábitats afectados e que se aumente a protección de ditos humidais por parte dos organismos competentes en materia de conservación.

# Abre o tradicional Belén

O Belén de Begonte abriu de novo as súas portas e ata o 29 de xaneiro do próximo ano. O encargado de ler o pregón na igrexa parroquial de Begonte (18.00 horas) será o bispo de Mondoñedo-Ferrol, Fernando García Cadiñanos. A continuación actuará o Orfeón Lucense e a Banda Sons e Soños, da asociación Músico Crisanto.

A cita, declarada de Interese Turístico Galego, recupera así a presencialidade despois de celebrar o ano pasado unha edición virtual por mor das restricións impostas a causa da pandemia. Porén, tamén poderá ser visitado a través da súa web, que recolle a historia e outra información de interese sobre o proxecto. A versión virtual do Nacemento estará dispoñible en galego, castelán e inglés.

Este Nadal o Belén de Begonte vaise organizar de acordo de forma diferente. Cada día que funcione o Belén haberá un total de 12 pases, que comezarán ás horas: 11.00; 11.30; 12.00 e 12.30 polas mañás, e polas tardes ás 15.00; 15.30; 16.00; 16.30; 17.00; 17.30; 18.00 e 18.30. En cada pase poderán acceder ao local 25 persoas.

Ao final de cada pase ventilarase o local ata a hora indicada, para a seguinte sesión, de acordo coa normativa vixente. Os visitantes deberán utilizar en todo momento a mascariña, e o xel de mans que terá ao seu dispor na entrada do Belén.

En reservas.belendebegonte.es poderán efectuarse inscricións individuais ata o día anterior ao previsto para asistir. E no teléfono 982 396 121 deberán reservar a súa entrada os grupos (colexios, asociacións, familias...), para o acceso ao Belén.

Cando se admita a visitantes para un pase do Belén, terán preferencia os que teñan reservada a súa entrada por internet ou a través do teléfono, podendo ser admitidos a continuación, ata completar o aforo, os que non tiveran reservado a súa entrada.

**CERTAMES.** Exposicións e certames culturais completan a programación de actos. Así, convócase o certame galego de arte José Domínguez Guizán, así como o concurso de poesía sobre o Nadal; o certame xornalístico Begonte e o Nadal e o de debuxo infantil, ao que poden concorrer a través dos seus colexios os nenos e nenas de ata 15 anos -en dúas categorías, unha ata 10 anos e outra de 11 a 15-. Hoxe foi presentada unha publicación que recolle os traballos de xornalismo e poesía premiados na pasada edición.

Os tres certames para adultos teñen como prazo de presentación o 6 de xaneiro e concederanse premios de 600 euros para o primeiro e 300 para o segundo.

Paralelamente, segue en marcha a mostra 50 Anos do Belén de Begonte, proxectada polo colectivo Egeria e o centro cultural José Domínguez Guizán con apoio do Goberno galego e do Concello de Begonte. Parte do contido percorre de xeito itinerante máis de 30 concellos do Camiño de Santiago; mentres que varios paneis permanecen expostos na Delegación Territorial do Goberno autonómico na ronda da Muralla, a biblioteca pública da Xunta en Lugo, a catedral de Mondoñedo e a casa da cultura de Begonte. Tamén nas instalacións da SA Xacobeo e no pazo de San Roque, en Santiago de Compostela.

## O Concello celebra un mercado de Nadal os días 18 e 19

O Concello de Begonte contará esta fin de semana co anunciado mercado de nadal, que se celebrará o sábado e o domingo na praza Irmáns Souto Montenegro. Xa está confirmada a participación de 25 expositores que ofrecerán todo tipo de produtos, principalmente orientado a estas datas que nos ocupan pero tamén doutro tipo. Así poderá mercarse artesanía, agasallos, alimentación, produtos naturais, manualidades, cosméticos naturais, roupa e moitas outras cousas.

O mercado estará aberto entre as 12.00 e as 20.00 horas os dous días e ao finalizar a feira, o domingo pola tarde, sortearase



unha cesta de nadal entre todos os compradores. Ademais, haberá actividades para os pequenos durante todo o día.

## Cubren a pista de pádel e reciben unha axuda para a mellora do saneamento

Remataron os traballos de instalación da cuberta da pista de pádel de Begonte. A obra contou cun orzamento de preto de 50.000 euros (48.393,97 euros), co 58% sufragado pola Xunta (28.000 euros) e o restante 42% achegado polo goberno local. En 2020 levouse a cabo a pista de pádel, renovada agora coa cuberta que vén de ser instalada. Daquela, o convenio entre Xunta e Concello contou cun orzamento de 25.000 euros, sendo o 80% achegado polo Goberno galego (20.000 euros) e o 20% polo municipio lucense (5.000

euros). A pista de pádel foi unha das dotacións máis demandadas en Begonte; trátase dunha pista regulamentaria, construída ao aire libre, e dispón de iluminación LED para prolongar as horas de uso. Agora, grazas a súa cuberta, poderá ser utilizada mesmo nos días de chuva.

**SANEAMENTO.** O Concello fixo a solicitude das subvencións aos concellos, en réxime de concorrencia competitiva, destinadas á execución de obras de abastecemento, saneamento e depuración, financiadas no



marco do eixe REACT-UE do programa operativo Feder Galicia 2014-2020 como parte da resposta da Unión á pandemia da covid-19.

Con estas axudas acométese a mellora da rede de abastecemento municipal da auga potable nos depósitos de Santalla e Gaibor por unha banda e a mellora da eficiencia dos sistemas de saneamento e depura-

ción, para a obra de Saneamento en Cobos-Pacios, pola outra.

Así en Santalla e Gaibor realizáronse melloras na instalación do sistema de cloración do depósito incluídas na instalación dun panel de cloración.

A segunda actuación ubícase no lugar de Cobos-Pacios, onde as vivendas da zona carecían de rede de saneamento.

**O gato con botas**  
zapatería  
C/ Plácida Peña, 8 - Baño  
27800 Vilalba (Lugo)  
Tel. 982516550

**GABINETE TÉCNICO AGROPECUARIO TERRA CHA**  
ENXEÑERÍA TÉCNICA AGRÍCOLA - SERVIZOS VETERINARIOS  
ENTIDADE DE ACONSELLAMENTO E XESTIÓN DO MEDIO RURAL  
CENTRO AUTORIZADO PARA A FORMACIÓN EN BENESTAR ANIMAL  
Novas oficinas:  
Rúa Lois Peña Novo, Baixo nº3 - Vilalba  
Tlf 982 523 649 - 982 523 601  
619 41 53 56 - 650 61 12 60  
ALÉN



## Abadín inviste na sinalización turística do termo municipal

O Concello de Abadín iniciará a sinalización dos puntos de interese turístico e histórico da vila a través de paneis informativos, un proxecto que foi adxudicado á empresa luguesa Helem Servicios Multisectoriales. O orzamento desta actuación é de preto de 23.000 euros, destinados á elaboración e á colocación de 19 paneis informativos de 40x65 centímetros carón dos principais recursos turísticos do concello co fin de que unha vez que o visitante chega ata eles poda ter a información necesaria para o seu coñecemento e interpretación.

Dado o elevado número de recursos con que conta o concello estes agrúpanse por parroquias polo que haberá un panel por parroquia no que se recollerán os recursos turísticos da parroquia, localizados nun plano e con fotografías e información deta-



Unha mostra da nova sinalización

llada dos mesmos.

Os paneis informativos ofrecerán información acerca dos recursos turísticos, nos que se incluírán fotografías, situación, descrições e datos relevantes sobre eles así como mapa detallado para a súa correcta locali-

zación. Ademais colocárase en cada un dos novos paneis un código QR cun vínculo directo para a descarga da app e de acceso a web de información turística municipal.

Ademais, co gallo de resaltar a importancia de todos os recursos turísticos do concello preténdese a colocación dun Directorio Planímetro Cultural, o contido deste planímetro será un completo mapa do concello situando todos os recursos turísticos do concello para poñelos en valor. Pretendese colocar tamén un planímetro do Camiño de Santiago o seu paso polo concello de Abadín, outro que recolla a información dos numerosos cruceiros que se encontran o longo do seu territorio, outro destacando a importancia da igrexa de Santa María de Abadín e outro destacando a importancia da Serra do Xistral.

### O PSOE pedirá en Pleno o amaño da estrada LU-133

O voceiro socialista, Pablo Díaz, defenderá unha moción no vindeiro pleno para demandar ao Concello que inste ao Goberno de Feijóo a mellorar e reparar a estrada autonómica LU-133 que atravesa o Concello ata Moncelos.

“Este vial é moi utilizado tanto polos transportistas que transcorren polo noso Concello, e tamén pola veciñanza da contorna. Polo tanto demandamos ao Goberno de Feijóo que inclúa a reparación desta estrada nas súas prioridades. É necesario a reparación do pavimento deteriorado así como a substitución da sinalización horizontal e vertical e o pintado da mesma.”

Emprouzo ao alcalde “a dar unha voltia polas parroquias e polas estradas que atravesan o Concello para comprobar o seu estado.

### O Nadal contará cunha festa de Reis e a visita dos Bolechas

Este Nadal a tradicional xira da familia Bolechas recalará en Abadín, onde prepararán unha carta a Papá Noel, pero a cousa complica e deciden seguir o labor comendo noces, que así pensan mellor. Mais as noces teñen a casca moi dura e escachan os dentes. Entón, os irmáns collen un crebanoces na cociña, pero trillan os dedos. De súpeto, alguén chama á porta e aparece un enorme crebanoces de Nadal chegado directamente de Alemaña para axudalos, mais ao pouco de empezar, o convidado fica inmóbil. Tras unha chamada ao 112, os Bolechas descubren que o crebanoces non é humano, senón un boneco de corda

e, ademais, non teñen a chave para volver activalo. Poderán os Bolechas recuperar o seu crebanoces de Nadal?

Os Bolechas estarán en Abadín o xoves 23 ás 16,30 horas no salón de actos da Casa do Concello. As entradas son de balde ata encher a cabida.

Ademais, este ano volverá a ver festa de Reis, que terá lugar o día 5 de xaneiro no salón de actos do Concello de Abadín durante a tarde. Como todos os anos, os nenos recibirán un agasallo das súas maxestades ademais de entregarlles as cartas ou explicarlles o que desexan. Ademais, haberá inchables no pavillón sempre e cando o permita a pandemia.



Acto de clausura da fase de probas

### Remata a fase de probas dos catro prototipos de medidas fronte ás néboas do Fiouco

Finalizou a fase de probas dos catro prototipos de medidas fronte ás néboas que desenvolveu durante este verán o Ministerio de Transportes, Movilidad e Axenda Urbana nun tramo anexo ao da vía na parte máis elevada entre Mondoñedo e A Xesta (Abadín). Agora o Ministerio de Transportes explica que realizará unha avaliación dos resultados, que “segundo o que podemos ver, son moi prometedores” e analizará a súa idoneidade para resolver a problemática en O Fiouco para, finalmente, decidir sobre a súa contra-

tación e instalación final.

O MITMA avanzou que “nos próximos meses asistiremos a un salto cualitativo neste tramo, coa combinación dun ou varios dos sistemas técnicos que coñecemos hoxe coas melloras da seguridade viaria que xa estamos a executar”. De feito, Tráfico se atopa nestes momentos finalizando a instalación de 372 novas balizas tipo led no tramo que permitirán que o limiar mínimo de visibilidade, por baixo do cal se pecha o tramo á circulación, baixe dos 40 metros actuais aos 30 metros.

### Entra en funcionamento o primeiro punto limpo móbil

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda concedeu unha achega de 49.000 euros ao Concello de Abadín para poñer en marcha un punto limpo móbil, co fin de optimizar a recollida dos residuos urbanos.

O delegado territorial de Lugo, Javier Arias, coñeceu o novo equipamento acompañado polo alcalde, José María López Rancaño. Arias explicou que esta liña de axudas da Xunta busca mellorar e ampliar a xestión de residuos especiais de competen-

cia municipal, co fin de favorecer a súa axeitada recollida, clasificación e preparación para a reutilización. Tamén se contribúe a evitar a proliferación de puntos de vertido controlado en espazos naturais.

A medida vai dirixida a municipios de menos de 3.000 habitantes, que poden cubrir o 100% do custo da compra do vehículo, ata un máximo de 70.000 euros para unha solicitude individual e de 100.000 euros no caso de concellos agrupados.

RESTAURANTE PARRILLADA

**O'Adro**

COMIDA PARA LEVAR  
COMIDAS DE EMPRESA, GRUPOS...

O Adro, Lanzós 27816  
VILALBA - LUGO  
982 52 58 65  
626 23 71 56

**LA CASILLA HOSTAL RESTAURANTE**

Preparamos comidas para llevar por encargo

BODAS - COMUNIONES - BANQUETES

zona para Boda Civil

www.lacasilla.es

BODAS Y BANQUETES

La Casilla

Especialidad en almejas y chuletón

GUITIRIZ 982 37 01 88



## O Pleno aproba uns criticados orzamentos

O Pleno xermadino reuniuse en sesión extraordinaria para aprobar os orzamentos para o exercicio 2022. As contas incrementáanse en 64.164,73 euros respecto ao exercicio 2021.

A capacidade investidora aumenta notablemente respecto ao ano en curso, dado que no 2022 o Concello de Xermade debe achegar 55.220 euros para a construción da depuradora do Campo da Feira-Momán, unha obra que executará a Confederación Hidrográfica Miño-Sil e que se prevé remate no ano 2023. Ademais, prevese a achega municipal aos investimentos do Plan Único e o Plan de Mellora de Camiños de Agader, que ascende a un total de 28.861,80 euros.

Como en anos anteriores, dásele continuidade ás axudas a asociacións, festexos, Uned Sénior, Educando en familia, clubs de fútbol e eventos deportivos, agardando que no 2022 podan celebrarse, do mesmo xeito que o Encontro Internacional de Torneos da Madeira, e como novidade prevese unha axuda de 500 euros para a ANPA do CEIP Xermade.

Un dos gastos de maior relevancia é o contrato do Servizo de Axuda

no Fogar, que supón un gasto de 744.886,80 euros. Grazas ao incremento da achega da Xunta de Galicia ao SAF dependencia derivado do convenio recentemente asinado coa FEGAMP, o Concello de Xermade no 2022 deixará de achegar 61.666,80 euros, que ata o momento era sufragados polas arcas municipais.

Co obxectivo de reforzar os servizos públicos que se veñen prestando á veciñanza con medios propios, recentemente cubríronse as dúas vacantes de operario de servizos múltiples.

**PARTIDO POPULAR.** O voceiro do PP de Xermade, Antonio Riveira, critica "a falta de inversións por parte do Concello" nos orzamentos municipais para o 2022 que foron aprobados polo goberno local do PSOE no pleno extraordinario do pasado xoves co voto en contra do PP.

O popular remarca tamén que "os ingresos do Concello confirman que dende que se iniciou este mandato, subiron tódolos impostos en Xermade. Só coas taxas de servizo de abastecemento de auga, recollida do lixo e servizos asistenciais -axuda no fogar-, prevé recadar 293.000 euros".

## Comeza a construción da depuradora ecolóxica

Comezaron os traballos de construción dunha depuradora ecolóxica en Xermade froito dun convenio de colaboración entre a Deputación de Lugo e o Concello, a través do que a institución provincial destina 46.000€ a este fin. Estará no barrio do Empalme, en Cabreiros.

Esta nova dotación pública mellorará o día a día da veciñanza dunha dúcia de vivendas do rural, onde o pico máximo de poboación que se acada é de 25 persoas. Terá capacidade

para filtrar 4.256m3 ao día. Vaise instalar ao aire libre nunha finca que se denomina Prado Vello, que conta cunha superficie de 272 m2, dos que a depuradora ocupará arredor de 100 m2. Ata o momento, este barrio aínda non tiña depuración de augas e era moi necesaria, polo que se dá solución a esta demanda grazas ao acordo do Concello e a Deputación. A previsión é que a depuradora xa empece a traballar a finais deste 2021, quedando os traballos rema-

## Convocada a segunda edición do concurso de decoración de Nadal



O Concello de Xermade recupera este ano o concurso de decoración de Nadal, estreado o ano pasado e que tivo unha gran aceptación con 41 participantes.

Nesta segunda edición establécense dúas grandes categorías, a de vivendas por un lado e a de negocios pola outra. Na primeira haberá diferentes premios, ao mellor árbore de nadal, o mellor nacemento, a mellor decoración interior e a mellor decoración exterior.

Na segunda categoría, exclusiva para negocios, só haberá un premio para a decoración xeral do mesmo. Os interesados en par-

ticipar neste segundo concurso poden inscribirse no 678 744 178 ou no correo educadora.familiar@xermade.org antes do 21 de decembro. O premio en cada unha das cinco categorías será unha cesta valorada en 130 euros.

**EXCURSIÓN.** Un ano máis, o concello organizará unha excursión a Xuvenilugo, que terá lugar o 27 de decembro con saída en bus ás 15.30 da praza do Concello. Haberá límite de prazas e terá prioridade as persoas empadroadas. Tamén haberá que inscribirse premiamente no teléfono 678 744 178.



tados no prazo dun mes. Este tipo de depuradoras funcionan ao aire libre e con plantas, e teñen un custo de funcionamento e de mantemento máis barato que as convencionais, sendo a opción máis van-

taxosa para núcleos de poboación pequenos coma este do Empalme. Os expertos resaltaron que este tipo de depuración non dá olores e que acada incluso mellores resultados que os sistemas tradicionais.

## Celebran o 124 aniversario do nacemento do poeta meirense Avelino Díaz

Dentro da programación organizada arredor da celebración dos 124 anos do nacemento de Avelino Díaz, celebrarase no Centro Sociocultural de Meira un acto que contará coa conferencia de Inés Mosquera Calvo, estudiosa da obra de Avelino, titulada A faceta tradutora de Avelino Díaz, e coa actuación de Tango en xaneiro, un dos primeiros grupos que musicou letras do Poeta de Meira.

O evento, que será presentado por Silvia Basanta Camiño, educadora da Institución Libre de Enseñanza, terá lugar o sábado 18 de decembro, a partir das 17.00 horas con aforo limitado.

Durante o acto farase entrega da edición facsimile do libro de Avelino Díaz Unha voz comprometida na Galicia emigrante.

## O PP anuncia unha segunda ampliación do polígono

O portavoz popular en Meira, Carlos Veiga, mantivo unha entrevista coa conselleira Ángeles Vázquez e coa presidenta provincial do PP, Elena Candia na que destacaron a necesidade de dispoñer de solo industrial para atraer empresas ao municipio, crear postos de traballo e así fixar poboación.

A consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Ángeles Vázquez, garantizou unha nova ampliación do polígono industrial en canto sexa executada a que se levará a cabo con cargo ao presuposto para o 2022.

No encontro, pasouse revista a distintas cuestións que afectan ao Concello de Meira. Nese contexto, a consellería anunciou que unha vez rematen as obras de ampliación do polígono empresarial previstas no orzamento da Xunta para o próximo exercicio económico, programárase unha nova ampliación.

**Asesoría Enerxética**  
**Terra Chá**

CONTRATACIÓN - RECLAMACIÓNS  
SUBVENCIÓNS - AUDITORÍAS  
ILUMINACIÓN LED  
CERTIFICACIÓN ENERXÉTICA  
INSTALACIÓNS FOTOVOLTAICAS

Praza da Constitución, 3 - Baixo. 27800 Vilalba (Lugo)  
Tel.: 982 512 233 - info@enerxiaterracha.es - www.enerxiaterracha.es

**A Lareira**  
Taberna Galega  
Restaurante

Rúa do Sol, 4  
27800 Vilalba, Lugo  
Tel.: 982 512 842



## Inaugurado o sétimo Centro de Atención a Maiores da Deputación

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, xunto ao alcalde de Meira, Antonio de Dios, inauguraron o Centro de Atención a Maiores Santa María de Meira, que pon en marcha a institución provincial en colaboración co Concello, a sétima da rede provincial.

No acto tamén participaron deputados provinciais, membros da Corporación municipal, e veciños do municipio, ademais de persoas que entrarán a vivir na residencia e familiares. De feito, os usuarios e usuarias coñeceron hoxe as instalacións e mañá comezarán os preingresos.

José Tomé Roca destacou que a apertura deste Centro de Atención a Maiores, co "que cumprimos cun compromiso moi importante que tiñamos co Concello de Meira e cos veciños e veciñas deste municipio", é "unha verdadeira medida de apoio ao noso rural, unha medida real para que a xente se quede a vivir nas nosas aldeas e concellos, e, en definitiva, para que o noso rural teña futuro", asegurou.

Neste sentido, incidiu en que esta

nova dotación social, que conta con 30 prazas de residencia -ampliadas a 38 se fose preciso-, ofrecerá un servizo público de calidade "que consiga tres cuestións fundamentais: garante o benestar e a tranquilidade dos usuarios e usuarias e as súas familias, favorece o arraigo dos maiores no seu entorno e, ademais, crea emprego e dinamiza a economía". Neste sentido, o Presidente lembrou que a Deputación de Lugo ten implantado un modelo de xestión 100% pública, "que pon no centro ás persoas, non ao negocio". "O único interese que temos é prestarlle ás persoas maiores os mellores cuidados e atención, que sintan que este é o seu fogar e que aquí formen unha nova familia", subliñou.

José Tomé recalcou así mesmo que o centro ten 30 prazas e contará con 25 traballadores e traballadoras, "polo que a atención será practicamente personalizada porque haberá case un residente por traballador". En canto ao arraigo dos maiores no seu entorno, o mandatario provincial explicou que o centro de Meira con-

segue este obxectivo por dous motivos. Por un lado, porque no acceso ás prazas tiveron prioridade os veciños e veciñas do concello, logo os veciños da comarca e seguidamente os do resto da provincia de Lugo. Polo tanto, "as persoas que necesitan cuidados e que queren vivir aquí, teñen a oportunidade de facelo, quedándose no lugar no que pasaron toda a vida, xunto ás súas familias, amigos e veciños", afirmou.

**CARACTERÍSTICAS.** O Centro de Atención a Maiores Santa María de Meira ocupa unha extensión de 3.312 m<sup>2</sup>, dos cales 734 m<sup>2</sup> están destinados ao edificio. Esta parcela atópase na rúa Grupo Escolar, no casco urbano da vila. O edificio conta con planta baixa coas seguintes dependencias: vestíbulo, recepción, aseos adaptados, baños asistidos, despacho de dirección, sala de curas, rehabilitación, sala polivalente, sala de convivencia, sala de terapia, comedor, servizos de cociña, servizos de lavandería e vestiarios do persoal.



Primeiros usuarios do CAM

Na primeira planta, sitúase o control de enfermería, baño xeriátrico e 14 habitacións con baño individual. Na segunda planta, hai un local de apoio e outras 16 habitacións con baño individual. Son, polo tanto, 30 habitacións, que poderán ser dobres en residencia. Os residentes contarán con camas de 105cm, fronte aos 90cm habituais noutros centros, e contarán tamén con mobiliario exterior.

**RED PROVINCIAL.** A de Meira é a cuarta residencia que abre a Deputación de Lugo no que vai de mandato, e a sétima da rede provincial,

pois xa están en marcha Pol, Trabada, Ribadeo, Castroverde, Pedrafita do Cebreiro e A Fonsagrada, e "seguiremos avanzando para cumprir cos compromisos que como institución temos adquiridos en materia de residencias", confirmou o Presidente.

No ano 2022, a institución provincial ten previsto abrir seguindo este modelo os centros de Navia de Suarna e Ribas de Sil, ademais de traballar noutros proxectos, como os da Pontenova, Portomarín, Guitiriz, Becerreá, A Pobra do Brollón, Oural, Folgoso do Courel ou Ferreira de Pantón, entre outros.

## Comezou en Meira a campaña da DXT para protexer ao peón



Entrega dos chalecos

A subdelegada do Goberno, Isabel Rodríguez, fixo un chamamento aos peóns para que tomen todas as medidas de autoprotección que son especialmente importantes durante os meses de inverno nos que a falta de luz e o mal tempo diminúen a visibilidade. Realizou esta advertencia durante a presentación dunha nova campaña da Dirección Xeral de Tráfico de reparto de chalecos reflectantes para axudar aos peóns a aumentar a súa visibilidade.

Isabel Rodríguez acompañou aos axentes da Agrupación de Tráfico da Garda Civil que comezaron en Meira o reparto dos chalecos reflectantes da Dirección Xeral de Tráfico. No acto participaron tamén o alcalde de Meira, Antonio de Dios; o xefe

provincial de Tráfico, Ángel Álvarez, e o tenente da Garda Civil de Tráfico, José Manuel López Santiso.

Rodríguez explicou que coa campaña, na que se van repartir 500 chalecos reflectantes entre este mes e o de xaneiro, preténdese sensibilizar aos usuarios da vía, tanto peóns como condutores, sobre a importancia de ver e ser vistos, así como de cumprir as normas de circulación. O obxectivo é loitar contra o goteo de peóns que son vítimas de atropelos.

No que vai de 2021 rexistráronse 18 accidentes por atropelo nas estradas e travesías lucenses, dos case 100 computados no conxunto da Comunidade Autónoma. A esa cifra hai que sumar outros 40 atropelos en vía urbana.

## Arranca a celebración do Nadal

Meira arrancou xa o seu programa de Nadal, que como explican, contará con menos actividades das desexadas debido á presenza activa da pandemia de covid.

O alumado de Nadal xa está acendido e aberto tamén o concurso de decoración de escaparatés organizado por ACEA.

Tamén, aproveitaron os primeiros días da ponte para organizar visitas guiadas de balde ao Mosteiro de Meira, que teñen lugar todos os sábados de decembro ás 12.00 horas, agás o día de Nadal. Posteriormente suspeude a que se ía celebrar o sábado 11 debido á coincidencia coa manifestación contra os eólicos.

Así mesmo, o 18 continuará a programación cun festival de corais, ás 19.30 horas, que se celebrará na igrexa.

Non faltará tampouco, o día 22,

ás 21.00 horas, a tradicional chocolatada no Convento para recuperar, o día 25 a representación do Belén vivente na igrexa de Meira, tamén ao cargo da Confraría local e que este ano estará dedicado aos gandeiros, polo que a organización solicita todo o referente ao leite, dende ordeñadoras, desnatadoras, etc. O domingo 26 tocará feira de novo en Meira e, pola tarde, ás 20.30 horas, terá lugar o concerto de Nadal, a cargo da Banda de Música de Meira na propia igrexa. Meira tamén celebrará o fin de ano o día 31, ás 12.00 horas, con badaladas na praza do Concello e animación musical.

En xaneiro continuará a programación coa tradicional Cabalgata de Reis, o día 5 e a representación do Belén de novo o día 6, ás 13.00 horas. Rematará o progra-

ma o día 8, sábado, cun concerto do grupo de gaitas e acordeóns da ESMU de Muimenta, tamén na igrexa, ás 20.30 horas.

**CONCURSO DE DECORACION.** Unha trintena de locais participan este ano no Concurso de Escaparates de Nadal 2021 organizado pola Asociación de Comerciantes, Empresarios e Autónomos de Meira, ACEA Meira, que deu comezo a fin de semana. Como na edición anterior, o local mellor adornado será escollido a través dunha votación popular en Facebook, onde hai un álbum con unha imaxe de cada local. Admíranse as votacións gústame, encántame, divírteme e asómbreme. A asociación lembra que este ano só haberá un gañador. As votacións poderán realizarse ata o 6 de xaneiro.





# DEPUTACIÓN

## O Pleno aproba un orzamento de 100 millóns de euros

O Pleno da Deputación aprobou este martes o Orzamento da institución provincial para o vindeiro ano 2022, que supera os 100M€. A Deputada de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, Mayra García Bermúdez, subliñou na sesión plenaria que os presupostos “están feitos dende o rigor, por un Goberno sólido que ten un proxecto moi claro para a provincia, e que están pensados para seguir mellorando e ampliando os servizos públicos, sobre todo no rural, e continuar apoiando a recuperación económica da provincia, en colaboración cos concellos e co tecido social e económico”. “Para elo”, explicou, “reforzamos as catro grandes liñas de actuación que temos marcadas dende o inicio do mandato: políticas sociais, cooperación cos concellos, apoio aos sectores produtivos e mellora da mobilidade”. A Deputada lembrou que estes Orzamentos son os máis altos da última década, e cualificounos como “claramente investidores e sociais”, porque os capítulos que máis suben son os de investimentos reais, transferencias de capital e gastos en bens e servizos, ademais das partidas vinculadas ás políticas sociais. No seu conxunto, o presuposto sube en máis de 7,7M€, o que supón un incremento superior ao 8% con respecto aos deste ano 2021, sobre todo debido ao aumento das achegas do Estado, que medran en 6M€. Así mesmo, a Deputada de Economía destacou que os Orzamentos sometéronse a debate e aprobación

“en tempo e forma para que poidan entrar en vigor a principios do mes de xaneiro, unha prioridade que nos marcamos como Goberno porque só así son realmente útiles e eficaces para a provincia”.

**POLÍTICAS SOCIAIS.** A Deputación de Lugo dedica máis dun terzo do total do Orzamento a Políticas Sociais, “que son xa un sinal de identidade desta institución”, explicou Mayra García. Son 34M€ -aumentando máis dun 12% respecto ao ano pasado-, destinados a servizos sociais e benestar, igualdade, cultura, deportes, mocidade, memoria histórica, emprego ou educación.

O maior incremento prodúcese no caso dos Centros de Atención a Maiores, cun 20% máis de orzamento que neste ano 2021, ata acadar preto de 10M€, porque “continuíamos despregando a rede provincial de residencias públicas”, explicou a Deputada.

A previsión do Goberno provincial para o ano 2022 é poñer en marcha as residencias de Navia de Suarna e Ribas de Sil, ademais de continuar traballando noutros proxectos que están marcha, como os da Pontenova, Portomarín, Guitiriz, Becerreá, A Pobra do Brollón, Ourense, Folgoso do Courel ou Ferreira de Pantón.

A Deputada de Economía lembrou que a Xunta de Galicia continúa sen aportar recursos económicos, nin para a construción, nin para o funcionamento das residencias provinciais. Xunto aos centros de maiores, no

Orzamento do ano 2022 contan con dotación de recursos o servizo de Teleasistencia Domiciliaria e o Servizo de Axuda no Fogar, con 2M€, neste caso a través do Plan Único.

Tamén no eido das Políticas Sociais, a Deputada de Economía destacou que o vindeiro ano mobilizaranse 9,4M€ para emprego, un 5% máis ca este ano.

**COOPERACIÓN.** “Nestes dous anos que levamos gobernando reforzamos o papel da Deputación como unha administración fundamental para achegar servizos ós veciños a través da cooperación cos concellos”, asegurou a Deputada. O principal instrumento de cooperación da institución provincial, o Plan Único, está dotado con 11M€ no Orzamento, que se elevarán ata os 21,5M€ coa incorporación de remanentes, como se fixo ata agora.

A Deputada confirmou tamén que a institución provincial seguirá concorrendo de maneira directa ós fondos europeos para impulsar a recuperación social e económica, en colaboración coas entidades locais.

**SECTORES PRODUCTIVOS.** A titular da área de Economía, Recadación e Facenda subliñou que o apoio aos sectores produtivos estratéxicos da provincia de Lugo e a aqueles que máis sufriron e sofren o impacto da pandemia é outro dos piares dos Orzamentos do 2022. Desta forma, a Deputación continuará co Plan de Impulso da Economía da Provincia.



**PREMIO COGAVE.** O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, foi distinguido co premio Crer no Movemento Veciñal que lle entregou a Confederación Galega de Asociacións Veciñais (Cogave).

Destacou a subida dun 23%, ata os 3M€, das partidas destinadas a accións e proxectos de apoio ao sector primario, entre elas, a Granxa Gayoso Castro, que contará cun orzamento superior ós 1,7M€, un 12% máis ca este ano.

En canto aos fondos para turismo, suman 3M€ para continuar potenciando “outra das actividades estratéxicas da nosa provincia”. Mayra García destacou o servizo de rutas fluviais en catamarán pola Ribeira Sacra, ademais do apoio económico que dará a Deputación de Lugo á Mancomunidade de Municipios da Mariña e ao Consorcio de Turismo da Ribeira Sacra para levar a cabo os Plans de Turismo Sostible que lles concedeu a ambas entidades o Ministerio de Turismo.

Tamén incidiu nas partidas vinculadas coa conservación do medio ambiente e o desenvolvemento sostible, que superan os 4M€, un 20% máis ca neste ano 2021.

Como proxecto destacado en relación co turismo e co medio ambien-

te, a Deputada aludiu ao Parque Central de Galicia, un gran espazo público que está creando a Deputación para poñer en valor o centro xeográfico galego, en Nugallás, en Antas de Ulla, e que será unha realidade o vindeiro ano.

**MOBILIDADE.** O Goberno provincial demostra no presuposto que a mellora da mobilidade é unha prioridade. Suben un 7% o investimento en estradas, ata chegar aos 17,3M€, destinados a tarefas de mellora, desbroce, conservación e mantemento da rede viaria provincial, a máis extensa de todo o Estado e tres veces maior ca da Xunta en Lugo.

Por outra banda, na sesión plenaria deste martes, tomou posesión como Deputado José Fernández Vázquez. O concelleiro de Samos polo Partido Popular releva así a José Antonio García. Fernández Vázquez prometeu o seu cargo sobre a Constitución e recibiu o diploma acreditativo e unha réplica da medalla que distingue aos representantes provinciais.

## Arranca a nova campaña para animar as compras no comercio local na provincia

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, mantivo un encontro co secretario Xeral para o Reto Demográfico do Goberno de España, Francesc Boya, no Centro de Atención a Maiores de Castroverde, co fin de mostrarlle in situ o modelo asistencial ás persoas maiores que a institución provincial ten implantado en colaboración cos concellos como unha “verdadeira medida de apoio ao rural, unha acción real para fixar poboación nas nosas aldeas e pobos e, polo tanto, unha iniciativa eficaz para afrontar o reto demográfico”. O presidente subliñou que na Deputación de Lugo “convertemos unha

situación adversa, como é a alta taxa de envellecemento da provincia, nunha oportunidade de desenvolvemento sostible, grazas a un modelo asistencial ás persoas maiores que garante o benestar e tranquilidade dos residentes e das súas familias, favorece o arraigo, e crea emprego e actividade económica”.

Con respecto ó benestar e tranquilidade dos usuarios, José Tomé explicou que este obxectivo é posible porque o modelo de xestión provincial é 100% público, polo que pon ás persoas no centro da atención. Así mesmo, lembrou, “a atención é practicamente personalizada”.

## Urxe á Xunta a reformular a Atención Primaria e impulsar os xeodestinos

A Deputación de Lugo urxe á Xunta de Galicia a reformular a Atención Primaria no Servizo Galego de Saúde (Sergas) co obxectivo de que sexa máis eficiente en canto á atención á veciñanza e á xestión.

A voceira socialista do Goberno, Pilar García Porto, explicou que dende hai un tempo existen numerosas reivindicacións e queixas por parte de pacientes e traballadores pola deficiencia de recursos materiais e humanos “froito das políticas de recortes executadas polo Partido Popular na Xunta de Galicia e, no seu momento, polo Goberno de España”. Indicou que “Galicia afronta a situación cun problema de persoal

grave no sistema sanitario público” e engadiu que “temos sensación de desatención ante a precariedade da nosa sanidade”.

A administración provincial insta a que se reforce o cadro de persoal con máis especialistas e pide a mellora das condicións de eventualidade para os profesionais do Sergas, facendo contratos máis estables. A voceira socialista do Goberno tamén puxo o foco en que se debería implantar unha xerencia de atención primaria en cada Estrutura Organizativa de Xestión Integrada (EOXI), dotándoa de recursos e autonomía de xestión, á vez que se promova a conexión entre os ser-

vizos de saúde mental e a atención primaria.

No Pleno tamén saíu adiante unha proposta socialista para instar á Administración autonómica a abrir un proceso de diálogo cos concellos e deputacións para clarificar a situación real do actual mapa de xeodestinos.

“Queremos que o mapa que se acorde ou se aprobe en colaboración cos concellos teña un carácter oficial e teña o visto bo do Parlamento e se publique no Diario Oficial de Galicia, como pasos previos para actualizar a información oficial na web de Turismo de Galicia”, explicou a voceira socialista do Goberno.



# TERRA CHÁ

## Máis contaxios, menos síntomas

A covid incrementa a súa expansión e a hospitalización antes do Nadal

A covid volve á carga e continúa sumando positivos aínda que de forma máis lenta e controlada ás vagas anteriores agás o último arreón.

Na comarca da Terra Chá segue a incidencia con presenza en case todos os concellos aínda que cunha baixa presenza na maior parte deles. O principal foco nesta vaga está situado en Vilalba, que coas altas non permite que se disparen os casos. Hai algún Concello como Cospeito, que se mantén limpo dende hai meses.

Este crecemento é paralelo ao que se está a producir no resto da provincia e de Galicia, e os expertos esperan que antes de Nadal poda chegar-se ao máis alto da curva e comezar o descenso aínda que non faltan as voces que falan da volta das restricións. Polo de agora as primeiras limitacións son en forma de consello para limitar as comidas familiares durante as festas.

As restricións agora mesmo céntranse na esixencia do certificado de vacinación, ou a PCR negativa



nos locais de hostalaría e mesmo a limitación dos grupos de non convivintes. O que mudou tamén foi a ampliación dos horarios da hostalaría ata as 1.30 horas as fins de semana.

**VACINACIÓN.** Por outra banda, a Xunta comezou xa co proceso de vacinación da terceira dose para toda a poboación en xeral e dos nenos de 5 a 11 anos, o colectivo máis castigado por esta sexta vaga.

Unha vez rematado coa vacinación deste grupo de idade espérase che-

gar a un grao de inmunización suficiente para ter controlada a covid.

**HOSPITALIZACIÓN.** Preocupa agora mesmo a situación que se está a vivir nos hospitais, xa que crecen ingresos e na UCI continúa entrando xente, a practica totalidade persoas sen vacinar de diferentes rangos de idade.

Polo momento esta sexta vaga tamén trouxo dous novos falecementos, dúas persoas de idade avanzada con outras enfermidades. Espérase controlar esta situación co avance da vacinación.



Belén de Momán o día da súa inauguración

## Os beléns de Momán e Labrada quéixanse do prezo da luz

Un ano máis, as parroquias chairegas de Momán (Xermade) e Labrada (Guitiriz) contan con senllos beléns reivindicativos, realizados polos veciños baixo a dirección do cura Patiño. Ambos os dous xa abriron ao público esta fin de semana e volven facer unha reclamación respectuosa, de protestas e de homenaxe onde as principais reivindicacións xiran sobre a subida da factura da luz e a baixada do prezo que se paga polo leite e a carne aos gandeiros.

Por suposto a covid e a súa variante

ómicron serán unha parte deste cemento no que se reclama a vacinación para todos os países, desenvolvidos ou non. Non faltan referencias á violencia de xénero, á situación que viven en La Palma coa erupción do volcán Cumbre Vieja ou a situación dos emigrantes que chegan a España en pateras.

O de Momán está situado na Capela de San Antón e para visitalo hai que falar con Amador. En Labrada a visita é en festivos ata despois de Reis.

## Nadal 2021-2022 Concello de Vilalba

<b>13 decembro</b> <b>COMEZO DO III CONCURSO DE ESCAPARRITES</b>	<b>17 decembro</b> 20-30h. Auditorio Municipal <b>RECITAL ALUMNADO DO CONSERVATORIO MUNICIPAL</b> de balde	<b>18 decembro</b> 17-00 e 19-30h. Auditorio <b>NAVILAND</b> a musical que canta a lugar onde vivimos os Bóns Magos prezo: 3€	<b>19 decembro</b> 18-00h. Auditorio Municipal <b>APALPADORA</b> a illa do leonés Apalpadora caba e protexa e busca aos mentais para visitar os rios e rios de Vilalba de balde	<b>21 decembro</b> 9-30h. Praza Constitución <b>FEIRA DO CAPÓN</b> COMEZO DO "I CONCURSO DECORACIÓN DE CASAS, FACHADAS E BALCÓN DE NADAL"
<b>23 decembro</b> 16-15 e 17-45h. Biblioteca BEBETECA: <b>COMERÁ O BEBÉ?</b> comas, pastas, sopa de maiz, musica e máis máis de balde <small>tamén prezo na biblioteca</small>	<b>23 decembro</b> 21-00h. Auditorio Municipal <b>MÚSICA DE CINE CONCERTO DE NADAL ORQUESTRA GAGS</b> dúas concertos da historia de cine de balde	<b>24 decembro</b> 17-30h. Auditorio Municipal <b>PASARRÚAS PARA NOEL</b> pasarrúas pola tradición para os rios de Vilalba, con agasallos para os rios e rios	<b>25 decembro</b> 20-00h. Auditorio Municipal <b>CONCERTO DE NADAL BANDA DE MÚSICA DE VILALBA</b> de balde	<b>26 decembro</b> 20-00h. Auditorio Municipal <b>PRESENTACIÓN LIBRO "CONVERSAS ARREDOR DE XORIMA"</b> de Paula Rosado na actuación de XORIMA de balde
<b>27 decembro</b> 19-30h. Auditorio Municipal <b>BALLET: EL LAGO DE LOS CISNES</b> de El Chabovski BALLET NACIONAL DE MOLDAVIA 12€ anticipada / 15€ tequilla	<b>29 decembro</b> 18-00h. Auditorio Municipal <b>OS TRES PORQUÍÑOS</b> obra musical con cancións en directo prezo: 3€	<b>31 decembro</b> 16-30h. Praza Constitución <b>V CARREIRA-ANDAINA SAN SILVESTRE</b> inscrición de 17 a 28 decembro <a href="http://www.championchipnori.com">www.championchipnori.com</a>	<b>2 xaneiro</b> 19-00h. Auditorio Municipal <b>LOS HIPNOAUTAS</b> espectáculo de hipnotas na participación de público prezo: 3€	<b>5 xaneiro</b> 18-15h. Estación Autobuses <b>CABALGATA DE REIS</b> 19-00h. Auditorio Municipal <b>RECEPCION CABALGATA DE REIS</b> Parroquias: RECEPCION REIS
<b>7 xaneiro</b> 18-00h. Auditorio Municipal <b>THE MAGICIANS</b> como todo o mundo sabe show internacional de acrobacias prezo: 3€				<b>8 xaneiro</b> 20-00h. Auditorio Municipal <b>ZARZUELA</b> na soprano Guillemar Carré na súa obra de teatro acompañados do pianista Manuel Ariza de balde

ENTRADAS Á VENDA EN [www.entradasvilalba.es](http://www.entradasvilalba.es)



## AGRO

## Seis concellos da provincia e As Pontes quedan libres da praga da couza da pataca

Na reunión da Comisión de seguimento da couza da pataca os datos acadados mostran un avance significativo na contención desta praga de corentena, un paso previo a unha posible erradicación.

Así, tras os últimos datos de capturas, quedan totalmente libres desta praga os concellos da provincia de Lugo de Abadín, Muras, Orol, A Pastoriza, A Pontenova e Riotorto, así como As Pontes.

Doutra banda, pasan a considerarse zona tampón os concellos de Alfoz, Barreiros, Cervo, Foz, Lourenzá, Mondoñedo, Ribadeo, O Valadouro, O Vicedo, Viveiro e Xove; ademais das parroquias Balboa, Fórnea, Ría de

Abres, Sante, Vidal, Villaformán e Villapena, no Concello de Trabada.

En todas estas zonas tampón, os agricultores deberán comunicar inmediatamente despois da sementeira, e en todo caso antes do 1 de abril, todas as parcelas cultivadas con pataca. En canto aos operadores de semente deberán levar o rexistro de información dos compradores e ter instalado no local destinado a almacén trampas de feromona específica para a captura de Tecia solanivora.

Así, considérase zona infectada a totalidade da superficie do concello de Burela e a parroquia de Trabada, no Concello homónimo.

ELISARDO BARCALA



Web: [www.ebarcala.com](http://www.ebarcala.com)  
Facebook: @ebarcala

## Isabel Vilalba foi reelegida na Chaira secretaria xeral do SLG

O Sindicato Labrego Galego-Comisións Labregas celebrou o seu X Congreso en Vilalba baixo o lema Máis labregas, mellores alimentos. A vida das persoas e do planeta no centro. A gandeira de Lourenzá Isabel Vilalba Seivane, secretaria Xeral dende o ano 2012, foi reelixida no seu cargo para o novo período. Foron renovados tamén os órganos de dirección sindical, ficando elixidas as persoas que integrarán a Dirección e Executiva Nacional.

O encontro estivo marcado por apelacións aos grandes retos mundiais a nivel estrutural "que estamos a



Isabel Vilalba durante o encontro

afrontar na actualidade. As carencias e desigualdades crecentes que se es-

tán a expandir nas nosas sociedades obrígnanos a priorizar as cuestións verdadeiramente esenciais: o coidado da vida das persoas e do planeta". "No ano 2023 o Sindicato Labrego Galego-Comisións Labregas cumprirá 50 anos de loita, e nun día tan especial como o de hoxe queremos subliñar que a afiliación é o verdadeiro motor deste proxecto, desta loita", afirmou Vilalba. "A afiliación é o corazón e o corpo da nosa organización, porque están no día a día, pero sobre todo por producir alimentos, coidar o territorio e transmitir o coñecemento e cultura labrega".

## Panleucopenia

### APUNTAMENTOS VETERINARIOS



Breixo González

**F**ai uns días ,( a mediados de Novembro) vemos que xurdiu un brote dunha enfermidade coñecida como Panleucopenia Felina na comarca do Salnés en Ponedra. Pois ben imos falar sobre ela.

A panleucopenia felina está provocada por un parvovirus moi resistente na contorna. É un virus distinto do parvovirus canino (que causa diarreas en cachorros). Os gatos novos sen vacinar son os máis propensos a infectarse. O virus multiplícase no tubo dixestivo e na medula ósea, o que explica os síntomas. É un virus moi contaxioso que se excreta coas feces e calquera líquido corporal. É moi resistente na contorna, onde pode sobrevivir ata un ano. A infección pode orixinarse por contacto directo coas feces dun gato infectado, ou be, por contaxio indirecto a partir dun obxecto contaminado como a cama do animal, os cuncos de comida ou mesmo un coidador dun gato infectado. A

infección prodúcese cando se inxire o virus.

Provoca síntomas dixestivos (vómitos e diarrea, que a miúdo é sanguinolenta), febre e rexeitamento da comida; o animal aparece ademais extremadamente tranquilo e quieto e prostrado. Como resultado destes síntomas os gatos poden sufrir dun xeito rápido deshidratación e anemia. A miúdo o número de glóbulos brancos redúcese moito. Os gatiños sen vacinar son especialmente vulnerables, e neles a enfermidade pode ser mortal con gran rapidez. Se unha gata inféctase durante a xestación, o virus pode provocar danos no sistema nervioso central (hipoplasia do cerebelo, que se caracteriza por animais con problemas de mobilidade) dos gatiños. Se os gatiños sobreviven ata o final da xestación, presentan ao nacer importantes problemas de equilibrio.

Os síntomas de diarrea hemorráxica e/ou vómitos fan sospeitar rapidamente que se trata dunha panleucopenia felina. Pódese confirmar o diagnóstico mediante unha análise fecal, que permitirá detectar a presenza do virus nas feces, ou ben

mediante a análise comparativa de dúas mostras de sangue extraídas cunhas semanas de diferenza, cuxo resultado permitirá saber se o animal estivo exposto ao virus.

O tratamento está dirixido a tentar controlar os síntomas. Ten que ser agresivo e empezarse canto antes. Adoita ser necesario hospitalizar aos animais. Empréganse antibióticos para controlar posibles infeccións secundarias. Adminístranse líquidos para tratar a deshidratación, e pódese facer unha transfusión de sangue ou outros hemoderivados para tratar a anemia e o número reducido de glóbulos brancos. Tamén se poden dar fármacos para deter os vómitos. Os animais infectados téñense que illar dos outros gatos. Ademais, débense aplicar réximes hixiénicos estritos con desinfectantes eficaces, para evitar a contaminación da contorna e a roupa e as mans das persoas en contacto cos animais enfermos.

A vacinación é moi eficaz para previr a infección e a enfermidade. Os gatiños téñense que vacinar cando teñen poucas semanas.

**MAESTRO IMAN**  
VIDENTE AFRICANO  
ALTA EXPERIENCIA  
Puede resolver todo tipo de problemas. Especialista de vida Amorosa, Recuperación de pareja, Impotencia Sexual, Familiares, Mal de Ojo, Hechizos...  
SU TRABAJO ES SERIO 100% Garantizado y Rápido  
**651 44 11 86**

- CONSULTORIO DE MASCOTAS E CLÍNICA DE ANIMAIS DE GRANXA  
CO ANUNCIO RECORTADO 10% DE DESCONTO EN VACINAS E MICROCHIPS  
**CHAIREGOS**  
SERVICIOS VETERINARIOS  
R/ Gabriela Nieto Chain, nº 20  
(O Ramal) Rábade  
Telf. 982 871 103  
**URXENCIAS**  
24 HORAS



# Boicot dos gandeiros

Manifestáronse en dúas ocasións ante Larsa e Lactalis polos baixos prezos do pago do leite en orixe mentres o SLG reclama á Xunta un apoio ao sector

Os gandeiros volveron manifestarse en Outeiro de Rei ante a sede de Larsa polos baixos prezos que se están a pagar do leite en orixe.

Xunto a unhas pancartas os gandeiros subliñaron “os abusos” que se están a producir polas industrias lácteas como complemento a outra concentración similar realizada a ante a sede da outra láctea, Lactalis.

“Os prezos do leite están subindo en Europa, pero non en España e, menos aínda, en Galicia. Os datos do propio Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación de España apuntan que as granxas non cubren custos, e así nolo recoñeceu o número dous dese departamento hai escasos días. Esperamos que o goberno cumpra co anunciado e impulse canto antes inspeccións e sancións para facer cumprir a Lei de Cadea”, explicaron nun acto no que queimaron tamén pneumáticos e palla.

Os gandeiros anunciaron tamén que promoverán un boicot precisamente contras estas dúas empresas lácteas, Lactalis e Larsa, que recollen un 35% do leite que se comercializa en Galicia, se estas non aumentan os prezos de compra en orixe.

O obxectivo é que “as persoas con-



Imaxe dunha das concentracións ante as lácteas

sumidoras coñezan os abusos e ilegalidades que hai detrás das marcas que mercan”, din.

**SINDICATO LABREGO GALEGO.** Isabel Vilalba, urxe á Xunta de Galicia que saque unha liña de axudas “inmediatas” para frear a crise do sector lácteo e dos gandeiros galegos. Vilalba asegura que “ten que haber actuacións inmediatas” e pon o exemplo de “outros territorios” como Cantabria, que “acaba de sacar unha liña de axudas para as granxas tanto de leite como de carne ou o País Vasco, que sacou liñas de axuda

para sectores gandeiros”, explicou.

“Aquí en Galicia non hai movementos, están a explicarnos a Conta Láctea que non deixa de ser unha programación de xestión, que é unha forma de entreternos”, reprochou. “O sector está a lanzar unha chamada para que se actúe, existe bastante frustración porque non vemos respostas aos problemas”, abundou.

Isabel Vilalba tamén confirmou que se remitiron cartas “ás principais industrias recolledoras”, á vez que lamentou que “en canto ás empresas lácteas está todo moi bloqueado”.

## Comeza o pagamento das axudas da PAC

A Xunta, a través do Fondo Galego de Garantía Agraria (Fogga), comezou a facer efectivo o pagamento de máis de 127 millóns de euros das achegas da Política Agraria Común (PAC) correspondentes á campaña 2021-2022.

En total, serán máis de 110 millóns de euros de axudas directas e outros 17 millóns do pago de desenvolvemento rural destinado a zonas con limitacións naturais. Estes pagamentos beneficiarán, en conxunto, a máis de 25.000 agricultores e gandeiros da nosa comunidade.

En concreto, no marco das achegas directas que comezará a aboarse este venres, inclúense 62,3 millóns de euros do pago básico, 31,8 millóns do pago verde, 7,7 millóns para vacún de leite, 3,5 millóns de euros para vacún de carne, case 2,4 millóns para pequenos agricultores e, por último, 2,2 millóns para agricultores mozos.

Canto ao pago de desenvolvemento rural correspondente a zonas con limitacións naturais, ingresaránse dende o venres 9,2 millóns ao abeiro da submedida de montaña e outros 8 millóns pola submedida de zonas distintas de montaña.

Cómpre lembrar que o Fogga xa anticipara en outubro 37 millóns de euros das liñas de vacún de leite e vacún de carne, polo que o total de cartos aboados polo organismo sumando esta segunda xeira de pagos se eleva aos 164 millóns.

Así, un ano máis, Galicia sitúase entre as primeiras comunidades autónomas que pagou anticipos das axudas da Política Agraria Común (PAC), tras a realización de todas as comprobacións administrativas e dos controis obrigatorios sobre o terreo.

Este organismo pagador, adscrito á Consellería do Medio Rural, efectúa o pago do 70% da axuda total, o máximo establecido pola Comisión Europea.

**MARTES**  
**21**  
**DECEMBRO**  
**2021**

**FEIRA**  
**DO CAPÓN**  
**de Vilalba**

**9:30h.**  
**APERTURA DA FEIRA**  
**POSTOS CON PRODUTOS**  
**TÍPICOS DA ZONA**

**10:00h.**  
**PASARRÚAS A CARGO DE**  
**CERNA DE ÁRBOL**

**11:00h.**  
**ENTREGA DE PREMIOS A CRIADORAS E CRIADORES**  
**E GANADORA OU GANADOR DO I CONCURSO**  
**DE DEBUXO INFANTIL "CARTEL FEIRA DO CAPÓN"**

**12:00-14:30h.**  
**SHOWCOCKING**  
**DEGUSTACIÓN GRATUITA ATA FIN DE EXISTENCIAS**



# DEPORTES

**O Muimenta inicia unha campaña de recollida de xoguetes**



O SD Muimenta iniciou unha campaña solidaria de recollida de xoguetes para que "ningún neno se quede estes Reis sen o seu agasalho". A campaña, feita en colaboración con Cruz Vermella de Vilalba.

Quen queira sumarse a esta causa pode deixar a súa achega no campo de fútbol do SD Muimenta, entregalo a calquera membro do clubo ou deixalo no restaurante Anllo ou na froitería Novo. Poderanse levar xoguetes usados en bo estado ou facer doazóns monetarias.

## O rugby aséntase en Vilalba

**Un colectivo de afeccionados e profesionais puxeron en marcha este ano o Capóns Vilalba Rugby Club**

Vilalba acolleu este mes a I Xuntanza de Escola de Rugby, a posta de largo do club Capóns Vilalba para darse a coñecer un pouco máis entre os veciños e poñer en valor o traballo que se está realizando dende o inicio do curso escolar nos centros Insua Bermúdez e Mato Vizoso. Esta xuntanza reuniu a preto de 70 pequenos e pequenas de entre 6 e 12 anos que practican rugby en Galicia.

Pero non é esta a primeira acción que se realiza en Vilalba en pro do rugby. De feito, xa levaban anos mostrando o deporte e a súa práctica nos centros a través de charlas e sesións illadas, iniciativa lastrada o ano pasado pola chegada da covid.

Pero este ano, nestes dous centros de infantil e primaria, en común acordo coa dirección e as anpas, estanse a levar a cabo actividades extraescolares, que tiveron unha espectacular acollida e que foron



Participantes na I Xuntanza de Escola de Rugby

o xerme da formación do club. De feito, no primeiro centro contan con 28 rapaces que dúas veces á semana adestran para aprender e practicar este deporte.

O segundo centro tamén conta con 6 rapaces apuntados e está previsto poñer en marcha un grupo en próximas datas.

O novo club está presidido por Alfredo Pintor, coñecido deportivamente como Tejero, xunto a

un grupo de colaboradores, todos ligados ao rugby en Galicia, e de feito Tejero, que está adestrando parte do Muralla Rugb Club, é seleccionador galego sub 16.

Pero o proxecto deste novo club ten un fin maior. Xunto aos outros da provincia como o de Ribadeo, o Asterix de Viveiro, o Muralla de Lugo, o Landrús de Sarria ademais do veciño ourensán Sumi XV e o Fendetestas das Pontes, puxeron

en marcha hai uns anos o proxecto Rugby no Rural, que ten como obxectivo conseguir financiamento para implantar o deporte en todos os concellos nos que se poidan e impulsar nos deportistas os que consideran valores fundamentais deste proxecto, o respecto, o esforzo, o sacrificio e a consecución de obxectivos.

A actividade realizada en Vilalba o sábado vai nesa liña, co fin de facer unha xuntanza non competitiva, na que os pequenos aprendan e se divirtan co rugby, unha iniciativa que foi respaldada polos pais participantes.

Agora mesmo o Capóns Vilalba, con tan só un mes e medio de vida, está dando os primeiros pasos formando aos rapaces que queren aprender e practicar este deporte pero non se descarta nun futuro entrar no mundo da competición dentro da Federación Galega.



## Homenaxe en Friol aos catro atletas que participaron no Campionato de España absoluto

Foron recibidos na Casa do Concello de Friol, María Carballido, Cristian Montecelo e Nerea e Adrián Lage, os catro veciños de Friol, que participaron no Campionato de España absoluto de campo a través por clubs en relevos mixtos, celebrado en Sevilla. Lograron un gran posto 19, nunha competición dura e con grandes atletas contra os que competiron. Desfrutaron moito da competición e representaron ao seu pobo dun xeito espectacular. Estes traballadores incansables na loita por conseguir os seus soños en este deporte en particular, e na vida en xeral, son ademais grandes persoas e bos amigos. Dende o Concello de Friol queren agradecer que representen dun xeito

tan nobre ao seu pobo, por todos os lugares aos que van competir, e tamén o seu gran esforzo en cada competición á que acoden. Estes catro atletas frioleses levan xa dez anos practicando atletismo. Como ben di o seu mentor e adestrador, Felipe Barata, "unha década de amizade, de sinsabores, de algún que outro triunfo, pero sempre desfrutando dun deporte que xa forma parte das súas vidas. Agora xa son atletas con carné de autenticidade, e por encima de todo son un Equipo". O alcalde móstrase orgulloso de estes rapaces e rapazas, e destacou a importancia do fomento do deporte para manter unha boa saúde física e tamén mental.

## A carreira de Castro de Rei será en xaneiro

O Concello de Castro de Rei organiza a IV Carreira Popular Concello Castro de Rei. A proba celebrárase o vindeiro domingo 9 de xaneiro, con saída na Casa do Concello e percorrido por vías da Deputación. A meta será no Campo da Feira de Castro Riberas de Lea.

A carreira cumprirá en todo momento coas recomendacións establecidas para eventos e actividades deportivas no contexto da nova normalidade provocada pola covid-19, e en función da evolución da pandemia estará sometida, en todo caso, ao cumprimento das normas de prevención da enfermidade que establezan as autoridades sanitarias en cada momento. Polo que a organización, por causas de forza maior, reservárase o dereito de realizar os cambios que sexan necesarios.

A saída da proba será no núcleo de Castro de Rei, dende a casa do Concello, e a meta en Castro Riberas de Lea. A organización poñerá a disposición dos participantes na proba un servizo de autobuses para trasladar aos deportistas dende o Pavillón municipal de Castro Riberas de



Lea ata á saída na Casa do Concello.

**INSCRICIÓN.** A inscrición, que se realiza na web [carreirasgalegas.com](http://carreirasgalegas.com), pecharase o martes 4 de xaneiro ás 23.59 horas. Haberá unha categoría absoluta cunha distancia de 14,6 quilómetros e despois cinco grupos máis en función da idade que percorrán dende os 0,15 quilómetros dos pitufos ata os 2 quilómetros dos sub 18.

A carreira absoluta terá a súa saída ás 10.30 horas e as outras cinco probas saíran cada cinco minutos, dende os pequenos ás 12.15 ata os sub 18 ás 12.35.

## Abre a inscrición para o campus de Nadal do Fendetestas



O club de rugby Fendetestas organizou este ano unha nova edición do seu campus de Nadal, que se celebrará entre os días 27 e 30 de decembro na súa cuarta edición. O campus terá horario de mañá, de 10.00 a 14.00 horas e a actividade está aberta a nenos e nenas desde os seis ata os 16 anos aínda que as prazas están limitadas. A cota de participación é de 30 euros para xogadores do club e de 40 para os que non o sexan e ademais haberá un desconto de cinco euros para irmáns. Os interesados poden inscribirse poden facelo ata o día 17 e informarse a través do correo [campus@crfendetestas.com](mailto:campus@crfendetestas.com) ou mesmo a través das redes sociais.



## Seis medallas para o Moo Duk Kwan de Vilalba na Copa Xunta

A Escola de Taekwondo Moo Duk Kwan de Vilalba obtivo seis medallas na Copa Xunta 2021 deste deporte celebrada coa participación de 800 deportistas.

Así, obtivo un ouro a través de Diego Fernández Campos na categoría D2 masculino e a prata por medio de Cristina Insua Cendán en categoría A2. Finalmente os catro bronzes foron para Álex Insua Cendán en D2, Nicolás Ares Veiga, en D3, Borja Castro Rodríguez en D4 e Bruno González Vázquez en E4.

Ademais dos seis medallistas, o club contou coa participación doutros deportistas que fixeron un excelente



traballo como María Pardo Paz, Dani Hermida Ramudo, Lucas González Teijeiro, Xoana Kiman Crende Dougal, Jesús Seoane Santalla, Rida Bourkhiss, Saúl López Castro e Andrea Vélez Prado.



**ESCOLAS.** O alcalde do Concello de Outeiro de Rei, José Pardo Lombao, fixo entrega dos equipamentos deportivos ao equipo de fútbol sala da Escola Municipal Deportiva de Outeiro de Rei.

## Convocada a VI carreira San Silvestre Vilalbesa

Volverá este ano celebrarse a tradicional carreira de Nadal de San Silvestre, o propio día 31 de decembro, acadando a VI edición desta cita.

O prazo de inscrición para participar estará aberto entre os días 17 e 28 e os interesados poderán anotarse de forma presencial na oficina municipal de deportes en horario de 9.00 a 14.00 horas ou a través da web [www.championchipnorte.com](http://www.championchipnorte.com), onde se pode consultar xa todo o regulamento.

Un ano máis a celebración consistirá en correr disfrazados para entrar no sorteo de agasallos. Novamente haberá diferentes carreiras en función das idades dos participantes. Así, a categoría A, para nados entre 2016 e 2018, empezará ás 16.30 horas e terá un percorrido de 200 metros. Dez minutos máis tarde sairá a categoría B, para os anos 2014 e 2015 e con 400 metros de carreira.

Seguirá a categoría C (2011, 2012 e 2013), cun quilómetro de percorrido e con saída ás 16.50 horas. Rematarán a quenda dos menores ás 17.00 con 1.600 metros de percorrido para corredores dos anos 2008, 2009 e 2010.

A carreira absoluta será a partir das 17.30 horas —a saída e meta



estarán na Rúa dá Pravia— e para participantes nados nos anos 2007 e anteriores, que terán que completar unha distancia de cinco quilómetros.

A organización avanzou que haberá trofeos para os tres primeiros. Paralelamente terá lugar unha andaina de 2,5 quilómetros e aberta a persoas de todas as idades. Ao finalizar, todos os rexistrados poderán gozar dun chocolate con churros.

A inscrición terá un prezo de 2 euros para andaina e de entre 3 e 5 euros para a carreira absoluta. Os pequenos poderán participar de balde.

## Volven os premios á loita olímpica no regreso á competición

O Club Loitas Olímpicas de Vilalba acadou o segundo posto por equipos nos Campionatos Galegos de Loitas Olímpicas das modalidades cadete e sénior, que se disputaron en Santiago de Compostela.

O segundo posto do equipo foi na categoría sénior na modalidade libre olímpica masculina, categoría na que só contaban con dous loitadores que á postre acadaron senllos ouro. Trátase do inesgotable José Cuba en menos de 125 kg e de Bekbol Onggarov en menos de 74 kg. Ambos gañaron todos os seus combates con superioridade nun evento con moitas baixas tanto pola súa proximidade ao inicio da tempada como pola resaca da situación sanitaria que aínda nos mantén nunha certa excepcionalidade.

Debido a que as categorías base aínda están retomando os adestramentos cun contacto limitado non se desprazaron a competir.

Con este evento dase o verdadeiro pistoletazo de saída para o inicio da tempada deportiva na que José Cuba confirma a súa disposición a continuar noutro ciclo olímpico. Bekbol pola súa banda e con tan só 18 anos confirmase como a principal baza galega en 74 kg tanto na categoría sénior como júnior.

## TELÉFONOS DE INTERESE

### ABADÍN

Concello: 982 50 80 21  
Garda Civil: 982 50 80 11  
Centro de Saúde: 982 50 81 22

### A PASTORIZA

Concello: 982 33 21 97 / 982 33 21 60  
Garda Civil: 982 34 90 20  
Centro de Saúde: 982 33 21 41

### AS PONTES

Concello: 981 45 31 16  
Policía Local: 981 45 31 91  
Garda Civil: 981 45 00 05  
Centro de Saúde (cita previa): 981 45 12 51

### BEGONTE

Concello: 982 39 61 43  
Garda Civil: 982 39 80 08  
Centro de Saúde: 982 39 69 02

### CASTRO DE REI

Concello: 982 31 40 34 / 982 31 41 32  
Garda Civil: 982 31 40 02  
Centros de Saúde (cita previa) 982 21 10 18  
Castro de Rei: 982 31 42 11  
Ribeiras de Lea: 982 31 11 14

### COSEPITO

Concello: 982 52 00 01 / 982 50 40 57  
Garda Civil: 982 52 00 17  
Centro de Saúde (cita previa): 982 52 01 20  
Feira do Monte: 982 50 34 69  
Consultorio de Muimenta: 982 50 40 57

### FRIOL

Concello: 982 37 50 01  
Garda Civil: 982 37 50 02  
Centro de Saúde: 982 37 10 98  
Cita Previa: 982 37 10 05

### GUITIRIZ

Concello: 982 37 01 09 / 982 37 58 00  
Garda Civil: 982 37 00 01  
Centro de Saúde: 982 37 21 10  
Parga P.A.C.: 982 37 05 00

### MEIRA

Concello: 982 33 01 02  
Garda Civil: 982 33 00 04  
Centro de Saúde: 982 35 69 27  
Cita previa: 982 33 02 40

### MURAS

Concello: 982 50 00 01  
Garda Civil: 982 50 00 20  
Centro de Saúde: 982 50 01 23

### OUTEIRO DE REI

Concello: 982 39 32 81 / 982 39 30 55  
Garda Civil: 982 39 00 05  
Ambulancia: 982 23 16 13  
Centro de Saúde: 982 39 25 98  
Cita previa: 982 39 32 67  
P.A.C.: 982 39 34 00

### POL

Concello: 982 34 50 29  
Garda Civil: 982 33 00 04  
Centro de Saúde: 982 34 59 20 / 982 34 53 76

### RÁBADA

Concello: 982 39 00 62 / 982 39 00 52  
Garda Civil: 982 39 00 05  
Centro de Saúde: 982 39 01 01

### RIORTORTO

Concello: 982 34 62 22  
Garda Civil: 982 34 22 22  
Centro de Saúde (cita previa): 982 34 66 63

### VILALBA

Concello: 982 51 03 05 / 982 51 07 16  
Policía Local: 982 51 07 67 / 608 08 00 50  
Garda Civil: 982 51 03 07  
Centro de Saúde (cita previa): 982 51 03 11

### XERMADE

Concello: 982 50 10 01 / 982 50 20 03 / 982 50 10 27  
Garda Civil: 982 50 10 08  
Centro de Saúde: 982 50 11 34 / 982 50 10 55

📞 Teléfonos: [www.terrachaxa.com](http://www.terrachaxa.com)



**Emerxencias: 112**  
**Urxencias Sanitarias: 061**

**Incendios Forestais: 085**  
**Garda Civil: 062**



### TELÉFONOS DE INTERESE

# TERRACHAXA

Para calquera suxestión, información ou comentario non dubide en poñerse en contacto con nós.

Teléfono 661 464 323

[redaccion@terrachaxa.com](mailto:redaccion@terrachaxa.com)

Edición: PORTAS COMUNICACIÓN S.L.  
Dirección: Diego E. García Puente  
Teléfonos: 661 464 323 - 673 903 924  
E-mail: [redaccion@terrachaxa.com](mailto:redaccion@terrachaxa.com)  
Impresión: Tameiga Publicacións S.L.  
Dep. Legal: LU-517-03  
ISSN 2660-4507



# COLABORACIÓNS

## Marchou Darío

COA NOSA VOZ



Pablo Veiga

A actualidade é a que manda e condicionan a un á hora de escribir o correspondente artigo. O tema para o último número do xornal Terrachaxá decidiuse o dezasete de novembro, cando nos enteramos dunha nova que sorprendeu a case todos, como foi o pasamento do escritor Darío Xohán Cabana. Nas horas posteriores, moito se dixo del, todo bo, todo merecido, sen ningunha dúbida. E foise demasiado axiña, aínda que nunca adoita ser tarde para esa viaxe definitiva, deixando tocada a Literatura Galega e o conxunto da sociedade luguesa.

Darío naceu na parroquia de Roás. De pais labregos, estes eran republicanos e progresistas, nada menos, toda unha declaración de intencións na Galicia Rural da época e tamén da actual. Na súa casa había máis libros cá na do cura, adoitaba dicir, de aí que o seu amor polas letras xurdise case ó mesmo tempo que empezou a falar. No sangue levaba ese carácter inconformista e loitador, sempre a prol dos seus, cunha defensa a ultranza dos de abaixo, daqueles ós que a sorte non lles era favorable. Comprometido ata o último suspiro co Idioma, coa Cultura e co País, non eludiu responsabilidades e desde moi novo tivo unha militancia política moi significativa, amosando o seu patriotismo galego caracterizado por unha enorme coherencia.

A súa bagaxe como autor duran-



te a súa vida foi enorme; ademais de publicar numerosas obras, cultivando tanto a poesía como a narrativa, algunhas delas con premios literarios importantes, Cabana foi quen de traducir clásicos italianos como A Divina Comedia, de Dante, á lingua galega. Dos seus libros, permítome desta-

car Galván en Saor (1989), unha novela recreada en Roás –escrito Saor ó revés–, na cal se mistura a fantasía, o amor e a aventura, contado dunha maneira tal que nos transporta a un mundo imaxinario e apaixonante que el foi quen de contar coma ninguén. Aparte da súa faceta literaria, tan prolifera e merecidamente recoñecida, Darío era un personaxe de doada identificación; non pasaba desparcibido o seu porte e o seu aspecto físico tan propio. Foi un servidor público, acentuando o seu bo facer como empregado do concello de Lugo, onde a súa profesionalidade e dedicación deixaron pegada. El nunca esquecía as súas orixes, volvendo a esa Terra Chá que o viu nacer, igual que un veciño máis, sempre próximo, humilde e xeneroso.

Como anécdota, sinalar que Da-

río Xohán Cabana foi o invitado de honra na sesión de graduación na Facultade de Humanidades en dous mil dez, promoción da que un formou parte xunto a un conxunto de estudantes veteranos, os cales fixeramos grupo co resto de alumnos convencionais, loxicamente moito máis novos. Darío no seu discurso loubou esa xuventude que viaxaba, que dominaba idiomas, aventureira, unha xeración moi preparada e que se agardaba moito dela. Pero recalculles a aqueles mozos e mozas que eles e elas non eran máis importantes que unha caixeira dun supermercado ou que calquera outro empregado. Que nunca esqueceran iso. Palabra de xenio.

El sempre o tivo presente, de principio a fin. Que a Terra lle sexa leve.

## Dous homes e un destino

DE FOLIADA EN REIGADA



Moncho Paz

As recentes homenaxes a Enrique Urquijo, inesquecible voz rota da melancolía nos seus diferentes estados, trouxéronme á mente durante esta tempada a figura de Vicente Ahumada, quen tamén foi un destacado profesional do mundo da música en España e que tampouco está xa connosco. Cando finou en 2011, amigos comúns encargáronme que escribira a súa nota necrolóxica, da cal hoxe recupero varios parágrafos. Nas múltiples vivencias da miña etapa universitaria en Madrid, tiven a oportunidade -e a sorte- de coñecer a un a través do outro.

Corría o ano 1989. A historia comeza nunha agradable mañá de domingo no bar La Bobia, sito na rúa San Millán, que era a antesala do Rastro. Un local emblemático, elixido por varios directores de cinema como escenario das súas películas, como foi o caso de Almodóvar en “Laberinto de pasiones”. Alí coincidín por vez primeira con Enrique Urquijo, cantante e alma de Los Secretos, a quen me uniu a nosa mutua afección -case fanatismo- polos cómics. Tomando unha cervexa na barra, escoitei que comentaba con varios colegas o seu interese en

completar a colección do tenente Blueberry, unha secuencia francesa de historietas do oeste; tamén lle gustaba Jim Cutlass, dos mesmos autores. E eu tiña uns cantos exemplares no piso de estudantes/roqueiros que compartía con Xulio Villarino na Ronda de Valencia. De forma espontánea, entrei na conversa e quedamos en atoparnos o domingo seguinte, á mesma hora, para o primeiro troco. Eu pasaríalle varios exemplares de Blueberry a cambio de Torpedo 1936, unha serie española que narra as aventuras de Luca Torelli, un desalmado asasino a soldo. Así foi e, de seguido, continuamos o periplo pola praza de Cascorro e arredores, perdéndonos entre numerosos postos de venda e algunhas tabernas. Unha anécdota que lle contei durante aquel Nadal a outro entusiasta dos cómics, Agustín Fernández Paz, que fora galardoado co premio Merlín 1989 e que me concedera unha entrevista en exclusiva que publicamos posteriormente en El Progreso (“Non me gusta a moralina”, 4 de abril de 1990). Algún tempo despois -arredor de 1992- Enrique presentoume unha noite a Vicente Ahumada. Foi no Honky Tonk Bar, de Antonio Yenes (batería de Mermelada), un habitual punto de encontro para os noctámbulos da época. Nos altafalantes escoitabamos a The Flying Burrito Brothers. A noite rematou no barrio de Malasaña, territorio



comanche do afamado poeta Juan Repullés, quen trinta anos máis tarde puxo letra a aqueles días de xolda interminable en “Las reglas de la inconsciencia” (Madrid, Ed. Vitruvio, 2019). Un libro reflexivo, cheo de forza, capaz de facernos ver o mundo no seu declive; uns versos fermosos, pero tamén duros e amargos.

Ademais de desenvolver distintas responsabilidades en compañías discográficas, Vicente estaba considerado como un dos maiores expertos na figura de Elvis Presley. De feito, o “Club Elvis” chegou a ser todo un referente no panorama musical español, tras dezaseis anos en antena baixo a súa dirección. Nado en Madrid, Vicente permaneceu toda a súa vida vencellado á música: dende finais da década dos 70, durante a súa etapa como disc-jockey na sala Fontana, coincidindo co espertar do fenómeno cultural, artístico e musical da “movida”. Durante

dous lustros traballou en Hispavox, formando parte do departamento de promoción de radio, ademais de colaborar coa área de lanzamentos internacionais e na edición dalgúns series de coleccionistas. O seu bo oficio contribuíu ao lanzamento de grupos como Alaska y Los Pegamoides, Radio Futura, Nacha Pop e Los Secretos, entre outros. Precisamente estes últimos realizaron a súa primeira gravación con Vicente, baixo a produción de Juan Luís Izaguirre e que sería editada posteriormente por Polydor. Tras pechar ese período da súa vida, Ahumada exerceu a función directiva en Max Music, promovendo os sucesivos lanzamentos da serie Max Mix e a distribución no noso país de selos discográficos especializados en rock e pop dos anos 50, 60 e 70, como Ace ou Demon. Tamén colaborou con EMI a finais dos 90, na selección de “oldies” hispanos. Coleccionista irredento, Vicente contaba cun am-

plio repertorio discográfico, difícil de valorar e baseado especialmente en discos de vinilo da época. Pero sen dúbida, a maior achega de Ahumada foi o seu decisivo papel para difundir a figura de Elvis Presley, o “rei do rock”, a través do programa “Club Elvis” (primeiro en Cadena 100 e máis tarde en Rock & Gol), que contou cunha lexión de seguidores, tanto na radio coma nas redes sociais. Dez anos despois do seu pasamento, a súa lembranza permanece viva no panorama musical español, onde tivo moitos e grandes amigos, entre os que sempre destacou o incondicional Manolo Fernández, histórico locutor de Toma Uno (Radio 3). Como Vicente, todos dedicaron a súa vida profesional a trasladarnos o ambiente cultural da Americana Music, o xénero da música tradicional de Estados Unidos que ampara ao country, o bluegrass, o country alternativo e o rockabilly, con sede en Nashville.

Enrique Urquijo Prieto (1960-1999) e Vicente Ahumada Sanz (1948-2011) foron dous “gatos” adoptivos imprescindibles no Foro. Son un verdadeiro afortunado polo feito de que un día se cruzaran no meu camiño. Un ar de misticismo recubre aínda as paredes do Honky Tonk Bar, onde se mesturan os soños coa realidade e onde esta e outras historias dan paso á lenda (Gimme, gimme, gimme... The Honky Tonk Blues).



# Galván, para sempre en Saor

## FAÍSCAS QUE ESPALLA O VENTO



Raul Río

O pasado 17 de novembro finou en Romeán (Lugo) Darío Xohán Cabana, na casa que con tanto cariño restauraron el mais a súa inseparable compañeira Amelia Outeiro. Co seu pasamento perdemos un gran poeta, un gran novelista e un mellor amigo, pro deixounos o seu imprescindible legado literario e na compañía do señor Galván, que xa para sempre se quedará en Saor, buscando o Santo Grial por toda a Patria do mar; deixounos con Merlín en Lobar, nas terras de Miranda; con Fortunato de Trasmundi, porteiro da equipa a equipa de fútbol masculina de Cuspriediños de Riba, que acompañado de Crisóstomo Bocadouro, buscarán por toda a chaira novas fichaxes, cos que poder gañarlle á equipa feminina de Cuspriediños de Baixo e así poder declararlle o amor a súa capitana Hermelinda, amor que non quere declararlle mentres siga sendo derrotado deportivamente todos os anos por ela e a súa equipa; co rei García e o cervo na torre.

A súa vida literaria tivo moito que ver co gran Manuel María, pois cando so tiña dezasete anos, a principios de 1969, viaxa a Monforte convidado por el, e despois a viaxe repetíase a miúdo, xa que era o referente poético de Darío e o poeta de Outeiro consideráboo "afillado poético" como me ten contado nos nosos paseos ao longo da ría do Nervión, cando viña por Santurtzi, e foron tamén os seus padriños de voda el e mais Saleta.

Tiven o gusto de coñecelo a el, a súa dona e aos seus fillos (daquela nenos) nun Festival de Pardiñas, e despois, en xuño do 1981, atopámonos na sede de INTG de Lugo, onde traballaba de liberado. Falamos pausadamente dos problemas políticos da nosa terra e agasaloume co libro "Ábrelle a porta o día" que acababa de publicar, afirmando na dedicatoria que "maña haberá sitio para todos na Galicia que virá"

En 1983 deixa a INTG e consegue unha praza de garda municipal no Concello de Corcubión, onde axudou a crear o Batallón literario da



Costa da Morte para facer patria, sementar cultura e defender o idioma, ata que en 1987 consegue por oposición, unha praza de funcionario no Concello de Lugo e empeza a traballar no Auditorium Municipal. As dúas últimas veces que falei con el foi o 13 de novembro de 2010, cando Xermolos e a Irmandade Manuel María tiveron a feliz idea de homenaxealo dedicándolle o merecido "Hectómetro Literario" no Paseo dos Soños de Vilalba, e a derradeira foi o 14 de abril de 2011 no local da Real Academia Galega, na Coruña, na presentación do libro traducido por el, Os trobadores de Occitania.

Quezas sexa o escritor galego mais premiado de todos os tempos e xa con dezasete anos, en 1969, acadou o primeiro premio Breogán de contos, do Centro Galego de Barakaldo, co "Conto parvo en tres tempos e medio", sendo Gabriel Aresti membro do xurado, que logo lle di nunha carta, o 7 de maio de 1969, a Manuel María (quen tamén presentou o conto, "Carta a un amigo que vive no estranxeiro"), que gañara un "estudiante, del que me dicen que solo tiene quince años".

O 2 de xullo de 1995 emocionounos a todos os galegos e galegas emigrados que escoitamos o seu pregón do X Día de Galicia en Euskadi, que se celebrou ese ano no barrio bilbaíno de Txurdinaga, no que nos dixo, entre outras cousas:

"Meus señores e irmáns. Euskadi é ferro e industria, terra e grandes minerais; Euskadi é viaxe e aventura, mar de navegacións e pescarías. Na terra e no mar somos irmáns. Somos Irmáns nas vellas ferrerías das montañas do oriente de Galicia, somos irmáns nos fornos altos da ría do Nervión. Somos irmáns no bacallau e no bonito, no mar de Terra Nova, no Cantábrico noso e mais no mar do Gran Lin-

gado. Somos irmáns porque queremos...

Somos irmáns polo infortunio histórico de formar parte dun estado que esmaga as diferencias, que destrúe as nacións, que borra as linguas e que humilla os pobos. E somos irmáns nese combate pola razón e pola dignidade, pola xustiza e pola liberdade, que é o combate glorioso dos bos nacionalistas das nacións oprimidas...

Na nosa terra hai unha caste especial de imbéciles que loitan coma imbéciles que son contra o idioma galego. Eles, que son galegos de nación, odian o noso idioma nacional. Mais nós, os galegos bos e xenerosos, amamos tanto o noso idioma que tamén estimamos a lingua desta terra...

Amade esta terra marteirada, amade este pobo acolledor, afeito como nós a todos os camiños da terra e mais do mar. Amar Euskalerria é outra forma de amar a vosa patria orixinal. No corazón dos homes e as mulleres collen moitos amores, e non se estorban mutuamente, senón que se aguilloan e potencian. Amade Euskadi e sede tamén vascos; porque se vós, galegos de nación, sodes bos vascos de adopción, seredes mais ricos e mais nobres e mellores galegos. Viva Galiza Ceibe! Gora Euskadi Askatuta!"

Todo un emocionante canto de amizade e fraternidade entre dúas patrias negadas pola ignorancia e a arrogancia dos supremacistas deste imperio centralista.

Que a terra da nosa Patria do mar que tanto amaba lle sexa leve e desde esta Euskadi quixera facerlles chegar o meu mais sentido pésame a súa compañeira Amelia e aos seus fillos Alexandra e Martiño por esta perda irreversible que quedará sempre na nosa memoria. Agur eta ohore, amigo Darío.

## a elección de...



Joaquín Martínez, Kini  
Coordinador do Vilalba FS

un libro



Cortita y al pié  
de Carlos Lago Peñas

un disco



Calquera de Zeni N

unha película




Salvaje

un personaxe histórico



Julio César

un lugar para visitar



San Sebastián

unha afección



Desfrutar do tempo libre con familia ou amigos

unha comida



Percebes

unha bebida



Unha copa de Viyuela ou un Nestea

Consulta os eventos en:  
[www.terrachaxa.com](http://www.terrachaxa.com)

**TAHONA CURRAS**

ROSEÓN DE PASCUA

¡ Haz tus encargos ! San Roque 3. 982510062  
Novo Cazón 12. 620417383 ¡ Felices fiestas !

**José Seoane Álvarez - Servicios Agrícolas**

Transformaciones agrarias  
Desbroces y plantaciones de montes  
Servicio de podas

San Lorenzo de Árbol, 13. 27800 Vilalba. Tels.: 608 306 746 - 679 955 138

SERVICIOS AGROFORESTALES

**SEOANE**



## DESCUBRINDO O PATRIMONIO

# A tradición gastronómica de Nadal

Os exemplares de Capón de Vilalba véndense na feira que se celebra antes da noiteboa, que este ano será o 21 de decembro

O Capón de Vilalba ten fama e renome dentro e fóra de Galicia tanto é así que os amantes da gastronomía da antigüidade, xa coñecían as características da carne de capón, segundo os historiadores e Aristóteles, gran pensador, filósofo e estudioso das ciencias naturais, xa escribía na súa Historia Animalum sobre a arte da preparación do capón e a exquisitez da súa carne.

Na literatura galega tamén hai referencias, así temos El Eco de Vilalba de Manuel Mato Vizoso, 1908; Cocina Gallega de Álvaro Cunqueiro, 1987... por citar os máis importantes.

Todo comeza coa selección en orixe dos mellores machos dispoñibles para crialos como capóns. Cando teñen entre 1 e 1,5 kg. de peso, que correspondería cunha idade de entre 45-60 días, son castrados cirurxicamente. Unha vez capados, déixanse repousar uns días na corte, sen saír ó campo, para que poidan recuperar a ferida. A castración e os días posteriores son un dos momentos máis críticos do proceso de cría, onde o manexo do xa capón é fundamental. Máis ou menos unha semana despois de castrarse, xa poden saír ó aire libre, e comezar o proceso de engorde.

A lexislación comunitaria dinos que se entende por capón: polo macho castrado cirurxicamente antes de ter acadado a madurez sexual e sacrificado a unha idade mínima de 150 días, unha vez castrados deberán pasar un período



mínimo de engorde de 77 días. Os capóns críanse ó aire libre, cunha alimentación natural a base de cereais. Teñen zonas de campo á súa disposición para que a súa crianza se leve a cabo da maneira máis natural.

**FEIRA.** A Feira do Capón de Vilalba pode ter máis de 200 anos de antigüidade, pois nos libros do Concello de Vilalba, aparecen anotacións da Feira do ano 1835.

Tradicionalmente, celebrábase na praza de Santa María, onde se poñían á venda aproximadamente 1.000 pares de capóns. Hoxe en día, a Feira trasladouse a un recinto cuberto. Nas semanas previas á Feira, faise un control dos capóns, onde se comproba o estado hixiénico-sanitario dos animais, observase a porcentaxe de rexeneracións e por último, actualízase o censo, anotando as posibles baixas que houbera.



Para a súa comercialización, o capón prepárase dun xeito moi especial. No interior do animal, colócase un pao pequeno de abeieira, para manter o lombo o máis recto posible, o que facilita a posterior da graxa. A continuación, dóbranse as ás, dirixindo a súa punta cara arriba, de xeito que queden pousadas sobre o lombo. Por último, colócase a graxa ou ensunlla tamén sobre as costas, ós dous lados, suxeita cun paíño.

Esta graxa é mostra da calidade do engorde dos capóns. Despois déixase arrefriar ata que os músculos adquiren a suficiente rixidez. O último paso na presentación é a colocación das aves en cestas de vimbio cun recheo de palla e cubertas cun pano branco. É sobre estes panos é onde se colocan os exemplares, coas cabezas cara o centro da cesta e as patas cara fóra, quedando así listo para a venda.



Arriba, imaxes de capóns na feira de Vilalba e, abaixo, un criadeiro e un detalle do distintivo do capón vilalbés



# CAP

## TODOS LOS MESES

## Formación Bonificada

- Curso obtención Tarjeta Profesional de la Construcción
- Curso Operador de Carretillas
- Curso Manipulador de Alimentos

## Cursos y Certificados

- Curso Fitosanitarios
- Curso Bienestar Animal
- Cursos sector eólico, sector telecomunicaciones
- Curso sector Maderista



formación integral de empresas

Pol. Sete Pontes - Rúa do Acivro, 59 Vilalba, Lugo  
 alfonso@grupoforma-t.es - www.grupoforma-t.es  
 Telf.: 982 51 36 05